



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 53

Sesión plenaria
26 de outubro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-4IDZQqDx-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Mocións

1.1 23176 (11/MOC-000061)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a defensa dos ecosistemas fluviais de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación nº 21329, publicada no BOPG nº 199, do 16.9.2021, e debatida na sesión plenaria do 28.9.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 210, do 06.10.2021

1.2 23242 (11/MOC-000062)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego (Moción consecuencia da Interpelación nº 21014, publicada no BOPG nº 199, do 16.09.2021, e debatida na sesión plenaria do 28.09.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 210, do 06.10.2021

1.3 23252 (11/MOC-000063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa vivenda protexida (Moción a consecuencia da Interpelación nº 11740, publicada no BOPG nº 105, do 03.03.2021, e debatida na sesión plenaria do 28.09.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 210, do 06.10.2021

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 17027 (11/PNP-001663)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha defensa, ante a Unión Europea e a Organización Mundial do Comercio, para frear a proposta de prohibir determinadas subvencións á pesca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

2.2 22515 (11/PNP-002040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito ao aborto no Sistema público de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021



2.3 22845 (11/PNP-002065)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis**

Sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP-9

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 206, do 29.09.2021

2.4 22990 (11/PNP-002077)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a reversión ao sistema público da titularidade e xestión do servizo de transporte sanitario terrestre e a mellora das condicións do seu persoal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 210, do 06.10.2021

2.5 23379 (11/PNP-002111)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar o Servizo Público de Emprego e impulsar políticas activas de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 213, do 15.10.2021

2.6 23387 (11/PNP-002112)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e trece deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co Expediente de Regulación de Emprego da fábrica de Vestas en Viveiro e coa transición enerxética

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 213, do 15.10.2021

Punto 3. Interpelacións**3.1 22101 (11/INT-001176)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaoti deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de xestión do ciclo da auga

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 202, do 22.09.2021

3.2 22563 (11/INT-001198)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021



3.3 23463 (11/INT-001237)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política do Goberno galego respecto da transparencia informativa da situación sanitaria dos centros de atención residencial para persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 213, do 15.10.2021

Punto 4. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**4.1 23842 (11/POPX-000043)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a rectificación das políticas de axuste aplicadas dende a anterior crise para impulsar a reactivación de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021

4.2 23843 (11/POPX-000044)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a proposta da Xunta para que Galicia teña un financiamento xusto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021

Punto 5. Preguntas ao Goberno**5.1 23841 (11/PUP-000211)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a condena por parte do Goberno galego das manifestacións machistas do alcalde de Vilanova de Arousa dirixidas á presidenta da Deputación de Pontevedra

5.2 23173 (11/POP-003364)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas para previr as verteduras nos ríos Asneiro e Deza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 210, do 06.10.2021

5.3 23820 (11/PUP-000209)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o 2022 no que atinxe ás partidas destinadas a infraestruturas viarias e ferroviarias en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021



5.4 22483 (11/POP-003300)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e catro deputados/as máis**

Sobre a cobertura da praza da traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021

5.5 22300 (11/POP-003284)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e tres deputados/as máis**

Sobre a folga dos traballadores da empresa Imerys Kiln Furniture, na Guarda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021

5.6 23148 (11/POP-003358)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre a situación da fábrica de Alu Ibérica na Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 210, do 06.10.2021

5.7 23831 (11/PUP-000210)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas para reactivar as terapias destinadas ás crianzas con diversidade funcional do centro San Rafael de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021

5.8 19543 (11/POP-002741)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e seis deputados/as máis**

Sobre as previsións do impacto que terá a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia en cada un dos eixes sobre os que actúa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 180, do 04.08.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dezanove minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada D^a Rosana Pérez Fernández (BNG). (Páx. 11.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a defensa dos ecosistemas fluviais de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 11.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 11.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 14.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Díaz Mouteira (P). (Páx. 17.)

O señor Arangüena Fernández (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 21.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Queixas Zas (BNG) (Páx. 26.) e Sr. Ferro Iglesias (P). (Páx. 30.)

Nova intervención da señora Díaz Varela (S). (Páx. 33.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa vivenda protexida. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Otero Lago (S) (Páx. 37.) e Sra. Freire Vázquez (P). (Páx. 40.)

Nova intervención da señora Fernández Gómez (BNG). (Páx. 44.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a defensa dos ecosistemas fluviais de Galicia: rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 46.)



Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx.) 47.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa vivenda protexida: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional relativa ás consideracións que fai o Parlamento de Galicia ante as afirmacións contidas nunha resolución xudicial do Xulgado de Primeira Instancia de Marbella, na que se denomina «Galicia profunda» unha vila galega e se atribúen limitacións á felicidade e ao desenvolvemento integral dunha persoa para vivir nela, que é aprobada por asentimento. (Páx. 47.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha defensa, ante a Unión Europea e a Organización Mundial do Comercio, para frear a proposta de prohibir determinadas subvencións á pesca. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 48.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. González Iglesias (BNG).* (Páx. 55.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 57.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito ao aborto no Sistema público de saúde. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 59.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 62.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 65.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 67.)

Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP-9. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 72.) e *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 74.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 77.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a reversión ao sistema público da titularidade e xestión do servizo de transporte sanitario terrestre e a mellora das condicións do seu persoal. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 82.) e *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 85.)

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 88.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar o Servizo Público de Emprego e impulsar políticas activas de emprego. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Pérez López (BNG)* (Páx. 93.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 96.)

Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 99.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co expediente de regulación de emprego da fábrica de Vestas, en Viveiro, e coa transición enerxética

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 101.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 102.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* e *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 105.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 111.)



Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha defensa, ante a Unión Europea e a Organización Mundial do Comercio, para frear a proposta de prohibir determinadas subvencións á pesca: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito ao aborto no Sistema público de saúde: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as, sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP-9: *rexeitada por 18 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 114)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a reversión ao sistema público da titularidade e xestión do servizo de transporte sanitario terrestre e a mellora das condicións do seu persoal: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar o Servizo Público de Emprego e impulsar políticas activas de emprego: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 115.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co expediente de regulación de emprego da fábrica de Vestas, en Viveiro, e coa transición enerxética: *aprobada por 57 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 115.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración na orde do día, que xa fora comunicada. (Páx. 115.)

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego respecto da transparencia informativa da situación sanitaria dos centros de atención residencial para persoas maiores. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 116.)



Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 119.)

Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 123.)

Suspéndese a sesión ás sete e quince minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e dezanove minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Imos pasar ao seguinte pleno, que é xa un pleno ordinario.

E, neste caso, xustificou a súa inasistencia dona Rosana Pérez Fernández.

Comezamos co punto 1 da orde do día, mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a defensa dos ecosistemas fluviais de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Engadir dous novos puntos co seguinte texto:

<<3. Vele polo cumprimento e desenvolvemento da Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.

4. Demande do goberno do Estado a xestión coordinada das bacías hidrográficas de competencia estatal, como paso previo á negociación da transferencia deste ámbito.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, no pleno deste Parlamento celebrado hai catro semanas o Grupo Parlamentario Socialista votou a favor e o PP votou en contra da creación dunha comisión de investigación sobre o baleirado de encoros. A xustificación para ese voto inxustificable —segundo a voceira do PP— é que onde ten que formarse esa comisión de investigación é no Parlamento do Estado. Pero vostedes saben que é perfectamente compatible formar unha comisión de investigación no Congreso e formalala tamén no Parlamento de Galicia, se fora o caso. E saben tamén que estamos falando de catro embalses situados en Galicia, en ríos galegos, e respecto dos cales a propia Xunta de Galicia abriu expedientes sancionadores, aínda que fose por importes ridículos. E por iso que nos digan neste Parlamento —como fixeron hai ben pouco— que onde hai que abrir unha comisión de investigación é no Congreso é unha tomadura de pelo máis a Galicia, porque votar non a unha comisión de investigación, despois de dicir, como dixo o señor Feijóo en rolda de prensa, que o baleirado de encoros deste verán é unha irresponsabilidade de enorme transcendencia ecolóxica, un disparate que non vira algo igual nos seus doce anos de goberno, é incomprendible se se ten un mínimo sentido do decoro



político. Non se poden dicir estas cousas tan tremendas que dixo o señor Feijóo e dicir, como dixo a conselleira, que hai convivencia entre o Estado e as eléctricas, e logo non facilitar coa súa maioría parlamentaria unha comisión de investigación respecto deses mesmos feitos, que é o que fixeron vostedes co seu voto.

E na mesma liña, resulta dun cinismo insoportable todo o que dixeron o señor Feijóo e a conselleira de Medio Ambiente sobre este tema, cando dentro das amplas competencias medioambientais da Xunta está a protección dos ecosistemas fluviais, que teñen unha importancia ecolóxica enorme, recoñecida polo Goberno de Emilio Pérez Touriño coa promulgación da Lei 5/2006, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos; unha lei lamentablemente omitida e incumprida sistematicamente en canto aos seus principios e en canto ás súas obrigas concretas desde hai quince anos polo Goberno do Partido Popular. Ademais, os ríos de Galicia —como levo repetíndolles neste Parlamento en reiteradas ocasións— caen baixo o réxime preventivo e sancionador, non dunha, senón de tres leis autonómicas galegas, cousa que parece que descoñece a señora conselleira que, en vista da súa intervención nesta Cámara hai escasas semanas, se diría que non se molestou nin en consultar a lexislación do seu departamento. Iso si, non falta nunca na súa axenda unha fotiño no Día dos Humidais, unha fotiño no Día da Auga, unha fotiño no Día do Medio Ambiente e unhas declaracións para dicir que que bonita é Galicia e que bonitos son os peixes; que bonitos os paxaros, as flores, os ríos, que verde todo e que verde é o PP de Galicia. Se en troques de verde é gris —como realmente é—, pois non importa porque o pintamos de verde e listo. ¡Pura propaganda verde!

O último descubrimento dos propagandistas da Xunta en materia de propaganda pseudo-verde é o rolo este do «fermosismo». Onte mesmo díciulle eu á conselleira de Medio Ambiente na Comisión de orzamentos que a nós nos gusta moito Galicia, amamos Galicia e parécenos moi fermosa no seu estado natural. O problema é que a expresión «feísmo» se inventou en Galicia non por casualidade, senón por causalidade, porque é unha característica definitoria da deterioración da nosa paisaxe, do noso urbanismo, do noso medio; contra o cal vostedes permiten, amparan e fomentan todo tipo de agresións. (*Aplausos.*) E esa distancia abismal entre a Galicia feliz da propaganda oficial que nos venden cada día e a Galicia real dos problemas do territorio e da cidadanía non se combate con neolingua ao estilo de George Orwell, como iso de chamarlle «valorización enerxética» á incineración de residuos, nin co seu denominado «Proxecto Mil ríos», denominado e tan publicitado. Onte mesmo a conselleira nos contaba que ese Proxecto Mil ríos vai estenderse a 17 ríos; entón, non serán 1.000, serán 17; pero en abril deste ano dicía que eran 4. Unha ensalada de datos e cifras sen rigor que unicamente serven para falsificar a realidade de que os ríos —os nosos ríos— están desprotexidos e en constante deterioración, en constante e crecente deterioración.

E a realidade é a do episodio dos puríns deste verán no Tambre, que foi a máis mediática, pero houbo moitos máis episodios de contaminación en tantos ríos e rías de Galicia. Ou a contaminación do Deza, por poñer outro exemplo, con 5 episodios este verán que reproducen os que veñen tendo lugar desde hai décadas. E o señor Feijóo na última sesión de control deste Parlamento —non na última, hai tres ou catro— tivo a desfachatez e o descaro de dicir literalmente que a ría de Vigo está completamente saneada. Pero resulta que, segundo os seus propios datos, a ría de Vigo ten 209 puntos de vertedura, dos cales 23 son puntos ne-



gros. Dixo tamén literalmente que «a ría de Arousa está case saneada» —esta xa non é que estea completamente saneada, como a de Vigo na propaganda oficial, senón que está case saneada—, cando, segundo os seus datos, ten 444 puntos de vertedura, dos cales 56 son puntos negros. Ese é o nivel das trolas que nos conta o señor Feijóo neste Parlamento, e o nivel da distancia sideral entre a Galicia feliz da propaganda oficial e a Galicia real.

E as declaracións e actuacións de dúas conselleiras e do señor Feijóo no tema do baleirado de encoros da Confederación Hidrográfica amosan un nivel de falsidade, irresponsabilidade e escapismo impropios dun goberno democrático. E xa dixen aquí —e reitéroo— que roza a prevaricación, se non incorre directamente nela, porque despois de culpar —para variar— o Goberno central e de que o señor Feijóo dixese en rolda de prensa o 2 de setembro que a Xunta non fora informada polas empresas eléctricas, o 3 de setembro publícanse os correos de Iberdrola —dous correos de Iberdrola— do 10 de xuño e 12 de xullo que demostran fehacientemente que o señor Feijóo lle mentiu a Galicia unha vez máis, e para variar. E a mentira en democracia debería dar lugar a responsabilidades, pero ao señor Feijóo dálle igual todo desde que negou a súa amizade cun coñecido narcotraficante e lle saíu ben unha xogada que, en sociedades con máis tradición democrática que a nosa, tería dado lugar ao fin da súa carreira política.

A pesar de ser informado por partida dobre por Iberdrola e pola Confederación Hidrográfica, o Goberno galego tardou setenta días en iniciar catro expedientes sancionadores polo ridículo importe de 25.000 euros cada un. Pero aínda hoxe, 135 días despois da primeira comunicación de Iberdrola, non determinaron vostedes as medidas preventivas legalmente establecidas e obrigatorias polo Regulamento de pesca de Galicia, que obriga a Xunta a dicirlles ás eléctricas que medidas teñen que adoptar para evitar danos. Pasaron 135 días e a Xunta non fixo nada, agás abrir catro expedientes ridículos a empresas que, como no caso de Iberdrola, teñen un beneficio de 3.610 millóns no ano 2020; 50.000 euros en total para unha empresa como Iberdrola que gaña nun ano 3.610 millóns, e á que lle dá directamente a risa coa súa sanción.

E cando se lles critica pola ridiculez dese importe e cando se lles critica porque baixaron vostedes este ano o importe da sanción por baleirado de encoros nun 95 % coa modificación da Lei de pesca de Galicia, vostedes non responden ou falan do malvado Goberno progresista do Estado, para variar. Ese mesmo que, por certo, se enfrontou ás eléctricas do xeito que o fixo recentemente. Ou din que poderían sancionar por 2 millóns, pero non sancionan nin inician expediente sancionador porque o que iniciaron foi por importe de 25.000 euros. E se inician expediente pola Lei de pesca e por importe de 25.000 euros, non poden facelo pola Lei de patrimonio natural e por importe de 2 millóns, porque o noso sistema xurídico —como debería saber a conselleira— non o permite xa que hai un principio básico do dereito que se chama *non bis in idem*, que significa que non poden sancionarse os mesmos feitos dúas veces. E vostedes optaron pola sanción máis pequena antes de darse conta de que poderían impoñer unha sanción máis grande, un exemplo de máxima incompetencia; un ridículo espantoso para unha administración que ten medios e funcionarios preparados, pero que mete a pata ata a cintura en prexuízo do medio ambiente e en beneficio do señor Galán, (*Aplausos.*) o amigo do señor Feijóo que lle deu a famosa aberta da foto do ano 2009.



E non pedimos na nosa moción cousas extraordinarias nin que a Xunta non poida perfectamente asumir; de feito, debe asumir. Concretamente, pedímoslle que, un: defenda os ecosistemas fluviais de Galicia aplicando coa máxima dilixencia en toda a súa amplitude as competencias derivadas da normativa autonómica, incluíndo a adopción das medidas preventivas necesarias para protexer o medio de calquera agresión, e a imposición das sancións máis elevadas que procedan; e que elabore un inventario do estado ecolóxico dos ríos e encoros da nosa comunidade, en colaboración coas universidades e coas entidades comprometidas coa preservación do medio fluvial, que se actualice, como mínimo, anualmente e sexa publicamente accesible.

Por tanto, pedimos que se protexan, efectivamente, os ríos de Galicia aplicando en toda a súa extensión a lexislación vixente; que, por certo, para iso está, aínda que vostedes parezan descoñecelo. ¿Van votar vostedes en contra? Se o fan, estarán recoñecendo neste Parlamento que os ríos de Galicia e o medio ambiente de Galicia lles importan un pito.

Nada máis. Seguiremos despois. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Fíxense nesta fotografía *(O señor Bará Torres amósalle á Cámara un documento.)* —bueno, non é unha fotografía, é unha imaxe— que ten como titular «Os principais problemas dos ríos galegos». Se puidesen observala desde máis cerca, verían que aquí aparece, por exemplo, o encoro das Forcadas, con niveis altos de fósforo, zinc e fitoplancto; o río Castro, con verteduras de chumbo e mercurio; o Tambre, mercurio; o Umia, mercurio; o Lérez, chumbo; o río Ouro, estaño; o Eume, fósforo e cromo; o Sar... En fin, unha longa lista de ríos contaminados en Galiza e con contaminación química, contaminación de metais pesados, con graves problemas ambientais.

O problema é que nesta imaxe hai algunhas anomalías. A primeira é, desde logo, a contaminación en si —que é un grave problema ambiental—; e a segunda é que —se se fixan— aquí faltan as tres cuartas partes do territorio galego, porque só aparece, cando se fala de contaminación dos ríos galegos, a contaminación de Galicia-Costa, que é sobre a que ten competencia a Xunta de Galiza; e desaparecen as tres cuartas partes do país, que non existen. Esta é a realidade da anomalía que temos, coa división de competencias entre a Xunta e o Estado, porque a maior parte do país está baixo a dependencia, baixo a tutela, baixo o control e baixo a responsabilidade do Estado. *(Aplausos.)* Así funciona esta cuestión.

E, claro, temos varios problemas —gustaríame destacar dous— a respecto desta cuestión. O primeiro problema é, efectivamente, este de falta de competencias sobre unha parte importante do territorio, pero o problema principal para min é o da incompetencia, o da inca-



pacidade manifesta da Xunta de Galiza para resolver os grandes problemas que teñen os ríos galegos, como se pon de manifesto cos datos, que son datos oficiais de Augas de Galiza, que despois detallarei.

E, claro, non é só un problema de falta de incompetencia por non ter as competencias, é tamén porque hai unha división de competencias no Goberno galego que impide xestionar adecuadamente esta cuestión. (*Aplausos.*) Porque, por unha parte, está a man de Augas de Galiza; por outra parte, está a man de Medio Ambiente; e unha man non sabe o que fai a outra. Así é como funciona este goberno. Xa non sei se chamarlle bigoberno ou Bipartito, porque, póñanse de acordo as dúas consellerías para resolver estes problemas que teñen de xestión.

E claro, habería que facerse moitas preguntas a respecto deste tema, ¿non? ¿Por que pasa isto? Porque non é un problema que chova do ceo, aínda que a auga veña do ceo, é un problema do que a responsabilidade non é tampouco do Bipartito, daquel famoso Bipartito, do outro Bipartito, do que estivo gobernando en Galiza durante tres anos e medio; é do goberno que leva doce anos seguidos gobernando sobre esta materia e que foi incapaz de resolver todos estes problemas. É do Partido Popular, da Xunta do Partido Popular, por tres razóns fundamentalmente.

A primeira polo incumprimento flagrante da Lei dos ríos galegos —que teño que corrixir o señor Arangüena—, que non é unha lei do señor Pérez Touriño. Foi a primeira lei de iniciativa lexislativa popular aprobada neste Parlamento; por iniciativa lexislativa popular, non por iniciativa do Goberno. (*Aplausos.*) O mérito é da xente que se mobilizou, que se organizou para aprobar esta lei, que foi sistematicamente gardada nun caixón e incumplida polo Goberno da Xunta do Partido Popular. Isto é unha cuestión moi grave porque era unha lei que prevía cuestións como a protección integral dos ecosistemas fluviais, medidas de saneamento integral dos cursos da auga ou a participación cidadá nas políticas da auga. Por certo, como marca a Directiva marco da auga e tamén a nova cultura da auga.

Segunda causa. Vostedes primaron o espolio dos recursos para diversos aproveitamentos, sobre todo hidroeléctricos, coa minihidráulica predominante en Galicia-Costa, e a gran hidráulica, os grandes encoros na bacía do Miño-Sil, que é unha cuestión herdada do franquismo, pero que vostedes manteñen, incluso evitando entrar —digo eu, neste caso— en responsabilidades —tamén do Goberno central sobre todo—, no rescate e na recuperación das concesións que van caducando.

E temos, por exemplo, datos contundentes aquí como eses 4.000 millóns de euros de beneficios das grandes eléctricas, desas compañías das portas xiratorias e dos abrazos, que tanto nos custan, mentres deixan unha absoluta desertización, despoboación e declive desas zonas que se poderían beneficiar, en todo caso, e non o fan por este espolio.

E, en terceiro lugar, pola incapacidade da Xunta para atallar as principais causas da contaminación, que son basicamente:

Un. As verteduras agrogandeiras. Citei antes o caso das Forcadas, podía citar o caso do encoro do Umia, podíamos citar tamén o caso recente do Tambre, ¿non? e podíamos citar, en fin, o



caso de Curtis, o caso do Deza e multitude de casos que hai en ríos galegos por este problema que non se dá controlado e atallado, e é responsabilidade da Xunta facelo.

En segundo lugar, por verteduras de actividades mineiras. Miren, voulles ler un titular recente da prensa (*O señor Bará Torres amosa un documento.*): as verteduras da mina de Varilongo superan 325 veces —325 veces— o limiar de cadmio permitido; os niveis de cobre son 145 veces maiores que os máximos legais aceptados; e os de cinc, de 100 veces máis.

Esta é a realidade dos ríos galegos. Podíamos falar tamén dos ríos contaminados pola mina de Touro. Podíamos falar, en fin, tamén de moitos outros ríos que están sendo contaminados, por exemplo, pola mina de San Fins. Por certo, falei de Varilongo, e saben que hai unha xudicialización deste caso, desta mina, pola apertura no ano 2011, sen contar co procedemento de avaliación ambiental, e están imputados dous altos cargos da Xunta e un terceiro está protexido baixo este Parlamento.

E temos, en fin, tamén verteduras por actividades industriais. Está aí o caso de Furelos, que coñece ben a conselleira de Medio Ambiente, pero non é quen de resolver no seu concello, ¿non? Ou as verteduras urbanas polo mal funcionamento do sistema de saneamento e depuración. E agora a Xunta teima en botarlles a culpa aos concellos, cando é unha materia sobre a que ten responsabilidades directas. Aí están os casos escandalosos e alarmantes, como un que temos aquí ben cerca, o do río Sar, que é un dos ríos máis contaminados de Galiza; o río Sar, en pleno corazón de Galiza, en pleno corazón da capital de Galiza. Ou o caso tamén escandaloso do río Barbaña... (*O señor Bará Torres amosa un documento.*) Teño aquí tamén algunha noticia recente de prensa —isto soaralle á señora Marta Nóvoa—: «Multa dun millón de euros ao Concello de San Cibrao por vertidos ao Barbaña». Máis de setenta denuncias por verteduras a este río, que é un auténtico sumidoiro a ceo aberto, co consentimento e coa permisividade da Confederación hidrográfica do Goberno do Estado e tamén dos concellos polos que pasa o río; (*Aplausos.*) e non se move un dedo para resolver estes problemas. É así, señora Nóvoa. Están aquí os datos.

En fin, imos aos datos. Porque, claro, eu podía estar aquí inventando noticias, ¿non? —que son noticias dos medios de comunicación, podían non ser certas—, pero imos aos datos de Augas de Galicia, que ten un sistema, por certo, de seguimento, de control —fala a moción do PSOE desta cuestión, existe este sistema—. Fíxense, o 22 % dos ríos e encoros galegos —e referímonos só a Galicia-Costa— suspende os requisitos ambientais da Unión Europea. É dicir, 108 treitos de ríos, encoros ou zonas costeiras non cumpren os obxectivos ambientais que se tiñan que cumprir en 2015, que se tiñan que cumprir en 2021 e que non se cumpren, e agora hai que adiar o cumprimento sete anos máis. Isto é fundamentalmente, no que ten que ver con Galicia-Costa, responsabilidade da Xunta de Galiza. Pero o problema é que non melloramos, o problema é que xa estabamos nesta situación ou incluso con menos verteduras e menos treitos contaminados no ano 2017 e 2018. Fomos a peor ou estamos igual. ¿Para que temos un goberno, señoras e señores do Partido Popular, se non resolven estas cuestións? E botaranlles a culpa tamén aos concellos disto, claro, porque agora é a moda: a culpa da auga é dos concellos.

O mesmo poderíamos dicir das rías. Vostedes presumen de que investiron máis de 1.100 millóns de euros no saneamento, en obras de depuración. Entón, ¿por que temos máis de 1.500



verteduras nas rías galegas e temos a ría de Arousa, que é a máis produtiva de Galiza e que é a máis contaminada de Galiza? ¿Como se explica isto? Isto é a súa responsabilidade.

En fin, que creo que teñen que ir cambiando a publicidade da Xunta, e en vez de vender esa publicidade da Xunta de Galicia verde —verde eucalipto—, van ter que vender a Galicia marrón, con arume, —que non é arpado—, a Galiza marrón dos ríos e das rías contaminadas.

E para rematar, unha pequena referencia ao tema do baleirado de encoros e competencias hidráulicas, que foi un auténtico escándalo. Está claro que vostedes vetaron a comisión de investigación neste Parlamento e dixeron que fixeran todo ben. Pero, se fixeron todo ben, ¿que problema teñen en que se investigue, en que se coñeza todo o que pasou aquí? Que, por certo, é responsabilidade dos dous gobernos: da Xunta, por suposto, porque non o atallou cando podía facelo e tiña coñecemento deses feitos, dos baleirados, e non o fixo; e tamén do Goberno central, por suposto, da Confederación, porque non moveu un dedo para evitar esta situación. *(Aplausos.)*

Sobre competencias hidráulicas, para rematar. Presentamos unha emenda para crear unha situación transitoria porque sabemos que, neste momento, posiblemente é difícil chegar á transferencia das competencias sobre as bacías hidrográficas Miño-Sil, Limia-Támega, que non son de responsabilidade neste momento de Galiza, porque son intercomunitarias ou internacionais. Pois ben, a solución está nesa lei, precisamente, dos ríos galegos do ano 2006, de iniciativa legislativa popular, que na súa disposición transitoria segunda di: «Mentres o Estado posúa as competencias en materia de planificación hidrolóxica nas bacías dos sistemas Miño-Sil e Limia e Támega, a Xunta de Galiza xestionará a súa participación como parte integrante no comité de autoridades competentes nas citadas bacías, en función do peso específico que no citado comité lle deba corresponder a Galiza». Claro, se temos o 90 % da bacía hidrográfica de Miño-Sil, o lóxico é que teñamos aí a máxima participación, a máxima capacidade de decisión e a máxima capacidade para decidir o que se fai co diñeiro que se inviste, por exemplo, nesta bacía.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Remato.

Como dixen antes, non é só un problema de competencias, é un problema de incompetencia, de incapacidade manifesta, de desleixo para darlle unha solución ao mal estado dos ríos galegos, e é algo que pagan os ríos, que pagan os ecosistemas e que pagamos todos os galegos e galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Díaz Mouteira.



A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Iniciamos esta sesión con esta moción, resultado da interpelación sobre a política da Xunta en relación coa xestión dos encoros.

Señorías, realmente, despois da lectura da moción presentada polo Grupo Socialista, pois non sei que deducen vostedes, non sei que lles pode vir á cabeza, pero, realmente, esta cuestión foi obxecto de pregunta en pleno o 14 de setembro, e en Comisión 7ª, o 15 de setembro, a pesar do ton e das expresións pouco afortunadas do señor Arangüena. A conselleira de Medio Ambiente foi absolutamente clara á hora de explicarse, dando cumprida e fundamentada resposta á súa intervención, sobre todo, escapista e desnortada sobre a xestión dos encoros.

Miren, a verdade é que, cando lin a súa moción, orientei a intervención cara a outro lado porque me parecía que, centrándome na protección dos ecosistemas, lles quedara claro cal era a responsabilidade do baleirado dos encoros. ¿A responsabilidade de quen, señoría?, porque levamos falando disto dende o mes de xullo e agosto, e é algo que nos preocupa e nos ocupa. ¿Responsabilidade de quen no baleirado inxustificable e responsable dos encoros? ¿Responsabilidade de quen na drástica e anormal baixada dos encoros pertencentes á demarcación Miño-Sil, de competencia estatal? Cinismo insoportable é o seu, señor Arangüena, que esta cuestión xa non ten máis percorrido. E iso pese a que vostede quixo ir con esta moción derivando as cuestións ao enmarcado, dándolle un marcado carácter medioambiental, xa que creo que lle debía ter quedado medianamente clariño de quen foi a responsabilidade dese salvaxe baleirado, e deberon de ter tomado cartas no asunto.

¡Menos mal, señorías, que lles queda o Goberno central! Si, señorías. Molesta, señor Arangüena, que teña que vir a ministra de Transición Ecolóxica dicirlle de quen é a competencia coa normativa estatal, dicindo que o presidente da Confederación puido evitar o desembalse dos encoros.

Miren, medios de comunicación, 16 de setembro, e cito textualmente: «*El Gobierno reconoce ante la Xunta su responsabilidad en el vaciado de los embalses*» —«*reconoce*»—. Perdeu vostede toda a credibilidade, por iso hoxe xa falou menos de responsabilidade e falou menos de xestión, pero o caso é que de algo había que seguir falando.

Enrocouse vostede, señor Arangüena, na defensa do señor Quiroga. Coa ofuscación e na procura de buscar xustificacións, non acadou e non leu ben o artigo 80.3 do Regulamento da Lei de pesca fluvial. Ata o mesmo señor Quiroga, na súa resposta ao Goberno galego, recoñeceu que a Confederación permite baleirados, que non aplicou o artigo 55 e que o Goberno vai reformar esta normativa.

Isto fai pensar que as cousas non estaban moi ben. ¡Miren se sabían de quen era a responsabilidade e miren quen lle toma o pelo a Galicia! (*Aplausos.*) Claro que o sabían, señor Arangüena, pero, como sempre, do que se trata é de facer barullo a ver se *cuela*. ¿Por que, se non,



o departamento da ministra Ribera andou rapidiño para publicar no BOE o Real decreto 17/2021, cambiando o artigo 55 para facer máis restritivos os baleirados? ¿Por que o secretario de Estado, Hugo Morán, fala dos danos ocasionados nos desembalses en Galicia comprometéndose a articular medios necesarios para que isto non volva repetirse? ¿Por que o secretario ten que facer esas declaracións se, segundo vostedes, a responsabilidade era de Galicia?

Desde este grupo parlamentario, o que cuestionamos —por non dicir denunciarnos e criticamos— é por que no seu momento non puxeron todo o seu empeño en sementar dúbidas na opinión pública, porque enlodaron a información. ¡Menuda incoherencia tería a Xunta de Galicia! ¿Vostedes miraron para os encoros de Galicia? A situación era de normalidade. ¿Por que os outros non ían estar igual?

Temos as declaracións da ministra, do secretario de Estado e da vicepresidenta primeira —sempre que as teñan en conta, claro, e non a desautoricen—, iso téñano en conta. E, por se fora pouco, no día de onte, chegou a resposta da Comisión Europea —e se non a ten, faréil-la chegar—, na que di: «*La Confederación Hidrográfica del Miño-Sil es la principal responsable de establecer las condiciones necesarias para el permiso en relación con el funcionamiento de los desembalses y la supervisión del cumplimiento de la normativa*». Señor Sinkevicius, en nome da Comisión Europea, creo que xa vai quedando máis claro.

O que si queda claro é que a Xunta de Galicia, dende o minuto un, vixiou estreitamente a evolución dos niveis de ocupación dos encoros. Axentes medioambientais dependentes da Consellería, señorías, desprazáronse ata os encoros, constatando as posibles afeccións sobre a flora e a fauna e houbo inspeccións de oficio, ordenadas por Patrimonio Natural, para comprobar eses posibles danos na biodiversidade. E estas inspeccións repetiránse todas as veces que sexan necesarias.

A Xunta de Galicia, señorías, dende o primeiro momento, puxo en evidencia a preocupación pola situación destes encoros. Buscou que se aclarasen as circunstancias. A Xunta de Galicia actuou dunha forma rápida, contundente e integral. O Goberno galego tomou medidas e abriu os expedientes que se están a tramitar, señor Arangüena. Parece mentira que fale vos-tede aquí de procedemento, se sabe os trámites que se seguen.

E, chegados a este punto, podemos empezar a encaixar ese contido da súa moción.

En canto ás accións, primeiro, está a lei; segundo, o traballo de campo, que confirmará a transcendencia das afeccións, que serán analizadas e estudadas. E dado que os expedientes están en tramitación, señorías, non se pode dar conta deles ata que se remate.

Instar a Xunta de Galicia á defensa dos ecosistemas fluviais. Pero ¿vostedes están de broma? Como non pode ser doutra maneira, a Consellería de Medio Ambiente exerce unha continua tutela sobre os ecosistemas fluviais de Galicia; unha tutela complementaria das competencias que exercen os órganos de cunca sobre a calidade dos recursos hídricos e a tutela do dominio público hidráulico.

De cando en vez, deberían acompañar, calquera de vostedes, señorías, os 165 axentes e 95 vixilantes que ten a Consellería, e comprobarían que realizan un labor continuo de vixilancia



do patrimonio natural de Galicia, incluíndo os ríos e os encoros. Polo que a dita tutela se está realizando de forma real e efectiva, xunto co reforzo da Policía Autonómica.

Neste momento, a situación dos encoros é similar á estival, dado que os aportes aínda non son suficientes para acadar a recuperación das cotas da primavera pasada. É de grande importancia — como vostede referiu — a comunicación das actuacións dese embalse. Claro que é importante. ¿Por que? Polo alto risco medioambiental que entrañan. Os desembalses tan rápidos e intensos ocasionan un alto nivel de estrés ás poboacións existentes nos encoros, tanto pola perda de espazo vital como pola alteración da calidade das augas. Así, esa obrigatoriedade da comunicación ao Servizo de Patrimonio Natural é fundamental, señorías, para tomar, claro que si, as medidas precautorias que correspondan en cada caso e, sobre todo, porque é un principio fundamental da normativa ambiental e da protección do patrimonio natural.

Cando falan da adopción de medidas preventivas, ¿saben do que estamos a falar? É necesario reforzar a coordinación entre administracións, señor Bará, claro que si, estar do lado dos concellos, coa Administración do Estado e traballar todos xuntos de cara á adopción de medidas precautorias de acordo coa normativa de aplicación, evitando situacións como as que hoxe nos traen aquí por cuarta ou quinta vez, como son os desembalses dos encoros de Galicia.

En canto ao estado ecolóxico dos ríos ou encoros, a Consellería de Medio Ambiente realiza periodicamente inventarios de flora e fauna, así como a actualización da cartografía dos hábitats galegos, incluíndo, por suposto, os fluviais.

O seguimento do estado ecolóxico dos ríos en cumprimento da Directiva hábitat compete aos organismos de cunca, señorías, segundo se establece nos plans hidrolóxicos. Segundo estes plans, realízanse controis periódicos da calidade físico-química da auga e da calidade biolóxica, que determinarán finalmente a clasificación final das masas. No próximo ciclo de planificación propónse a inclusión de novos indicadores, entre os que se encontrarían as poboacións piscícolas.

A situación dos embalses baleirados estabilizouse a finais de agosto, e estes mantéñense en niveis similares.

Determinada, polo tanto — e espero que definitivamente, señorías —, a responsabilidade, deixemos que os expedientes continúen a súa tramitación. E o único desexo deste grupo parlamentario é que non se teñan que traer a esta cámara feitos e acontecementos tan desafortunados que poñan en perigo unha das identidades máis grandes de Galicia, que é a súa auga.

Nada trae de novo a súa moción, señor Arangüena, respecto do que xa está a facer a Xunta de Galicia. En todo caso, se ten algunha dúbida do funcionamento ou da marcha dos expedientes tamén pode preguntarlle a Iberdrola, que teñen algún compañeiro que agora está por alí.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora Mouteira, mentres falaba vostede, estaba consultando unha información de hai un par de días ou de onte que di así: «*La Xunta tendrá que pagar un millón de euros en intereses por no responder a un aviso judicial que tenía en spam*». E, claro, se a Xunta manda ao spam os avisos xudiciais, ¿pois que non fará coas comunicacións de Iberdrola? É dicir, vostedes mandan todo ao spam. E se seguen por ese camiño pois acabarán mandando ao spam a Galicia enteira e, sobre todo, aos ríos de Galicia. *(Aplausos.)*

Eu acepto gustoso, en primeiro lugar, a corrección do señor Bará respecto desa iniciativa lexislativa popular, que, efectivamente, foi así, foi iniciativa lexislativa popular, e non do Goberno daquel momento. En todo caso, hai que cumprila. E iso é o que pedimos na nosa moción, que se cumpra toda a lexislación de Galicia.

A miña moción, señora Mouteira, non fala do baleirado de encoros, fala de protección dos ecosistemas fluviais. Vostede falou abundantemente do baleirado de encoros, e eu bastante menos.

Pero, en todo caso, sei ler bastante ben, e témome que sei interpretar a lei bastante mellor que a conselleira de «propaganda verde», sobre todo cando ese artigo 83 —que cita vostede— di o que di, e non necesita nin sequera ser interpretado porque a súa literalidade é moi clara. É a Xunta quen ten que adoptar e dicirlles ás empresas hidroeléctricas as medidas que teñen que adoptar. Pero —insisto— hai outras tres leis que lles permiten a vostedes adoptar medidas preventivas, e permítenlles tamén sancionar.

Vostede di que o expediente está en curso. Mire: o expediente propón literalmente unha multa de 3.000 a 25.000 euros, non de dous millóns. Lea vostede o expediente sancionador, e verá que pon iso, non pon dous millóns de euros. Polo tanto, dígolles que escolleron a sanción máis pequena e que van ter que averse a esa sanción máis pequena. Xa o veremos no seu momento.

En todo caso, dicía na miña primeira intervención que non pedimos cousas extraordinarias, simplemente pedimos que a Xunta protexa e defenda os ríos de Galicia, os ecosistemas que conforman, aplicando en toda a súa extensión e intensidade a lexislación vixente; tamén que elabore un inventario anual, actualizado, público, etc., do estado ecolóxico dos nosos ríos; cumprimento da lexislación, control dese incumprimento e coñecemento desa situación para poder cumprir e controlar.

¿A que se opoñen vostedes exactamente?, ¿a cumprir a lexislación? Eu xa sei que vostedes incumpren a lexislación cada día, que a trampean e que a excepciónan. E cando non poden



facelo, cámbiana ou desvirtuana. Pero votar en contra desta proposición é un recoñecemento explícito de que vostedes non queren cumprir nin as propias leis que promulgan. Porque reitero, unha vez máis, que hai tres leis autonómicas que os obrigan a actuar se hai indicio de dano medioambiental. Se falamos do baleirado de encoros como quere vostede, como dixo o señor Feijóo, no caso do baleirado de encoros, tres leis galegas medioambientais que non foron promulgadas e aprobadas por perigosos comunistas nin por axentes bolivarianos, senón por vostedes mesmos, que as incumpren. Leis impulsadas e aprobadas pola Xunta de Galicia, o PP de Galicia: a de pesca continental, a de patrimonio natural e a de protección ambiental de Galicia.

Tamén un Regulamento de pesca, que di —insisto— o que di literalmente o artigo 83, que son vostedes responsables de adoptar e mandar adoptar determinadas medidas en caso de indicio ou de posibilidade de dano medioambiental. Sen contar a Lei de protección, conservación e mellora dos ríos de Galicia, da que falabamos anteriormente, que sería a cuarta lei, pero que non ten réxime sancionador. E teñen vostedes centos de axentes medioambientais que entre as súas competencias de oficio teñen a vixilancia dos cursos fluviais, incluídos os encoros.

Pero neste caso, xa que vostede quere falar do baleirado de encoros, apareceron por alí o 20 de agosto; é dicir, apareceron por un deses encoros o 20 de agosto, que é a data que reflicten os expedientes sancionadores dos que fala vostede. Setenta días despois da primeira comunicación. Si, señora Mouteira, isto está nos expedientes sancionadores, e se non traía vostede o expediente sancionador, ou tráíoo eu aquí e lémoloo os dous. Setenta días despois da primeira comunicación de Iberdrola e da Confederación. Iso amosa desleixo, pasividade, desinterese, non dos axentes medioambientais, obviamente, que fan o que lles din, senón de quen os dirixe, que é a conselleira de Medio Ambiente ou máis ben a conselleira de «propaganda verde».

E nós non quedamos nese episodio, pretendemos sacar e tirar conclusións del e dos casos de contaminación que tiveron lugar este verán, como todos os veráns, para pedirlle á Xunta que faga algo máis importante que remediar un capítulo concreto da serie de agresións aos nosos ríos e ecosistemas fluviais. Pretendemos que a Xunta cumpra as súas leis e controle ese cumprimento e teña información do estado dos ríos para poder cumprir efectivamente as nosas leis, porque a Xunta non as cumpre nin as fai cumprir. Esa é a lamentable realidade das agresións e da situación dos nosos ríos, das nosas rías, por certo.

E respecto tamén da emenda do BNG, estamos dispostos a aceptar o primeiro punto desa emenda; non o segundo, porque cremos que este non é un problema competencial, senón como dixo o propio señor Bará un problema de incompetencia da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día, señores e señoras deputadas.

A moción que traemos hoxe a este parlamento non nos corresponde exactamente a nós, ao Grupo Parlamentario Socialista, aínda que nós a presentamos, senón que é obra da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega, que, como xa explicamos no último pleno, celebrou nestes tempos pasados pero recentes o Foro Patrimonio e Sociedade. Dese evento científico xurdiu a *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza dun futuro*, que recolle as catro ideas para as que hoxe buscamos o consenso da Cámara.

O grupo conformado por decenas de especialistas en materia de patrimonio cultural considera necesaria, igual ca nós, o Grupo Socialista, unha redefinición da política de xestión do noso patrimonio.

Queremos deixar de manifesto, iso si, ao igual que tamén o fai o Consello da Cultura Galega en todos os seus traballos, que esta proposta chega aquí cun carácter unicamente construtivo, para sumar esforzos nunha materia que consideramos prioritaria por canto fala de conservar e pór en valor o noso pasado pero tamén o noso futuro.

Esta deputada, este domingo pasado, tivo a oportunidade de asistir no Auditorio de Galicia compostelán á representación da obra *N.E.V.E.R.M.O.R.E.*, da compañía Chévere. Unha proposta teatral que nos leva ao ano 2002, que foi o ano da catástrofe do *Prestige*, como ben saben. Ese é o fío exactamente desa obra teatral. E asegúrolles que, ademais, sen a menor intención, porque non era a miña intención estar nese momento pensando na miña intervención de hoxe, pero si que é certo que moito do dito nese relato teatral me fixo pensar na miña intervención de hoxe. Porque esa obra fala dunha nefasta xestión dun acontecemento que levou por diante tamén patrimonio, neste caso patrimonio natural, pero que levou por diante un patrimonio nun acontecemento ou nunha xestión que non deberamos volver repetir.

Ao comezo desa función —e, por iso, traio a colación esta cuestión— na parede no fondo do escenario van imprimíndose textos con sentenzas moi diversas que falan do *Prestige*, pero que me fixeron reflexionar. Unha dicía: «Somos depredadores do noso pasado». E outra explicaba que en douscentos anos fomos quen de rematar cos recursos fósiles acumulados no noso planeta ao longo de millóns de anos. Xa ao final da obra, unha pancarta que baixaba e que quedou na parte central, mentres que os actores e actrices saudaban, lembraba algo moi certo que dicía: «O futuro non é o que vai pasar senón o que imos facer».



E desculpen este paralelismo incómodo, que seguro, ademais, que nas filas populares non está a gustar, e mesmo pensarán que é moi exaxerado facer este paralelismo entre a catástrofe do *Prestige* e a xestión cultural actual, pero é que certamente o dito si que o podemos aplicar a isto do que estamos falando hoxe. Non podemos ser depredadores do noso pasado histórico e cultural, como tampouco podemos pasar por alto a impronta artística do noso patrimonio, que non é máis que testemuña da historia do noso país, como tampouco podemos permanecer impasibles ante esta materia.

O patrimonio cultural, señores do Partido Popular, e vai por vostedes porque son os que sosteñen o partido do Goberno, sempre debe ser lido en clave territorial. Non é posible explicar nin interpretar, nin darlle valor sen entender as lóxicas e os procesos de construción social do territorio. Polo tanto, podemos definir o conxunto do noso país como un territorio patrimonial, Galicia é un territorio patrimonial. Todo o patrimonio, absolutamente todo, está enraizado profundamente na nosa identidade como pobo e conforma un sentido individual e colectivo de pertenza a unha comunidade que axuda a manter a súa conexión social e territorial.

Xa o temos dito aquí en varias ocasións a respecto da cuestión patrimonial: o patrimonio cultural dun pobo é o alicerce básico da súa identidade; noutras palabras: constitúe a nosa memoria colectiva. Só para facerme entender, lin hai uns meses unha definición certeira acerca da significación do patrimonio —tamén viña dun informe do Consello da Cultura Galega, nesta ocasión a respecto dun informe demoledor que fixo sobre a situación da aldea ou do conxunto patrimonial de Angueira de Castro, Faramello, Castro Lupario, etcétera—, que dicía que o patrimonio non só ten valor como obxecto, senón como algo vinculado a unha colectividade, xa que forma parte das súas referencias identitarias. Parécenos unha definición moi atinada.

Así que por iso o traemos hoxe aquí, porque dende o Grupo Socialista insistimos en reiteradas ocasións no abandono ao que está sometido o patrimonio de Galicia. Unhas críticas que comparten, ademais tamén, non digo moitas, creo que non me equivoco se digo todas as asociacións e colectivos en defensa do patrimonio, que ademais son sempre desouvidas. A realidade é que durante esta última década non houbo ningún tipo de planificación na xestión do patrimonio. É certo que hai unha especial atención aos bens da Igrexa e ao Camiño de Santiago, que reciben a maior parte, por certo, dos orzamentos dedicados á rehabilitación e ao mantemento patrimonial, sen que, salvo excepcións —algunha hai, neses orzamentos aparece a muralla de Lugo—, se acadasen grandes avances na conservación dos nosos patrimonios, dos nosos elementos patrimoniais máis significativos, marxinando claramente outras obras civís de relevancia ou mesmo elementos culturais inmateriais. Unha cuestión non pouco importante.

E poñemos exemplos: a política monumental sen estratexia definida deixou abandonados e en estado ruinoso hoxe pazos, castelos, edificios con valor histórico e arquitectónico, especialmente no rural. Non hai máis que visitar calquera dos nosos concellos, calquera zona do rural para ver que, efectivamente, isto é así. Apenas hai, por exemplo, iniciativas para pactar compras ou incentivar á conservación das propiedades privadas fóra dalgúns usos turísticos, por certo, de dubidosa rendibilidade social.



O apoio á continuidade das escavacións arqueolóxicas e, sobre todo, á súa conservación, coñecemento e uso social é irrelevante nos orzamentos da Xunta, na planificación da Xunta ano tras ano.

O coñecemento da etnografía, tanto material como inmaterial, está limitado a actuacións museísticas, maiormente privadas, e non vemos por ningures a política da Xunta para apoiar e incrementar ese coñecemento, nin moito menos para lle dar valor social.

Tamén algo moi semellante acontece co patrimonio inmaterial, conservado en xeral por axentes privados e cun traballo de investigación e interpretación moi voluntarista, pero, evidentemente, con falta de apoio cara a isto. Estamos, por exemplo, pensando na música tradicional, onde é certamente complicado que deixe de ser algo voluntarista dada a dificultade de vivir dela profesionalmente.

A cuestión é que nuns anos cuns exercicios orzamentarios cos maiores fondos da historia, se de verdade a preocupación polo noso patrimonio fose unha prioridade, estabamos na mellor posición para traballar nun proxecto conxunto que xa sentara as bases dunha estratexia específica para esta materia.

Iso é o que pretendemos hoxe con esta moción: pór en marcha unha nova estratexia de xestión do patrimonio cultural na que prime a planificación, protección, salvagarda e difusión do noso patrimonio cunha política transversal. E isto comeza pola elaboración dun plan autonómico patrimonial de Galicia, con dotación orzamentaria, por suposto, para o seu desenvolvemento.

Cremos tamén axeitada —ao igual que, como dicimos, a Sección do Consello da Cultura Galega— a creación dun observatorio do patrimonio, cunha sección dedicada á educación patrimonial. É prioritario que xurda unha sensibilidade e responsabilidade social con respecto ao noso patrimonio, que nos eduque na importancia de valorar o noso e á vez nos implique nesa necesidade. O programa da Xunta Educación Patrimonial, enmarcado no Plan Proxecta, é unha iniciativa moi voluntariosa, pero, dende logo, non chega.

Como terceira proposta, sumámonos ao interese de crear un órgano interadministrativo da Xunta de Galicia para coordinar a política normativa e xestión integral do patrimonio cultural galego. O conselleiro de Cultura dicía a esta reclamación que xa existía coordinación entre os distintos departamentos da Xunta. Pero é que nós non falamos disto, imos máis aló e propomos un órgano *ad hoc*.

Nestes últimos tempos reducíronse os mecanismos de protección do patrimonio, tanto coa Lei do patrimonio cultural de 2016, que, por certo, se aprobou sen o apoio deste Grupo Socialista, como a través da política seguida pola Xunta de cambiar continuamente ese texto a través de modificacións noutras leis sectoriais. Sen ir máis lonxe, a pasada Lei de simplificación administrativa, veremos esta de apoio á reactivación económica de Galicia, supuxo outro mazazo para o patrimonio, por canto elimina certos requisitos preceptivos e acurta prazos, o que pon en serio risco ese patrimonio.



Por iso requírese un acordo entre as distintas administracións e os axentes implicados para concienciar sobre a importancia da conservación do territorio e do seu patrimonio. De aí que nós propoñamos e nos sumemos á petición do Consello da Cultura Galega de crear este organismo dedicado en exclusiva á coordinación de todas as políticas sobre o territorio, da súa aceptación, desa transversalidade tan necesaria e, certamente, inexistente.

A transversalidade da xestión do patrimonio cultural, señores e señoras, é obrigada, porque de nada serve, de ser o caso, que non o é, ter unha magnífica Lei de patrimonio cultural se as obrigas en materia urbanística, de paisaxe, da política agraria ou mesmo forestal non a acompañan. Pensamos por iso que ter unha superestrutura que sexa capaz de vertebrar todas as políticas que afectan o patrimonio sería algo axeitado.

Por último, tamén consideramos necesario a creación dunha comisión de patrimonio no seo do Parlamento, que teña por obxecto o estudo e debate do patrimonio como elemento estratéxico e transversal da política cultural galega. Trátase de que todos e todas poidamos reflexionar acerca desta cuestión, por suposto, sempre escoitando as voces expertas.

Por todo isto, pensamos que a conservación do patrimonio cultural non debe entenderse só en termos físicos ou estáticos. Pensamos que esa é a maneira na que se concibe dende o Goberno galego, porque tanto a súa interpretación como a súa valoración social son dinámicos, son dinámicos igual que os territorios onde ese patrimonio está asentado.

Máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

O pasado día 2 de setembro, o Grupo Parlamentario do BNG rexistrabamos nesta cámara un abano de iniciativas en demanda ao Goberno de accións políticas concretas a respecto da protección da xestión e da divulgación do patrimonio galego. Para a nosa redacción partiamos das exhaustivas e rigorosas conclusións do Foro Patrimonio e Sociedade, coordinado pola Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega, que, finalmente, foron recompiladas e publicadas na *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro*.

Cualificamos estas conclusións —como digo— de rigorosas e exhaustivas, á vista da metodoloxía baseada na intervención e na participación coral ao redor de tres mesas de traballo: unha dedicada ao estudo do patrimonio, das políticas públicas e da normativa legal; outra —a segunda— centrada na xestión patrimonial, conservación, protección, promoción e di-



fusión do patrimonio cultural, e unha terceira centrada no patrimonio, educación, formación e cidadanía. Un proceso de debate plural e polifónico que conduciu a unhas xornadas de peche deste foro, nas que se debateron esas ideas principais extraídas do traballo das diferentes mesas.

Queremos agradecer de novo ao Consello da Cultura Galega o convite para achegarmos a estas xornadas finais a visión do BNG a respecto da xestión da política patrimonial cultural en presente, máis sobre todo na posibilidade de achegarmos eses sucos novos que deben abrir o camiño do futuro. Máis tamén agradecemos a posibilidade que se nos deu para aprender nun proceso retroalimentador entre unha ampla e ben diversificada representación de participantes.

Esta *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro* preséntase como un documento aberto, como unha base para abordar os retos da xestión, da protección, da conservación, da investigación e da posta en valor do patrimonio cultural galego, material e inmaterial. Unha análise que entendemos profunda e contrastada, que merece todo o apoio do Grupo Parlamentario do BNG e cuxas conclusións asumimos como necesaria folla de ruta política para a mellora da xestión patrimonial.

Diciamos «conclusións rigorosas e exhaustivas» e reafirmámonos aínda cualificándoas como imprescindíbeis, á vista de que é a día de hoxe o único documento sistemático e de análise propositiva que coñecemos. Porque nunca en doce anos o Partido Popular foi quen de contrastar dunha forma aberta, plural e consensuada o rumbo da política cultural patrimonial. O exemplo máis evidente témolo na aprobación da actual Lei de protección do patrimonio cultural de Galiza, a Lei 5/2016, que foi aprobada en solitario exclusivamente cos votos do Partido Popular, que é o mesmo que dicir que tendo en contra o voto negativo de toda a oposición.

Por certo, unha incapacidade para o diálogo e o consenso do actual Partido Popular que aínda se acrecenta moito máis se temos sen conta que a lei anterior, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural, si foi aprobada polo consenso, tamén gobernando o Partido Popular. Como di o refrán: «malo virá que bo me fará».

Foi ben rechamante escoitar no pleno anterior o conselleiro, en resposta á interpelación feita polo Grupo Socialista, anunciando que ía aproveitar ese momento para facer un balance da xestión en materia de política patrimonial dos últimos cinco anos. Mais o certo é que este balance ficou reducido a unha simple —como é habitual— enumeración de cifras soltas e inconexas, e onde, iso si, o punto común tamén chegamos a el de novo: os plans sempre están por vir de aquí para adiante; os criterios, os obxectivos globais sobre os que se estivo e está a traballar seguen a adormecer no país dos biosbardos. Iso si, xa nos deixou claro —como tamén fixo o presidente Feijóo na súa intervención no debate do estado da nación— que, nin máis nin menos, reinauguraron a catedral de Santiago de Compostela. Con todos os respectos, señor conselleiro, que seguramente verá esta intervención, e señorías do Partido Popular, ¡que pouco camiño hai entre o amor propio e a soberbia! (*Aplausos.*)

Con todo, o disimulo do Goberno non agocha que avaliacións neste sentido «habelas hainas». Xa en 2018, a *Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI*



achegara evidencias. Textualmente di a *Diagnose*: «Non hai unha política integral nin activa, senón máis ben reactiva (...) Conta con poucos recursos e non ten capacidade de resposta fronte á desbordante vixencia da realidade patrimonial galega (...) Un interesante punto de partida para revisar a política en materia de patrimonio».

Tampouco nese pleno foi quen de avaliar o conselleiro a súa propia lexislación política, que, por certo, «¡quen a viu e quen a ve!», porque cada vez que fan vostedes esas aceleradas, urxentes e anuais mudanzas legais noutras áreas, sempre a que aparece sacrificada como un lugar común é a Lei de patrimonio cultural de Galiza. Estana deixando tan estilizada como inútil para actuar realmente na conservación e preservación do noso patrimonio.

Con todo, si que é certo que dispomos dunha avaliación de catro anos —entre o 2016 e 2020, elaborada dende a Universidade da Coruña— da implantación da actual Lei de patrimonio cultural, aprobada en solitario polo Partido Popular. Tres conclusións moi breves nesta análise: en primeiro lugar, determina o moi escaso e insuficiente desenvolvemento desta lei, agora xa cinco anos despois da súa aprobación; en segundo lugar, analiza as dificultades de aplicación das normas protectoras das novas categorías patrimoniais, sobre todo a que fai referencia ás paisaxes culturais e aos patrimónios inmateriais, e, en terceiro lugar, referencia á invasión regulatoria de lexislación sectorial con incidencia no patrimonio cultural.

Pois ben, á vista de todos os datos e as evidencias, queremos crer que a estas alturas o Goberno galego coñece ben as conclusións do Foro Patrimonio e Sociedade, así como todo o desenvolvemento deste, aínda que é certo que recoñecemos que se nos fixo moi significativa a súa ausencia no momento da presentación.

En novembro de 2019, o señor secretario xeral de Política Lingüística, no propio acto e logo recollido en nota de prensa do Gabinete da Consellería, indicaba textualmente que «este foro, un foro como este, é necesario porque nas últimas décadas se produciron moitos cambios na realidade socioeconómica galega, que deben levarnos a reflexionar sobre as estratexias de xestión que temos en Galicia para actualizalas se for necesario».

Pois ben, agradecemos saber se xa reflexionaron no Goberno o suficiente e, sobre todo, se chegaron a tirar conclusións, ou aínda máis, e de forma concreta e específica, se concordan con estas conclusións que lles brinda este foro: a necesidade de elaborar un plan autonómico patrimonial de Galiza, a de crear un observatorio de patrimonio cunha sección dedicada á Educación Patrimonial e a de crear un órgano interadministrativo de coordinación.

O apoio a esta moción hoxe, á que dende logo no Grupo Parlamentario do BNG nos sumamos, será a demostración de que o Goberno comparte as ideas forza transversais derivadas deste Foro Patrimonio e Sociedade como unha base imprescindible para mellorar a xestión patrimonial en Galiza. Unha xestión altamente deficiente que continuamente estamos a denunciar nas sesións da Comisión 4ª, que é un espazo que tamén resulta insuficiente para darlle luz a toda a cadea de despropósitos que temos que afrontar nesta pésima xestión do patrimonio cultural galego por parte da Xunta.



Permítanme simplemente lembrar como mera referencia os dous últimos casos de datas moi recentes. Acabamos de demandar que se incoe o procedemento de delimitación do trazado do Camiño de Inverno e tamén de demandar que se paralicen cautelarmente as obras da ponte Nafonso, para evitar un novo atentado ao patrimonio histórico.

É moi insuficiente o tempo desta intervención para relatar a continua agresión do patrimonio cultural que acompaña, por exemplo, esta febre eólica que estamos a vivir. Demostrámolo varias veces nesta cámara, por exemplo, na defensa da necrópole megalítica do monte do Gato, do BIC da torre Teodomiro, dos penedos de Traba e Pasarela, do monte da Pena, etc. Toda unha alerta global que xa acaba de facer pública a Rede de patrimonio cultural.

Un patrimonio cultural colectivo que coa conivencia silente da Xunta se vai devaluando nunha amnesia de aclarado rápido do espolio franquista. Como vemos que segue acontecendo, por exemplo, coas pías de Moraima, usadas polos Franco como simples maceteiros en Meirás, ou coa casa Cornide, aínda sen executar esa obriga de apertura ao público, unha vez incoado xa como BIC hai meses.

Ou como esoutro patrimonio cultural colectivo que —volvemos insistir nesta cámara— é reo da vontade privada e negado ao coñecemento da sociedade, como é o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, de Sada, pechado dende o ano 2016 e que acusa unha deterioración moi importante tanto no que é o contido como no continente. *(Aplausos.)*

Unha política virada de costas ao maior símbolo do patrimonio cultural identitario galego, como é o panteón de Galegos Ilustres, ao permitir dende o Goberno que a Igrexa o siga mantendo hermeticamente pechado, privando do seu acceso e coñecemento aos visitantes dende o comezo da pandemia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...—remato xa, señor presidente— Unha falta de novo de planificación xeral, que xa destacou precisamente o Icomos para xustificar a retirada da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade. E aínda no pleno que xa mencionei, o conselleiro falou e puxo precisamente este caso como modelo de coordinación interadministrativa. Vai ser mellor que copie doutro guión.

Remato xa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: Renuncien por favor, señorías do Partido Popular, a seguir a escribir a historia actual do patrimonio cultural galego con tinta invisíbel e asuman as conclusións transparentes do Foro Patrimonio e Sociedade para mudar o rumbo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: Teñen vostedes, señorías do PP, o deber de rematar co estado de indefensión permanente en que se acha o noso patrimonio cultural.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Queixas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Ferro Iglesias.

O señor FERRO IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Certamente, os tempos que corren hoxe en día son de cambio continuo, os acontecementos socioeconómicos evolucionan a toda velocidade, estamos na era da tecnoloxía, e aínda así, nesta época, o pasado ten un valor fundamental e principal na identidade persoal e colectiva das persoas e das sociedades. O pasado segue tendo forza como fenómeno identitario, como referencia do que fomos, do que somos e do que podemos chegar a ser. Por iso ten un gran valor o patrimonio; un valor que reside no que representa a sociedade actual, no seu valor histórico como recurso para xerar identidade e prestixio e fortalecer a cultura do noso pobo.

En todo caso, o patrimonio pode ser apreciado desde diferentes perspectivas pola sociedade e valorado de diferente forma, pero o que está claro é que todas elas xustifican a conservación do patrimonio. As ferramentas e os instrumentos para a xestión patrimonial deben atender con igual atención e interese á protección e conservación, co obxectivo primordial de impedir a desaparición física dos bens, ou á salvagarda, co obxectivo de rexistrar e documentar, gardar o coñecemento, facilitar a apropiación, difundir e devolver á sociedade, a partir dunha revisión crítica que entenda a custodia do coñecemento, a súa transmisión, patrimonialización, apropiación por un colectivo humano, difusión e, sobre todo, transmisión ás xeracións futuras.

O patrimonio cultural debe estar presente, como concepto básico que condicione, complemente e enriqueza as accións públicas e privadas, en todas as políticas públicas e obxectivos e intereses privados que teñan unha afección territorial, social, cultural, educativa e turística, para fomentar así a transversalidade do patrimonio cultural.

Existe a obriga de todos os poderes públicos de integrar a protección do patrimonio cultural nas súas políticas sectoriais. Exíxelles prestar a debida atención á integración e salvagarda do patrimonio como concepto reitor no desenvolvemento das políticas sectoriais.

Ao igual que vostedes, señorías, o Goberno galego é consciente do enorme valor, tanto material como inmaterial, que posúe o noso patrimonio, pois é unha valiosa herdanza que configura a nosa identidade e, sobre todo, da que debemos construír a nosa proxección de futuro, conectando a tradición coa vangarda.

Pero a realidade que vostedes describen nesta cámara é ben distinta da que os cidadáns de Galicia atopan diariamente. A posta en valor e a protección dos nosos bens culturais é sem-



pre, por suposto, un traballo inacabado. Por este motivo tomamos as conclusións que nos aporta o Consello da Cultura Galega no seu Foro Patrimonio e Sociedade cunha actitude construtiva para seguir avanzando na posta en valor dos bens máis senlleiros de Galicia. Foro no que sabe perfectamente que o Partido Popular participou activamente a través deste humilde deputado.

O Goberno galego, e concretamente a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, ten un gran respecto polo Consello da Cultura Galega e polo seu traballo. Sabemos da súa gran preocupación pola xestión do patrimonio. Por iso a Consellería conta co seu labor e o seu asesoramento.

Nos últimos anos, o Goberno galego ten desenvolvido unha política clara e decidida a favor da conservación e protección do patrimonio. Estamos intensificando os nosos esforzos na posta en valor do patrimonio. Sen ir máis lonxe, este mesmo ano reforzamos este compromiso —como saben— cun incremento dun 19 % do orzamento para a rehabilitación do patrimonio, co que podemos realizar máis de noventa actuacións, algunhas xa rematadas e outras en fase de execución, cun investimento total de case dezasete millóns de euros.

Nós sentímonos orgullosos da nosa riqueza patrimonial, e as cifras falan por si soas. Galicia é unha comunidade que pode presumir do seu potencial numérico de bens mobles e inmo- bles, espallados por todo o territorio, e que funcionan como potentes elementos de cohesión social, fixando poboación e contribuindo ao desenvolvemento da nosa economía. Isto demo- stra a transversalidade do patrimonio. Por iso tomamos en serio o noso deber con el, co seu coidado, co seu mimo e coa súa protección.

Quen os escoite a vostedes, señorías, vai pensar que o Goberno galego non ten ningunha política a favor do patrimonio. Como vostedes saben perfectamente, iso é totalmente falso e inxusto. Por iso temos ás veces que facer balance, non do que se vai facer soamente, senón do que xa está feito.

Nos últimos cinco anos, desde a Dirección Xeral de Patrimonio investíronse 50 millóns de euros en setecentas cincuenta actuacións de conservación, que beneficiaron a cento setenta concellos. Delas, duascenas trinta melloras en igrexas, capelas, conventos, ermidas e mos- teiros, que tamén son patrimonio; catrocentas intervencións polos lugares que pasa o Ca- miño de Santiago, a través de Turismo e da Axencia Galega de Infraestruturas; sesenta obras en bens declarados patrimonio da humanidade pola UNESCO; duascenas iniciativas en xa- cementos arqueolóxicos; cen actuacións en centros museísticos.

Bromas á parte tamén, son coñecedores perfectamente de todo o esforzo que se fixo na ca- tedral de Santiago e do Plan de catedrais 2021-2027, que presentamos este verán. Serán 38 millóns para actuar na protección dos grandes complexos catedralicios galegos de cara á ce- lebración do próximo Xacobeo no ano 2027.

Na Ribeira Sacra estamos investindo 34 millóns; acabaremos este plan no ano 2023. Os in- numerables investimentos nos bens culturais do noso litoral, a través tamén da Consellaría do Mar. En vivendas dos cascos históricos, axudados pola Consellaría de Medio Ambiente,



Vivenda e Solo. Incluso no ámbito educativo cando actuamos en centros educativos situados en edificios históricos e patrimoniais.

Hai uns días presentamos o proxecto Bo Camiño! para a plataforma cultural de Google. Estamos traballando no proxecto Estelae, traballando da man de Antega e da Conferencia de Reitores das Universidades do Suroeste Europeo, xa que cremos que Galicia está chamada a liderar a dixitalización do legado cultural e patrimonial da Ruta xacobeana na nosa macrorrexión do sur de Europa.

Estes só son algúns exemplos do traballo xa feito; un traballo, por suposto, que aínda está inacabado, pero é un traballo constante, un traballo que nos fai sentir orgullosos.

O actual marco legal tamén nos axudou a avanzar nesta liña de garantir o patrimonio cultural. A propia lei fai explícito o papel clave do Consello da Cultura como máximo órgano asesor da Xunta de Galicia. Por iso pódolles asegurar que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade está estudando as conclusións do Foro Patrimonio e Sociedade, pois indubidablemente constitúen unha importantísima ferramenta de traballo para seguir afondando na protección e salvagarda do patrimonio cultural.

E xa no referido á súa moción, quero dicirlles que as comisións parlamentarias son un importante instrumento de traballo no noso parlamento. Nós temos —como sabe— a Comisión 4ª, de Cultura e Educación, e é nese ámbito onde os partidos debaten as cuestións relativas ao patrimonio cultural.

A Xunta é a administración competente en materia de patrimonio cultural, nos termos que determinan a Constitución española e o Estatuto de autonomía. O Consello da Cultura Galega é o órgano estatutario con carácter asesor e consultivo en materia cultural. A Consellería —como sabe— solicita informes ao Consello, cumprindo escrupulosamente co fixado pola lei, e así mesmo toma os estudos que elabora para mellorar as decisións en materia de política patrimonial. Haberá que reflexionar lóxica e pausadamente sobre as conclusións do recentemente publicado polo Foro Patrimonio e Sociedade.

Á hora de tomar decisións e xestionar o día a día da realidade cultural e patrimonial hai que ter en conta moitos aspectos. Iso é o que fai o Goberno galego, e sen ser soberbios creo que con máis acertos que fracasos. Porque isto non é un sprint, isto é unha carreira de fondo.

Nós, señorías, non somos ningún depredadores do pasado, tomamos moi en serio o coidado do patrimonio. Por iso seguiremos traballando a prol del, pois axúdanos a afondar na nosa identidade, e sobre el debemos construír o noso proxecto de futuro.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Ferro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo grupo autor da moción ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Antes, cando facía referencia á obra de Chévere, *N.E.V.E.R.M.O.R.E.*, esquecín animar a todos e a todas as presentes que vaian ver a obra, que, de verdade, paga a pena, é magnífica.

Señor Ferro, eu descoñezo que instrumento ou ferramenta teñen vostedes para saber a opinión que ten o pobo galego neste ámbito concreto que é o do patrimonio. O tecido social, a sociedade en xeral, para ter representación e visibilidade normalmente organízase en asociacións. O tecido asociativo é realmente ao final quen é a nosa referencia para coñecer esas opinións. E non parece que para vostedes esas asociacións teñan moito crédito, porque a realidade é que son estas asociacións as que normalmente son as maiores críticas da súa xestión a respecto desta cuestión.

Mire: fala vostede dos orzamentos para o exercicio 2022. É certo que houbo un incremento, non demasiado notorio; o peso relativo non é demasiado con respecto ao ano pasado. Si é certo que existe un incremento pero, dende logo, aínda moi lonxe do que existía, por exemplo, no ano 2009. E, claro, a cuestión é que non hai orzamento porque non hai estratexia.

Por certo, está ben que o conselleiro lle pase parte do seu discurso; xa escoitamos esas cifras, e a voceira do BNG tamén fixo alusión a esas cifras. E, ao final, ese é o problema: a xestión do patrimonio cultural para vostede é unha concatenación de cifras, de accións espalladas que non teñen e non obedecen a ningunha estratexia.

Escoitamos aquí o Xacobeo, os camiños e o Xacobeo. E eu entendo que, claro que si, hai que promocionalo e haberá que coidalo; pero hai moitísimo outro patrimonio que vostedes teñen absolutamente abandonado. De aí que digamos que vostedes adoecen dunha falta de estratexia.

Fala de que nos orzamentos aparecen accións, así sen concretar, para a muralla de Lugo. Moi ben, esa acción é a única que probablemente, do que sabemos, non poñamos en cuestión. E volvo mencionar o Plan de xestión da Ribeira Sacra, eses 34 millóns. Volvo repetir aquí: por favor, pásennos o plan, que levamos un ano pedindo polo artigo 9 o dito plan, ese Plan da Ribeira Sacra, e aínda non o temos. Entón isto son palabras que leva o vento, como moitas das veces fai este goberno do señor Feijóo. (*Aplausos.*)

E falaba tamén, por certo, vostede de que entendían —e ademais así constaba na lei— que o Consello da Cultura Galego é o máximo órgano asesor. Sabémolo, e debía ser. É certo que lle piden os informes preceptivos, pero nós o que pretendemos tamén é que lle fagan algo de caso. Antes na miña anterior intervención mencionei o caso do expediente do conxunto patrimonial de Angueira de Castro. ¡Fáganlle algo de caso, por favor!

E tiña moitas máis cousas, pero a cuestión é que o que pretendemos con esta e o que pensamos que tamén pretende a Sección de Patrimonio do Consello da Cultura Galega é realmente que non se rompa a cadea de transmisión cultural, que pasa inexorablemente polo



coidado do noso patrimonio no senso máis global. Esta é probablemente a cuestión máis importante da que falamos hoxe aquí, porque parte dunha concepción do patrimonio cultural que, como dicía antes, engloba todo o que o mundo entende como o material, sobre todo ademais con certa espectacularidade, pero tamén algo do inmaterial, aínda que menos, que é o que todo o mundo entende, e parece que vostedes tamén. Pero é que tamén hai un conxunto de elementos tanxibles e intanxibles que nos definen culturalmente e que tamén é patrimonio. E na nosa opinión, nisto é onde vostedes se equivocan. Equivócanse vostedes, e é neste senso no que está errada a política de xestión cultural, que parte dunha concepción moitísimo máis simplista do noso patrimonio. De aí que a situación de desleixo que se dá co noso patrimonio en Galicia non teña tanto que ver co marco normativo —que tamén, pero non tanto— nin, por suposto, coa parte técnica desenvolvida polos traballadores e traballadoras da Dirección Xeral de Patrimonio, nin moito menos como con vontade política. E isto é do que se trata.

Por todo o dito e exposto, nós, dende logo —xa para rematar—, pensamos que é hora de dar un paso máis e variar a estratexia en materia de patrimonio cultural no noso país de maneira reflexiva pero coa debida urxencia tamén, tomando como base o que advirte o noso persoal experto, neste caso o persoal do Consello da Cultura Galega, que sen máis ánimo que preservar e pór en valor o que nos é propio propón estas catro iniciativas que —compartidas obviamente polo noso grupo— hoxe traemos aquí e mellorarían, sen dúbida, a xestión patrimonial en Galicia.

A verdade é que para nós é unha verdadeira mágoa que —polo que entendín aquí— non vaian apoiar esta iniciativa; din que o van estudar. A propia voceira do BNG tamén antes falaba da cuestión. Non sabemos canto tempo máis teñen que seguir reflexionando acerca desta materia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señoría.

A señora DÍAZ VARELA: Máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa vivenda protexida

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Fernández Gómez, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Nunca tanta vivenda houbo e nunca tanta dificultade para acceder a ela. Este é o gran paradoxo dos nosos tempos ante o que o Goberno da Xunta, que ten competencias en materia de



vivenda e de ordenación do territorio, ten o deber de actuar. Esta realidade, que infrinxe todo sentido común, non sempre foi así. Ata a etapa do desarrollismo, a construción de vivenda nova respondía fundamentalmente a unha lóxica demanda; é dicir, construíase para cubrir a demanda de vivenda. Pero dende os anos sesenta-setenta a vivenda pasou a ser un activo financeiro por riba dun ben de consumo. A partir de aí, a historia xa a coñecemos todos: chamada ao investimento de aforros en inmobles, vinculación do sector da construción coas dinámicas de desenvolvemento económico, planeamentos urbanísticos que sobre-dimensionaban as expectativas reais de crecemento e que crearon as condicións de posibilidades do *boom* inmobiliario, e, sobre todo, o mantra da liberalización do solo como única medida para rebaixar o prezo da vivenda. Un cóctel que deu como resultado un desaxuste entre a demanda real de vivenda e o número de vivendas construídas.

Entre o 2001 e o 2010 a poboación galega incrementouse en 77.000 persoas; porén, a vivenda incrementouse nese período en 303.000 novas vivendas. Esta tendencia de crecemento de vivenda superior ao da poboación é continua en todo o ciclo que vai dende o ano 1981 ata o 2019, que deixa un saldo de 580.000 novas vivendas construídas en Galicia, cando a poboación baixaba en máis de cen mil persoas. É dicir, por cada persoa que baixaba o censo galego construíronse cinco novas vivendas no noso país. Fica claro que o que aquí se cociñou é un sensentido, en que construímos por riba das nosas necesidades, pero que a necesidade de vivenda está hoxe menos cuberta ca nunca. Está claro que a xente moza ten enormes problemas para emanciparse, só o 15 % de mozos e mozas do noso país de entre 16 e 29 anos pode emanciparse. Pero ¿como se vai emancipar esta xente moza cos prezos de alugueiro que temos?

Hoxe hai tamén trinta mil fogares que destinan máis dun trinta por cento das rendas ao pago do alugueiro, e deses case dez mil dedican máis do cincuenta por cento da renda para poder ter un teito. Temos novas formas de exclusión residencial que ata o de agora non víramos, e as rendas da vivenda consomen unha parte cada vez máis grande dos salarios.

¿Cales deberan ser as respostas ante esta realidade? Segundo as teses do Partido Popular, máis construción de vivenda no mercado libre significaría que baixarían os prezos e que se melloraría así o acceso á vivenda. Pois resulta que o modelo do libre mercado e de construción infinita deu como resultado máis especulación inmobiliaria, un *boom* de prezos e unha crise de acceso á vivenda. As súas teses neoliberais fan augas por todos os lados. E aquí ou ben vostedes recoñecen que as súas teses están fracasadas e cambian, ou ben deberían facer un exercicio de honestidade e recoñecer que aquí o único que lles interesa é procurar a maior rendibilidade das rendas inmobiliarias á custa e sen considerar os prexuízos sociais que iso poida xerar.

Nós consideramos que a situación tería sido ben diferente se contásemos cun amplo parque de vivenda pública. Primeiro, porque permitiría garantir unha vivenda ás persoas en situación de precariedade económica ou en situación de maior vulnerabilidade. Especialmente aquí tamén quero acordarme da xente moza, que non pode ser que estea pensando máis en como e en cantos meses vai poder pagar que en poder emprender os seus proxectos vitais. E, en segundo lugar, porque ese parque público de vivenda, de forma indirecta, axudaría a arrefriar os prezos do mercado libre, porque cando a porcentaxe de vivenda pública é alta pode actuar como contrapeso do mercado libre.



Segundo as teses do noso grupo, máis vivenda pública é máis acceso á vivenda. (*Aplausos.*) E, ademais, resulta que este é un modelo que comparten moitos países europeos, onde a porcentaxe de vivenda pública se sitúa arredor do 20-30 %.

En definitiva, este é un debate de modelos, de parque de vivenda pública si ou non. E a etapa de Feijóo está claro que foi unha aposta polo modelo do non. Foi terrible en materia de vivenda. Nestes doce anos aplicaron un recorte brutal nos orzamentos para os programas destinados a vivenda. Os orzamentos de 2022 tráennos a mesma receita a pesar do drama social que se está vivindo en materia de vivenda. (*Aplausos.*) E a proposta para este ano 2022 en materia de vivenda supón un recorte do 46 % respecto do orzamento que había en 2009. E este dato dá a medida do «non» do Partido Popular.

Se se tivese mantido o ritmo de investimento en materia de vivenda que había antes da entrada do Partido Popular, nestes doce anos teríanse investidos 1.700 millóns de euros en programas de vivenda, ¡1.700 millóns de euros! Poderíamos estar falando hoxe directamente de ter un modelo diferente. De non ter cambiado o rumbo, hoxe sería posible falar de que en Galicia contásemos cun verdadeiro parque público de vivendas. Doce anos de Goberno do Partido Popular levaron por diante a oportunidade de que a vivenda fose un ben de primeira necesidade garantido en lugar do que é hoxe: un ben de difícil acceso para as persoas precarias, que xera exclusión social e a imposibilidade de emanciparse para a xente moza.

Mil setecentos millóns de euros de recortes explican por que non se creou vivenda protexida en todos estes anos e que o Rexistro de demandantes de vivendas teña 15.000 persoas inscritas. Agora pídolles un exercicio, boten contas: 1.700 millóns de euros investidos en vivenda pública darían para cubrir a demanda desas 15.000 persoas que hoxe están inscritas agardando por vivenda. (*Aplausos.*) Os recortes de doce anos son o colapso de hoxe no Rexistro de demandantes, e 1.700 millóns menos que deixaron de investir fronte aos miserables 6 millóns de euros que anuncian nestes orzamentos para a construción de vivenda de promoción pública. Se xa o ano pasado había pouco, 10 millóns, este ano son só 6 millóns para a vivenda de promoción pública. ¿Canta vivenda pública van facer en todo o país con só 6 millóns de euros? E coas cifras na man do que recortan e do que pensan investir enténdese así moito mellor por que nunca dan datos da vivenda pública construída.

Na moción que lles traemos hoxe, unha parte está enfocada a que o Goberno da Xunta faga un exercicio de transparencia e dea datos. ¿Cantas vivendas foron outorgadas segundo o tipo de vivenda protexida e o réxime de propiedade durante o último Plan de vivenda? ¿Cantas se esperan facer no novo Plan de vivenda? Porque vostedes avergóñanse bastante dos datos; tanto é así que ás preguntas escritas do noso grupo sobre este tema nin sequera responden. ¡Dean os datos!

Outra das propostas desta moción é —como é obvio— a de aumentar as partidas orzamentarias dirixidas a ampliar o parque público de vivenda e tamén mellorar o grao de execución, porque é moi baixo.

Pero, ademais de transparencia e investimento, formulamos propostas para abordar a situación específica á que nos enfrontamos na actualidade. Traemos a proposta de elaborar un



plan específico que defina como se vai dar resposta á situación de colapso do Rexistro de demandantes de vivenda. E este plan entendemos que debería incardinarse nas seguintes vías:

Primeiro, definindo obxectivos concretos. É necesario establecer unha previsión de prazos temporais concretos, saber cal é o número de vivendas que se pretenden adxudicar e prever unha redución dos tempos de agarda porque a xente pasa anos, anos e anos inscrita esperando a conseguir esa vivenda pública. En fin, facer unha previsión concreta.

En segundo lugar, unha distribución máis xusta dos recursos. É necesario establecer un novo sistema de adxudicación de vivenda protexida e de axudas complementarias que se axuste a criterios de necesidade e de vulnerabilidade, de forma que se priorice a adxudicación de vivenda protexida ás persoas ou unidades de convivencia que se atopen en situación de risco e de exclusión residencial. E con especial atención a aquelas persoas que pola súa situación de vulnerabilidade atopen dificultades engadidas á hora de acceder á vivenda no mercado libre. Todo o contrario do que fan vostedes, que é priorizar os modelos de réxime de compra e deixar á marxe as persoas máis vulnerables.

En terceiro lugar, tamén cremos que é necesaria unha reformulación na que se teña en conta a complexa realidade social que temos hoxe. Iso require deseñar estratexias de acceso e de adxudicación á vivenda protexida complementarias pero diferenciadas segundo os perfís socioeconómicos e as tendencias territoriais, procurando sempre unha lóxica redistributiva de cohesión territorial e de redución do consumo de solo.

E, en cuarto lugar, abordar un cambio do modelo da vivenda protexida. É necesario cambiar o rumbo do que foi a vivenda protexida ata agora. O modelo de futuro pasa por priorizar o investimento no aumento da vivenda pública en réxime de alugueiro e, especialmente, a través da adquisición de inmobles.

Polo tanto, a proposta que lle traemos hoxe aquí é transparencia, investimento e estratexia, porque o paradoxo no que estamos de tanta vivenda e tanta xente incapaz de acceder a ela só se resolve con intervención pública, con máis peso da vivenda pública e con criterios máis xustos que garantan a accesibilidade. *(Aplausos.)*

Por desgraza estou practicamente segura de que o Partido Popular vai votar en contra porque despois de doce anos practicando radicalmente o oposto, de vostedes sinceramente pouco ou nada se pode agardar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.



Outubro de 2021, hai cousas que dende hai un, dous, tres, catro anos e así unha década cara a atrás nada cambiaron, mentres que outras cousas, outros datos, a radiografía si ten cambiado para peor, para as familias, para a mocidade fundamentalmente, como debullaremos neste debate.

Falar de vivenda repasando sesións, comisións nesta última década neste parlamento —e por desgraza oxalá teñamos un punto de inflexión— de pouco ten servido á vista da realidade, e se atendemos ao proxecto de orzamentos para o 2022 que temos sobre a mesa, seguimos sendo igual de pesimistas. Porque estamos vendo as cifras que salientaba a compañeira do BNG, e estamos ante uns orzamentos en programas de acceso á vivenda que continúan minguados, recortados, que en termos totais seguen moi por debaixo do investimento no ano 2009.

Seguimos, por tanto, con políticas que nada cambian, a pesar —como dicíamos— de que si empeoran esas cifras; seguimos ademais denunciando e asistindo a niveis orzamentarios de execución preocupantes, que son unha mostra máis dese desleixo, e seguimos priorizando e poñendo o esforzo e o acento en medidas que non responden ás necesidades da familia ou da mocidade.

E se estes terían que ser os orzamentos da reactivación, tamén terían que selo evidentemente en canto á materia de vivenda, porque se as dificultades e os datos eran preocupantes antes, agora tras a crise xerada pola covid o problema agudizouse.

Efectivamente, se algo amosan eses datos do Rexistro único de demandantes de vivenda é que hai unha situación de colapso tanto no número como nos tempos insoportables de agarda, 15.000 persoas. Un colapso que, por exemplo, se collemos a cidade de Vigo temos 5.600 solicitudes. Estamos na actualidade na cifra máis elevada da última década. Unha cifra que se repite, que vai en aumento en moitos puntos do noso territorio, da que non toma nota a Xunta de Galicia, pero que tampouco toma nota doutro dato que nos dá ese Rexistro de demandantes, esa radiografía que dicía antes.

Desas 5.600 familias, máis do setenta por cento o que están demandando é acceder a unha vivenda pública de protección en réxime de alugueiro. Unha radiografía que —insistimos— é unha situación que se repite en todo o territorio, pero que semella que ou non queren ver ou non queren darse por enterados na consellería. Non se entende se non que a titular de vivenda onte mesmo, para falar de orzamentos cando comparece en comisión, venda ou poña o acento como programa estrela nun programa de avais de acceso á compra dunha primeira vivenda en propiedade. Que benvido sexa, pero nin no orzamento hai 5 millóns de euros. E poñer o acento como medida estrela nun programa de acceso á compra tendo estes datos, tendo esta realidade e tendo este rexistro, que nos din que máis do setenta por cento da demanda no noso país é dun alugueiro, non ten absolutamente ningún sentido.

Quince mil unidades de convivencia que representan a uns cincuenta mil galegos e galegas que precisan acceder a unha vivenda, dos que —como dicimos— máis do setenta por cento se calcula que o que están demandando e solicitando é vivenda en réxime de alugueiro. ¿Por que non priorizan se teñen eses datos? Cando ademais dos números deste rexistro que temos



aquí, tamén hai unanimidade por parte dos expertos, por parte do propio ministerio no feito de que o alugueiro de vivenda protexida a prezo alcanzable ten que ser a prioridade nestes momentos nas políticas de vivenda.

Vostedes seguen recortando ese orzamento, priorizando —como dicimos— a compra sobre o alugueiro. Ademais, por descontado que seguen sen cumprir cos compromisos que ano tras ano se aproban e se traen a este parlamento, para que dunha vez por todas impulsen e aumenten ese raquíctico parque público de vivenda.

Non contestan a esas preguntas: ¿que previsións teñen para o 2022?, ¿que teñen para o 2023? ¿Van cumprir a este ritmo os prazos de duplicar os compromisos, de duplicar ese parque de vivenda pública? Non.

Pero é que este desleixo en materia de vivenda ten consecuencias e cifras —dicíamos que iam debullalas— directas, sobre todo para a mocidade galega. Os datos de desemprego xuvenil, sumados á precariedade laboral e a esta falta de vivenda accesible, deixan arredor de trescentas vinte mil mozas e mozos galegos que se ven na obriga de seguir vivindo con seus pais, con súas nais, coas súas familias, porque non se poden emancipar. Son case o setenta e sete por cento da poboación nesa franxa de idade. Estamos ante o dato máis alto este ano desde que hai rexistros, segundo a Enquisa continua de fogares do INE. Somos —Galicia, tanto que presumimos— a sexta comunidade autónoma coa taxa máis baixa de emancipación xuvenil, só superados por Castela e León, Andalucía, Canarias, Castela-A Mancha e Murcia.

Esa debería ser unha problemática prioritaria indiscutible para facer fronte, pero nin nos orzamentos nin tampouco nos discursos —porque as palabras ás veces son importantes— dan mostra de que haxa algún tipo de interese ou de preocupación. ¿Onde poñen o acento e onde van recursos públicos dende a Consellería?, ¿onde pon o acento no debate o Partido Popular? Gástanos, por exemplo, en informes carentes do máis mínimo rigor, informes a dedo, como o encargado a unha exdeputada do Partido Popular de Castela-A Mancha para que sentencie argumentos falaces, que a semana pasada traían á comisión, para falar de vivenda, pero para falar de que aquí en Galicia o problema máis grande que temos de vivenda é o da ocupación. *(Aplausos.)*

A semana pasada empregábase este informe —insisto— encargado con cartos públicos a unha exdeputada do Partido Popular, dicindo ademais os datos do propio Consello do Poder Xudicial, para argumentar que aquí existía unha grande alarma social polo aumento dos casos de ocupación. No canto de falar dese problema da vivenda, do rexistro, das demandas que hai, na consellería levan meses tratando de colocar na axenda o suposto problema da ocupación. Invisten tempo e cartos en informes a dedo, aínda sabendo que esas estatísticas sitúan o problema como que está non só diminuindo senón que é absolutamente residual.

Evidentemente, para as vinte e dúas persoas que entre abril e xuño presentan nos tribunais unha demanda por un problema de ocupación será un problema importante. Pero poñer aí o foco só responde —como dicimos— ao argumentario máis argumentario da dereita, con-taxiado por certo pola ultradereita. Galicia está de feito na cola das comunidades en deman-



das por ocupación, somos a terceira xunto a Euskadi con menos demandas por habitante. Así que preguntamos con que rigor unha conselleira como a titular de vivenda, atendendo a estas cifras, pode falar de problema agudo, alarmante. Priorizan falar disto, meter medo na sociedade, asumindo esa estratexia que dicíamos da dereita, antes que falar do problema de acceso á vivenda.

E nesta parte, rematar e a ver se non temos que volver falar de ocupación. As palabras do presidente do propio Tribunal de Xustiza de Galicia na apertura do ano xudicial din que a alarma xerada nos últimos meses sobre a ocupación de vivendas se asenta nunha situación paradoxal, que non está avalada polas cifras nin pola realidade.

Polo tanto, deberíamos deixar de perder o tempo con informes pantasma e centrarnos no realmente importante, que é o problema que existe co acceso á vivenda. *(Aplausos.)* No canto de encargar informes de parte dirixidos a respaldar esta postura irreal e falaz, irresponsable, sería mellor buscar a fórmula para ampliar ese parque inmobiliario público. Tamén entregar os esforzos a plans de vivenda efectivos, non como o último plan, máis enfocado ao financiamento de promotores privados que a solucionar os problemas reais. Que as vivendas públicas de promoción privada sexan máis caras que as de libre mercado e que a estas se dirixan ademais as axudas só pode entenderse se a finalidade é beneficiar os promotores e non os demandantes.

Urxe, por tanto, que o Instituto Galego da Vivenda e Solo xestione con recursos e en condicións un servizo de emancipación xuvenil cunha bolsa de alugueiro que promova experiencias específicas.

Para rematar, en contraposición, hoxe mesmo no Consello de Ministros está previsto aprobar a primeira lei de vivenda da democracia. Unha norma que establecerá, entre outras cousas, medidas para paliar as denominadas «zonas tensionadas», nas que se produciu un aumento continuado do prezo dos alugueiros e cando o custo do alugueiro ou a hipoteca e mais os gastos superen o trinta por cento dos ingresos medios das familias desas zonas.

En moitos puntos do noso territorio, deste país, o esforzo que terían que facer as mozas e os mozos para poder acceder a unha vivenda está por riba do setenta por cento. Polo tanto, é responsabilidade de todas as administracións desenvolver este pilar do Estado do benestar, facer do dereito á vivenda un dereito real e non un mero asunto accesorio que só defenden con énfase cando se trata de facer política irresponsable, extremista e falaz sobre esta suposta ameaza de ocupación.

Estamos metidos de cheo nun debate de orzamentos, estamos, polo tanto, a tempo de empezar a reverter a situación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Grupo Parlamentario Popular, señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Señorías.

Señora Fernández, vostede construíu un relato no que verteu afirmacións non axeitadas á realidade para construír o seu discurso.

Volve aquí cos recortes. Non hai recortes en Galicia, señora Fernández, nin señora Otero. Recortes son os que está a facer o Goberno central coa subida do prezo da luz, as cotizacións dos autónomos un 20 %, os combustibles e tamén agora pretenden cobrar polas peaxes nas autovías. (*Aplausos.*)

Xa se explicou por activa e por pasiva que o Rexistro de demandantes de vivenda está sometido a unha lóxica evolución con altas e baixas de solicitantes; non hai ningunha situación de colapso. Este rexistro inclúe aos demandantes de vivenda protexida, e as persoas adxudicatarias causan baixa no momento da adxudicación da vivenda. Con todo, non causan baixa os perceptores de calquera outro tipo de axuda, como son as axudas ao alugueiro, o bono do alugueiro social ou a adxudicación de vivendas que non teñen a cualificación de protexidas. Como saben, a través deste rexistro, o Instituto Galego da Vivenda e Solo adxudica todas as vivendas protexidas que se constrúen ou rehabilitan en Galicia, tanto as vivendas de nova construción como as rehabilitadas, tamén todas as vivendas de promoción privada.

En resumo, parte das persoas que se atopan incluídas no Rexistro de demandantes de vivenda xa están recibindo a atención da Xunta de Galicia para dispoñer dunha vivenda adecuada a través das axudas públicas. A percepción das ditas axudas non impide que continúen inscritos no rexistro se así o desexan.

Pero para debater sobre a realidade concreta hai que traer a colación os datos, e os datos non se poden terxiversar. O importante son os datos das familias que reciben axudas da Xunta de Galicia para facilitar o seu acceso á vivenda en condicións dignas. Desglosemos algúns:

Dende a reforma do rexistro en 2010, a Xunta adxudicou máis de tres mil cincocentas vivendas de promoción pública. No período 2015-2020, correspondente ao Plan RehaVita, concedéronse 17.533 axudas para o pago do alugueiro, por un importe de máis de trinta e catro millóns de euros —estas persoas non causan baixa no rexistro—, axudas para o alugueiro no Plan de vivenda, axudas de alugueiro para afectados pola covid-19, bono de alugueiro social e bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero.

A Xunta conta cun parque público de vivendas en alugueiro con 3.700 vivendas, que se incrementan con cada nova promoción. Colabórase cos concellos na creación dun parque público municipal, 172 vivendas municipais rehabilitadas por un importe de 6,3 millóns de



euros. O Programa de mellora da infravivenda, grazas ao que se rehabilitaron un total de 117 vivendas. E, por outra banda, as liñas para a adquisición de vivenda, que son axudas para que os menores de 35 anos poidan comprar vivendas en concellos de menos de cinco mil habitantes, axudas para comprar vivenda en centros históricos, axudas para a adquisición de vivendas protexidas.

A política de vivenda é e ten que ser transversal. A Xunta conta cunha completa planificación da súa política en materia de vivenda, cun modelo axustado ás necesidades reais de Galicia e centrada nun obxectivo: apoiar as familias galegas na consecución dunha vivenda digna, desenvolvendo programas de vivendas de promoción pública de nova construción ou rehabilitada, colaborando cos concellos na creación dun parque público municipal. Conta con liñas de axudas para alugueiro, liña de axudas para a adquisición de vivenda e, por suposto, para atender as persoas que máis o necesitan. Un amplo abano que permite desenvolver unha política que está ao pé da rúa dando resposta ás demandas e ás necesidades da xente.

Señora Fernández, ¿está vostede en contra das axudas ao alugueiro?, ¿está vostede en contra das axudas a mozos e mozas galegas para a compra da súa primeira vivenda? E outra pregunta: ¿por que o Bipartito do PSOE e BNG na Xunta eliminou programas como o da hipoteca xove ou a bolsa de alugueiro sen habilitar sequera alternativas?

Señorías, O Plan RehaVita 2015-2020 foi o primeiro plan de vivendas específico para Galicia formulado polo Goberno galego, polo Goberno do Partido Popular, e hoxe está vixente o Pacto social pola vivenda 2021-2025, diagnóstico, análise e proposta de resolución con medidas e propostas concretas e con enfoque de traballo de mellora continua e rendendo contas.

Deberían render contas outros gobernos implicados tamén na política de vivenda. Debería render contas o Goberno do PSOE de Vigo, polas trabas á urbanización de San Paio de Navia e a construción de 1.609 vivendas protexidas na cidade. ¿Que lles podemos dicir ás persoas inscritas como demandantes de vivenda en Vigo? Debería render contas tamén o Goberno do BNG en Pontevedra. Un titular: a Xunta espera que o Concello de Pontevedra facilite a cesión das parcelas para iniciar a construción de vivendas de promoción pública na cidade. E un dato: na etapa do Goberno do bipartito non se construíu nin unha soa vivenda de promoción pública en Pontevedra. Por certo, no concello de Ferrol tamén está a Xunta á espera das licenzas para a área Rexurbe. ¡Lamentable! Lamentable e irresponsable que por puro interese partidista se poñan trabas aos proxectos da Xunta. (*Aplausos.*) Lamentable e irresponsable porque o que fan é prexudicar ao conxunto de galegas e galegos.

Pero voulle poñer outro exemplo, outro exemplo da realidade. ¿Sabe cal foi a política de vivenda dos seus extinguidos amigos, a Marea Atlántica, na cidade da Coruña? Máis de dúscentas familias desesperadas esperando para entrar a vivir nas súas casas. O motivo: os atrasos inxustificables, anos e anos, nas licenzas de primeira ocupación das cooperativas de vivendas protexidas no Parque Ofimático, hoxe barrio de Xuxán. Isto foi un fracaso, señorías.

A política de vivenda da Xunta de Galicia é outra: traballar para que todos os galegos dispoñan dunha vivenda digna a prezos asequibles, construíndo a vivenda pública e apostando tamén por rehabilitar o construído para poñelo en valor e facilitar ás familias o acceso a



unha vivenda. Diversos programas de axudas, xa sexan ao alugueiro ou en compravenda, con máis oportunidades para que os mozos galegos poidan acceder á súa primeira vivenda.

O Plan RehaVita deu os seus froitos, os datos están aí, e o Pacto social para vivenda hoxe vi-xente dará os seus froitos. Un pacto impulsado polo Goberno galego e que nace do consenso e a implicación de todas as partes afectadas, no que están representados todos os sectores a través do Observatorio da Vivenda de Galicia, dende promotores, construtores, cooperativas, a Fegamp, os arquitectos, os arquitectos técnicos e, por suposto, os consumidores e usua-rios.

Onte, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda deu conta na Comisión 3ª dos orzamentos da consellería para o vindeiro ano 2022. O orzamento para o 2022 do Instituto Galego da Vivenda e Solo ascende a máis de 123,5 millóns de euros, o que supón un incre-mento de 27,5 millóns con respecto ao pasado ano; un 28,6 % de incremento. Un orzamento que demostra, unha vez máis, o compromiso da consellería e do Goberno galego en materia de vivenda.

O orzamento para continuar apoiando as familias que máis o necesitan, o orzamento para favorecer a emancipación dos mozos e mozas menores de 35 anos, o orzamento para dar un impulso definitivo á rehabilitación de vivenda e o orzamento para vivenda pública. Dez mi-llóns de euros para o Parque Ofimático da Coruña, barrio de Xuxán, para a urbanización de terreos, 80 novas vivendas. Oito millóns de euros para a urbanización de San Paio de Navia, se o Concello de Vigo deixa de poñer trabas, o que permitirá poñer á disposición 1.600 novas vivendas. Uns 6,5 millóns de euros para a cidade de Santiago, onde a Xunta de Galicia cons-truirá 24 vivendas no Castiñeiriño e 36 en Lamas de Abade, 60 novas vivendas en Santiago. Esta é a folla de ruta para seguir as directrices incluídas no Pacto social pola vivenda con-sensuado con todos os axentes implicados. E renderase conta. Ao Bipartito, PSOE e BNG da Xunta, xa os galegos lles fixeron render contas.

¿Acórdanse daquel famoso decreto das Normas do hábitat? Normativa rexeitada masiva-mente por todos os profesionais do sector, impugnada pola Federación Galega de Municipios e Provincias, e que o Goberno de Feijóo tivo que modificar cando vostedes perderon a con-fianza do pobo galego, cando vostedes perderon as eleccións.

Falaba tamén a señora Otero do tema da ocupación. Mire, señora Otero: nós defendemos o dereito á vivenda e a obriga das administracións de promover o seu acceso, pero tamén de-fendemos o dereito á propiedade e a loita contra a ocupación. A semana pasada, efectiva-mente, vostedes votaron en contra de que o Goberno de España abordase unha reforma lexislativa contra a ocupación de vivendas —en contra os deputados e as deputadas do PSOE e do BNG, xuntos—, alegando que non existía problema de ocupación, que era un invento do PP.

Eu son da Coruña e tamén son do barrio dos Maios, ¿pensa vostede que máis des seiscentos centos veciños e veciñas dos Maios sairíamos hoxe á rúa se non fose porque hai un problema grave de ocupación na cidade da Coruña? (*Aplausos.*) ¿Pensaría vostede iso? En dúas ocasións, señora Otero, en dúas ocasións tivemos que saír á rúa.



Oficialmente, segundo os datos da Policía Local, prodúcense cinco denuncias ao mes na Coruña por apropiación dunha casa; do total das usurpacións case a metade se produce neste barrio e no da Sagrada Familia. Calcúlase que hai cerca dun centenar de vivendas afectadas na cidade. Veremos tamén que trae esa nova Lei de vivenda. Xa llo digo: igual que as Normas do hábitat.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire Vázquez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Señora Freire, moito falar de ocupación, pero esquecéuselle falar do tema: vivenda protexida, *(Aplausos.)* cero. E o Partido Popular é o grupo que é absolutamente alleo á realidade que se está vivindo en materia de vivenda, que no último lustro o prezo de vivenda en alugueiro aumentou ata un trinta por cento. O informe da EAPN fala dun empeoramento preocupante dos efectos das dificultades de acceso a unha vivenda digna. Fala especificamente de que en Galiza o atraso no pago dos gastos de vivenda principal se incrementou nun 3,4 % en 2008 a un 8,5 % en 2020. Este é o saldo do Goberno do Partido Popular: multiplicouse por máis do dobre as persoas que teñen problemas para pagar a vivenda.

Estas non son só cifras, son a vida cotiá da xente que ten que escoller entre pagar a vivenda e comer e cubrir as necesidades básicas. Significa deixar de atender as cousas máis básicas. Para miles de familias, todo isto significa un despexo. Hai miles de familias en Galiza que sufriron despexo por non poder pagar as rendas. E moitas non chegaron a esa situación grazas a que contan cunha rede de solidariedade da familia ou de amizades que lles resollen de forma puntual o problema.

O único que temos neste país é xente traballadora axudando a xente traballadora cando non pode atopar unha vivenda. *(Aplausos.)* O que temos é xente moza contando meses para volver á casa dos pais, cantos meses vai poder seguir pagando o piso. E mentres tanto o Partido Popular recortou 1.700 millóns de euros en programas de vivenda, ¡1.700 millóns de euros! *(Aplausos.)*

Xa lle fixen as contas onte á señora conselleira, pero volvo repetilas aquí. Hai unha diferenza de 98 millóns de euros entre os programas de vivenda do orzamento de 2009 e os programas de vivenda de 2022. Pero non só temos un recorte da metade entre 2009 e 2022, senón que na metade da lexislatura desta longa lexislatura, esta longa etapa negra do Partido Popular, houbo períodos en que os programas de vivenda foron absolutamente recortados. E iso dá un acumulado dun recorte total de 1.700 millóns de euros.

¿Como pode sacar o Partido Popular peito das axudas, do modelo de axudas, ¡por favor!, se vostedes dan en total dúas mil axudas sumando todas as liñas —a liña xeral, a liña para a mozos—



, que chegan a unhas trescentas persoas? ¿Como pode o Partido Popular sacar peito de dúas mil axudas cando hai quince mil persoas agardando no Rexistro de demandantes? *(Aplausos.)*

¿Como poden sacar peito dunhas axudas dun bono de alugueiro social destinado á xente que sofre un despexo que lles obriga a pasar pola execución do desaloxo, que non ten medidas preventivas? ¿Como pode sacar peito a Xunta dun bono que só chega a setecentas persoas cando neste país houbo o dobre de desafiuzamentos? ¿Saben por que non chega a todo o mundo? Porque ese programa é un fracaso, porque dá unha axuda de 200 euros e dinlle: búscate a vida. ¿E que lle pasa a unha persoa que non ten un contrato cando chega a buscar un piso? Pois que non lle alugan. E ese é o problema, que a Xunta non lle dá ningún tipo de alternativa. É un programa absolutamente fracasado.

Temos un problema de investimento e temos un problema tamén de estratexia en canto á vivenda protexida. E tendo en conta cal é a situación de acceso á vivenda e cal é a situación do parque inmobiliario galego, hai tres grandes problemas en canto ao modelo de vivenda protexida e tres grandes debates que hai dar:

Primeiro, se a vivenda protexida debe ser vivenda nova ou vivenda sen uso. Como comentaba na primeira intervención, construímos máis vivendas das que a necesidade real demandaba, de forma que o modelo prioritario ten que ser a adquisición de vivenda sen uso e non tanto a nova construción.

En segundo lugar, o debate é: ¿vivenda pública ou vivenda de promoción privada? Porque, claro, vostedes fixeron unha clasificación da vivenda protexida que pode levar á confusión a moita xente, porque dentro da denominación xenérica de vivenda protexida está, por unha banda, a de promoción pública e, por outra, a de promoción autonómica de promoción privada. Polo tanto, temos dentro do mesmo paraugas de vivenda protexida un desenvolvemento que daría modelos absolutamente diferentes.

Nós cremos que o modelo fundamentado na vivenda de protección autonómica, como se fixo ata agora, en réxime de compra ten grandes problemas, porque o que fai é que unha vez que pasou o tempo en que esa vivenda estivo protexida e pasa ao mercado libre recupera os prezos do mercado e a administración pública fixo un investimento que logo queda coas mans baleiras. Por iso temos que cambiar o modelo e apostar pola vivenda protexida de promoción pública en réxime de alugueiro, porque é un investimento de carácter estrutural, que serve para que o investimento de hoxe sexa tamén o parque público de vivenda de mañá.

E o último debate é tamén se o modelo é alugueiro ou compra. Igual que o caso anterior, a promoción de vivenda pública en alugueiro significa que iso quede en propiedade e en mans públicas, e a compra significa pan para hoxe, fame para mañá. Ademais, hai que ter en conta que o modelo de réxime de compra exclúe as persoas que non teñen capacidade de aforro ou capacidade de endebedamento, que son as persoas que máis necesitan que a administración pública vele por que o seu dereito de acceso a vivenda estea garantido.

Polo tanto, vivenda protexida cun modelo de vivenda pública en réxime de alugueiro e que preferentemente se incorpore mediante adquisición de vivendas en uso.



Vostedes, señores do Partido Popular, nin están ni se lles espera no debate sobre a vivenda; son a oposición á creación da vivenda pública. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes querían saber se nós estabamos a favor dun modelo de axudas. Eu non sei se é que a señora Freire fai un recoñecemento explícito de que vostedes renuncian ao modelo de vivenda protexida e apostan só por dar miserables axudas, que é o que levan facendo no fondo todos estes anos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Os seus recortes —acabo xa— xa nos teñen custado o poder ter multiplicado nestes doce (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) anos por cinco o actual parque de vivenda pública. E cada ano que seguen no goberno é un ano perdido para un cambio que garanta o acceso á vivenda e a posibilidade de emanciparse para a xeración máis nova. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Unha vez que rematou o debate sobre as mocións, comezamos as votacións.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: En primeiro lugar, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Pablo Arangüena.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, da que se acepta só o primeiro punto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a defensa dos ecosistemas fluviais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa vivenda protexida.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Paso a lerlles una declaración institucional que me fan chegar os grupos e que di o seguinte:

«Perante as afirmacións contidas nunha resolución xudicial do Xulgado de Primeira Instancia de Marbella, na que se denomina “Galicia profunda” unha vila galega e se atribúen limitacións á felicidade e ao desenvolvemento integral dunha persoa para vivir nela, o Parlamento de Galicia manifesta as seguintes consideracións:

Primeira. Non corresponde a esta cámara pronunciarse sobre o fondo da cuestión, que en todo caso debe priorizar o interese superior do menor.

Segunda. Manifestar o noso máis profundo rexeitamento á utilización da expresión “Galicia profunda” cara a calquera aldea, parroquia, vila, comarca ou cidade galega. Este cualificativo implica unha valoración pexorativa e inxustificadamente negativa do país, que resulta inadmisíbel en calquera contexto, máis aínda nunha resolución xudicial.

Terceira. Afirmacións desta índole amosan un profundo descoñecemento da realidade de Galicia e do pobo galego, evidenciando enormes prexuízos e estereotipos que nada teñen que ver con este país, no que concorren todas as condicións para un pleno e integral desenvolvemento das persoas. Resulta sorprendente e rexeitable que estes estereotipos aínda topen eco como ocorre no presente caso.

Cuarta. Calquera aldea, vila ou cidade galega é apta para o desenvolvemento dunha nena ou neno.



Por esta razón, as forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia queremos reafirmar o noso orgullo como galegas e galegos. E así o expresamos con esta declaración institucional, que é tamén un acto de dignidade colectiva». (*Apróbase por asentimento.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Continuamos coa orde do día, co punto segundo, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha defensa, ante a Unión Europea e a Organización Mundial do Comercio, para frear a proposta de prohibir determinadas subvencións á pesca

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Teresa Egerique Mosquera.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Seguir manifestando publicamente o seu rexeitamento á proposta sobre a eliminación das subvencións do combustible á pesca.

2º. Dirixirse ao Goberno de España para que continúe a demandar diante da UE e da OMC unha defensa pechada para frear a proposta de prohibir subvencións á compra ou a cubrir os custes de combustible na pesca, cuxo obxectivo é a defensa da igualdade global da actividade marítimo-pesqueira e de competitividade e sustentabilidade da nosa frota.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

Esta iniciativa que traemos hoxe aquí foi debatida en comisión o 7 de setembro, pero volve-mos traela por varios motivos: polas preocupantes manifestacións e accións ao respecto por parte dos Verdes en Europa, grupo no que se integra o Bloque Nacionalista Galego; polos cambios de postura e xiro de temón do Goberno de España neste asunto, e polo inminente



debate que se vai producir sobre este tema na XII Conferencia Ministerial da Organización Mundial do Comercio do 30 de novembro ao 3 de decembro en Xenebra. E irei punto por punto:

En primeiro lugar, con posterioridade ao debate da PNC en comisión o 7 de setembro, coñecemos a carta remitida pola portavoz do Grupo dos Verdes da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, Grace O'Sullivan, ao vicepresidente primeiro da Comisión Europea, Frank Zimmermann, e ao comisario europeo de Medio Ambiente, Océanos e Pesca, Virginijus Sinkevičius. A carta tiña o seguinte asunto: «Negociacións da Organización Mundial do Comercio sobre bonificacións prexudiciais na pesca e o sector marítimo». E dou lectura a esta carta na súa parte fundamental, que di o seguinte:

«En el sector pesquero, las bonificaciones a los combustibles y las exenciones fiscales se han reconocido desde hace mucho tiempo como bonificaciones perjudiciales que conducen a un aumento artificial de la capacidad pesquera y crean más presión sobre las poblaciones ya sobreexplotadas. Sin embargo, un informe reciente descubrió que cada año la industria pesquera de la Unión Europea se beneficia con hasta 1.500 millones de euros en exenciones fiscales y subvenciones, y los sectores más destructivos son los que se benefician.

» Como comisarios responsables de cumplir las promesas del Acuerdo verde de la Unión Europea, nosotros, los eurodiputados abajo firmantes, les pedimos que reconozcan el impacto de las exenciones de impuestos a los combustibles fósiles y las subvenciones perjudiciales, y que presionen por un acuerdo ambicioso en las negociaciones de la OMC que elimine gradualmente estas subvenciones con plazos concretos».

Eu preguntome «acordo ambicioso», ¿para quen? Porque, dende logo, para o sector pesqueiro de ningunha maneira. Os Verdes son precisamente — como dixeron — o grupo parlamentario onde se integra o Bloque Nacionalista Galego en Europa, malia que moitas veces iso o negan na propia comisión, e non é certo, hai unha alianza e aí está incluído o Bloque Nacionalista Galego.

A portavoz do Grupo dos Verdes na Comisión de Pesca no Parlamento Europeo está a recoller firmas con esta carta que acabo de ler para pedir o fin das bonificacións ao diésel para o sector da pesca, polo que queremos denunciar ese extremismo ambiental. Nós sabemos da importancia do coidado do medio ambiente, pero nós queremos denunciar ese extremismo ambiental dos socios do Bloque nesta cuestión, en prexuízo dos intereses do sector pesqueiro galego.

Cando presentamos esa PNC na comisión, tampouco tiñamos desmentido do Goberno de España as noticias de finais de agosto, que sinalaban que Bruxelas aumentaba a presión sobre a frota e reivindicaba poñer fin ao gasóleo bonificado, especialmente aquela parte na que se apuntaba a que España se aliñaba coa Unión Europea.

Aprobamos a PNL, por certo, co voto favorable do Bloque Nacionalista Galego, aos que lles pido certa coherencia. Nós agradecemos os apoios, pero despois hai que ser coherentes onde se toman as decisións e onde finalmente se vai decidir se isto vai ser unha realidade ou non.



O 28 de setembro, o director xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura da Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura e Pesca, Ignacio Gandarias, nunhas declaracións en Vigo, na súa intervención na Conferencia Internacional de Arvi sobre o futuro da pesca, «A pesca europea ante o *level playing field*», daba un golpe de temón e afirmaba que a postura de España dentro da negociación sobre a supresión dos subsidios pesqueiros é seguir coas exencións fiscais ao combustible na pesca. Decía alí diante dos armadores e das persoas afectadas —que xa se manifestaron publicamente, por certo—:

«Debe continuar como está. La OMC puede incidir en el precio del gasoil, pero la materia impositiva debe quedar al margen. Las ayudas que se han incluido en el Fondo Marítimo de la Pesca y Acuicultura, Fempa, no alientan ni la sobrepesca ni la sobrecapacidad. Y en cuanto a la propuesta Fit55, que plantea un impuesto mínimo al gasoil pesquero, España defenderá esas exenciones justificando la incidencia negativa que ese gravamen tendrá sobre el sector pesquero».

Unha frase que soa fenomenal e que realmente era o que alí en Arvi querían escoitar, porque levan reivindicando, e ata o momento non tiveron ningunha resposta que lles dera unha resposta ao amarre positivo nesta cuestión. Polo tanto, o Goberno de España ata ese momento non tiña ningunha pronunciación a favor do propio sector pesqueiro e en contra de prohibir esas bonificacións.

No Consello de Ministros de Agricultura e Pesca celebrado en Luxemburgo o 11 e 12 de outubro de 2021, no que participou o ministro Planas, non estaba na orde do día, nin na parte de pesca, nin na parte de acuicultura, tratar o tema da proposta de prohibir as bonificacións para os combustibles no sector da pesca. Nós queremos pensar que tamén é algo do que se aproba neste parlamento e que chega aí ao ministerio, pois pode ter certa repercusión, porque meteuse rapidamente na orde do día na parte de agricultura o paquete de medidas Obxectivo 55, iniciativas legislativas para permitir a actualización do obxectivo climático actualizado para o 2030.

Polo tanto, o ministro Planas, —e repito: na parte de agricultura, non na de pesca— no Consello de Ministros, meteu a calzador un apunte deste tema, pero despois na nota de prensa ou nas declaracións públicas non se manifestou para nada en contra da fin destas bonificacións. Eu creo que será que non quere cabrear á Comisión Europea, ou que non queren cabrear á propia ministra Teresa Rivera, ou á de Medio Ambiente, ou a ese equipo que teñen de traballo, que non se entenden entre eles, entre PSOE e Podemos.

Polo tanto, habería que concretar ben diante dos afectados pois si frases que son as que queren escoitar, pero despois non hai concrecións claras de que se vai apoiar o que se está solicitando dende aquí e o que aprobamos na comisión.

Ante os últimos bandazos e cambios de opinión do Goberno de Pedro Sánchez, sen unha postura firme —insisto: é o que pedimos, unha postura firme—, vostedes puñan en cuestión a postura firme da Xunta de Galicia. E xa en maio temos noticias, temos hemeroteca. O 19 de maio de 2021, a conselleira do Mar dicía: «*Respalda a la flota. Galicia rechaza la eliminación generalizada del combustible bonificado. Rosa Quintana se ha mostrado totalmente en contra de la eliminación de la bonificación del combustible*», liamos nun teletipo de Europa Press, tamén o 19/5/2021. Polo tanto, dende Galicia hai unha postura firme en contra desa eliminación.



Pero ante os últimos bandazos —como digo—, sen postura firme do Goberno de España, como debería ser a dun Goberno que defende os intereses do país e que defende os intereses do sector pesqueiro, e despois das declaracións do director xeral de Ordenación Pesqueira, pois nós temos que dicir que nos congratulamos de que o Goberno teña nese momento feitas esas declaracións, que volva defender o mantemento do *statu quo* para evitar unha situación e que quede en desvantaxe coa frota española. Pero isto hai que manifestalo alí, en Bruxelas, e ten que estar reflectido tamén en diferentes opcións, en diferentes acordos aos que se chegue no propio Consello de Ministros tamén en España, sen ter interferencias con outros ministerios, como pode ser o Ministerio de Transición Ecolóxica ou o propio de Medio Ambiente.

Dunha forma inxusta, ademais, sería a desvantaxe da frota galega e española, porque sabemos que isto está pensado —queremos pensar que está posto enriba da mesa— para frotas como a chinesa ou doutros países asiáticos, que pescan de xeito agresivo, que nada teñen que ver co que facemos aquí en Galicia, o que fan os barcos galegos.

E todas as informacións acontecidas relativas a este asunto dende setembro aumentan a preocupación sobre este tema. Eu quería extractar tamén parte do comunicado do 19 de outubro da sesión plenaria do Parlamento Europeo en relación coa posición do Parlamento Europeo ante a Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, que terá lugar en Glasgow do 31 de outubro ao 12 de novembro, porque tamén é preocupante, e di o seguinte: «*La Unión debe mantener su liderazgo en la lucha contra el cambio climático, y se compromete a trabajar para que el paquete climático Objetivo 55 para el 2030 esté en consonancia con el acuerdo de París. Con el fin de acelerar la lucha contra el cambio climático, el Parlamento Europeo insta a la Unión a reemplazar el plan decenal vigente por una estrategia a cinco años...*». É dicir, xa reducen os prazos. E, nese prazo, todos os subsidios directos e indirectos aos combustibles fósiles «deberán ser eliminados de forma gradual na Unión Europea», sinalan os eurodeputados, que tamén animan a outros países a facer o mesmo.

Polo tanto, nós cremos que está máis que xustifico que hoxe este Pleno se manifeste neste tema: o tratamento desta iniciativa e a necesidade de apoiar a frota galega neste paso, que pode poñer máis lonxe ese trato equitativo entre todas as frotas do mundo. É todo o contrario a ese «*level play field*» que tanto ansiamos e do que tanto falamos na Comisión de Pesca e dende todos os grupos políticos.

Eu quería soamente ler un extracto dun escrito da Cooperativa de Armadores de Vigo, que plantexan o seguinte —fixérono público e están preocupados—, facendo unha boa reflexión, que deberíamos facer todos: «*Conscientes da realidade do cambio climático e conscientes da necesidade de arbitrar medidas que contribúan enerxicamente a combatelo, antes de adoptar algunhas, é imprescindible que se completen estudos profundos de análise e valoración do impacto de aplicación de tal reestruturación, especialmente resultados non directos que das medidas poderían devir, que, nalgún caso, como o que nos ocupa, abocarán a un escenario radicalmente peor que o actual, tendo en conta, ademais, que a proteína mariña obtida da pesca é con gran diferenza a que menor pegada de carbono xera, e por iso mellor pode contribuír a consolidar o abastecemento de alimento ambientalmente máis sustentable*». É dicir, que tendo en conta todos estes factores, temos que saber que o que fai a frota



galega e o que está facendo o sector pesqueiro —en Galicia sabémolo ben— é contribuír realmente a que ese cambio climático vaia con lentitude e que sexa sustentable para eles e para a pesca.

Polo tanto, refírense, en concreto, á previsión de establecer un imposto ao gasóleo pesqueiro de preto de 14 euros por cada 100 litros de combustible a partir do ano 2023. Creo que é un tema importante. Malia que xa o debateramos na Comisión, creo que é imprescindible que o traíamos ao Pleno e que todos os deputados poidamos votar e manifestarnos neste tema, porque está clara a posición: estar a favor do sector pesqueiro ou afogar e ir en contra do sector pesqueiro cun tema ambiental totalmente radical que non é acorde coa forma de vivir que temos aquí en Galicia.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

A verdade é que eu, cando me puxen a preparar as intervencións deste pleno, tiven que volver mirar a orde do día a ver se non me estaba equivocando e estaba preparando unha comisión de pesca, porque é verdade que recentemente, en setembro deste ano, se tratou este asunto na Comisión de Pesca ante unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, e é a mesma, a mesma iniciativa e ten a mesma parte resolutiva que hoxe volven traer a este pleno. E quero recordar que aquela iniciativa saíu aprobada por unanimidade. Polo tanto, non entendía ben cal era o obxectivo de que hoxe voltaran traer a mesma iniciativa. Pero despois de escoitar a señora Egerique, quedoume moi claro: querían aproveitar unha proposición non de lei, a mesma proposición de lei que foi aprobada hai pouco máis dun mes. ¿Para que? Para atacar tanto o Bloque Nacionalista Galego como o PSdeG, argumentando e faltando totalmente á realidade con que calquera dos dous grupos cambiara o seu posicionamento.

No que nos toca a nós, no relativo ao Goberno central e ao Partido Socialista, señora Egerique, non houbo ningún bandazo, non houbo ningún cambio de rumbo, e vostede fallou totalmente á verdade cando estaba a dicir que nesa conferencia na que estaba o director xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio ante Arvi non se fixera unha aposta decidida por parte do Goberno central, posicionándose de novo contra a eliminación das axudas ao custo de combustible na pesca, porque non é verdade. O director xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio precisamente volveu manifestar esa oposición do Ministerio a que se eliminen estas subvencións.

Ademais, mire, señora Egerique, vostede o recoñecía na Comisión de Pesca do pasado mes de setembro: foi precisamente España, o señor Planas, o ministro de Pesca español —por



se non o recorda vostede—, o que na reunión de ministros de Pesca da Unión Europea de maio do 2021 incidiu e traballou para meter na orde do día dese consello de ministros de pesca europeo cal sería o posicionamento da Comisión Europea con respecto a esta eliminación de axudas de custo de combustible na pesca. Polo tanto, ¿como que non se está a facer nada por parte do Goberno central? O ministro de Pesca, na reunión da Comisión de Ministros de Pesca da Unión Europea, foi o que quería sacar o posicionamento da Comisión Europea. Certo é que despois se uniron máis países, pero a proposta foi conxunta de España e de Francia. E despois, claro, é que vostede ata falla á verdade dicindo o que aconteceu nesa reunión do sector no que estaba presente Arvi.

É certa a preocupación que xera no sector a eliminación das axudas de custo á compra de combustible, pero niso coincidimos tamén todos os grupos, e así tamén o PSdeG. E tamén en xullo deste mesmo ano levamos unha pregunta á Comisión de Pesca para preguntarlle ao Goberno galego que accións levaba feito de cara a esta ameaza da Organización Mundial do Comercio da Unión Europea de eliminar estas subvencións. Na súa resposta compartían a preocupación deste grupo, dende logo tamén a preocupación do sector, pero o que facía, como sempre, o Goberno galego, era botar balóns fóra e achacar unha falta de acción do Goberno central, que, como dixeran, e vostedes saben, non é verdade, porque o Goberno central está proactivo neste tema. *(Aplausos.)*

Este grupo instaba o Goberno galego a ir da man do Goberno de España para poder defender os intereses da nosa frota, porque non nos cansaremos de dicir dende este grupo que a nosa pesca realiza unha actividade legal, declarada e regulamentada, porque non podemos pasar por alto que a Unión Europea —e, por tanto, España; e, por tanto, Galicia— son referentes en materia de sostibilidade pesqueira, con instrumentos tan importantes como o rendemento máximo sostible, ou poñendo condicións estritas na utilización dos fondos europeos, do fondo FEMP; que, por certo, Galicia a mediados deste ano tiña aínda sen executar 154 dos 371 fondos asignados. Só se executaron 117 e en 2023 teñen que estar executados, se non, todos sabemos o risco que corremos de ter que devolvedos. *(Aplausos.)*

Ademais, en España e en Galicia somos líderes na loita contra a pesca ilegal, contra a non declarada e contra a non regulamentada. Por iso é fundamental incidir nos requisitos que cumpre a nosa pesca, porque a Organización Mundial do Comercio, constituída por 164 países e a Unión Europea, o que pretenden é prohibir subvencións que prexudican a sustentabilidade dos recursos pesqueiros, co fin de mellorar o beneficio de todos e a sostibilidade a longo prazo da pesca mariña.

Polo tanto, é fundamental tamén que Europa recoñeza os tres piares da nosa pesca: o medioambiental, o social e o económico. Polo tanto, os negociadores teñen a tarefa de lograr un acordo sobre disciplinas que elimine as subvencións á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e de prohibir certas formas de subvención que contribúan á sobrecapacidade e á sobrepesca, sendo trato especial e diferenciado parte integrante nas negociacións.

Se ben é certo que xa a FAO dicía que no ano 1970 a sobrepesca afectaba o 10 % das poboacións de peixes e que no 2017 esta proporción xa aumentara ata o 34 %, coa maior parte da poboación restante baixo ameaza de sobreexplotación, isto non se lle pode imputar nin pode



dicirse que sexa culpa da nosa frota, que, repito, fai unha pesca sostible medioambientalmente falando.

A ameaza da Organización Mundial do Comercio de eliminar estas axudas á compra do gasóleo na pesca, como sabemos todas e todos, non é nada novo, é unha negociación que empezou hai vinte anos, pero o certo é que agora urxen a ter rematado e a ter un acordo a finais deste ano 2021. Sabemos que os primeiros quince anos de negociacións non foron exitosas, sobre todo cun gran desacordo relativo ás vantaxes fiscais ao gasóleo mariño.

Se ben sabemos que se trata dunha proposta, xa sabemos que estas crean tendencia e o que pode ocorrer. Ante o risco, o Goberno de España reafirmou en numerosas ocasións o apoio ao mantemento dunha actividade pesqueira sostible, e está a defender o mantemento das exencións fiscais ao gasóleo na pesca. Engaden que é necesario preservar o tratamento fiscal existente para o gasóleo pesqueiro, especialmente cando se trata das exencións fiscais existentes nesta materia; algo que, como dicía a señora Egerique, se chega a pasar e se se eliminan estas subvencións, implicaría que o prezo do gasóleo para a nosa frota chegara a duplicarse, poñendo en grave risco a viabilidade de moitas empresas. Ademais, isto tamén implicaría o que nos din dende todas as organizacións: que isto podería incluso incrementar o custo do prezo do peixe, e todos sabemos o beneficioso que é o consumo deste produto na nosa dieta.

Polo tanto, o ministro de Pesca, dende logo, fixo declaracións en todos os ámbitos dicindo que esta era unha situación preocupante. É moi preocupante cuestionar as exencións en materia fiscal para o gasóleo, e por iso, como lle dicía antes á señora Egerique, foi o propio ministro de Pesca o que nese consello de ministros da Unión Europea de maio puxo enriba da mesa esta situación. A esta proposta realizada por España, xunto con Francia, sumáronse Irlanda, Malta, Chipre, Croacia, Italia, Polonia, Grecia e Bélxica. Polo tanto, non é certo, señora Egerique, que o Goberno central, e nomeadamente o Ministerio de Pesca, non estean a traballar para intentar revertir esta ameaza.

É certo, e tamén o dicía a señora Egerique, que a Xunta tamén ten amosado publicamente o rexeitamento para con esta eliminación, pero é preciso seguir incidindo niso: cada administración dentro do seu ámbito de competencias, porque non podemos pasar por alto que tamén o propio Comité Europeo das Rexións, no que está representado o Goberno galego, xa que está constituído por entidades locais e rexionais, tamén se pronunciou a favor da eliminación das axudas. Pero non fалemos á verdade, digamos que tanto un Goberno, o Goberno galego, como o Goberno central, están a traballar para revertir esta situación, e nese senso vai a nosa emenda, para que tanto a Xunta como o Goberno central sigan, non só facendo manifestacións públicas, que tamén están ben para que o tema non se olvide, senón que tamén, dende logo, para que sigan con accións é necesario que tanto a Xunta de Galicia dentro das súas competencias como o Goberno galego sigan a realizar todas as accións precisas para que a Organización Mundial do Comercio e a Unión Europea rectifiquen as súas propostas, porque, dende logo, eliminar estas axudas ao custo do gasóleo na pesca suporía un mazazo tremendo para o noso sector pesqueiro, cando, ademais, é un sector que fai unha pesca legal, regulamentada, e, como dicimos en tantas e tantas ocasións, sostible, medioambientalmente falando.



Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Bloque Nacionalista Galego, a señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todas e a todos.

Bueno, ao BNG pasounos un pouco como aos compañeiros do Partido Socialista, non entendiamos moi ben a que viña traer esta iniciativa que xa fora aprobada en Comisión, pero deixóunolo claro a señora Egerique: viña para bater. Pero, mire, señora Egerique, por moito que se repita unha mentira, non se converte en verdade; é unha frase moi manida, pero real como a vida mesma. E hai unha realidade que coñece todo o sector, e é que a voz da frota pesqueira galega en Europa é a voz de Ana Miranda, a eurodeputada do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.) (A señora Egerique Mosquera ri.)* E vostede e o sector sábeno. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, e non temos máis que visitar os portos e as lonxas do noso país e falar cos mariñeiros para apreciar o seu cabreo e o seu desánimo ante as políticas pesqueiras que continuamente prexudican a nosa frota. Esta medida que quere acadar a Organización Mundial do Comercio pode ser a morte definitiva da pesca galega. A OMC leva vinte anos negociando unha proposta para a retirada de certas subvencións á pesca —como ben dicían—, entre elas están a bonificación ao gasóleo ou as de modernización da frota. O argumento que defenden moitas partes da OMC é que, sen outras consideracións, son subsidios nocivos para fomentar a sobrepesca.

E «o café para todos» prexudica unha vez máis a Galiza, xa que a frota comunitaria —e, polo tanto, a galega— é das máis controladas do mundo; e nomeadamente, no caso galego, exemplo de pesca sostible que vén contribuindo dende hai anos a unha xestión sostible dos recursos mariños. A intención da OMC é cambiar as regras que actualmente rexen as axudas que recibe o sector pesqueiro para controlar a pesca. Pois en Galiza xa está controlada a pesca. Existen as cotas, os TAC, as vedas, as tallas mínimas... —e poderíamos seguir— que fan que teñamos un exemplo de pesca sostible.

Por outro lado, como reconece a propia Comisión, esta medida prexudica principalmente a frota de baixura, xa que, no caso dos grandes buques, aumentaría o reabastecemento de combustible en alta mar na pesca de altura, co que se incrementarían os riscos para o medio mariño polas posibles verteduras, e, no caso da frota de baixura, isto non é posible.

Unha vez máis ponse de relevo o descoñecemento da realidade da frota galega na Unión Europea. En Galiza a frota de baixura e de litoral é a maioría da nosa frota pesqueira. Nove de cada dez barcos da frota galega son de artes menores. Arredor de 3.400 dos 3.800 barcos que



temos no país quedarían feridos de morte con estas medidas, e, como consecuencia, afectaría o conxunto da economía galega.

A prohibición das subvencións ao gasóleo pesqueiro triplicaríalles aos barcos os custos nese concepto, o que sería a ruína de moitos pequenos armadores artesanais. A Unión Europea non se aclara na súa postura con referencia a esta medida. Na reunión da OMC do 15 de xullo posicionouse en contra da prohibición das subvencións, pero a mediados de agosto o comisario de Comercio avogou por poñer fin ás subvencións aos combustibles fósiles. Por un lado, a Comisión considera que a industria pesqueira da Unión Europea é menos rendible do continente, dada a súa dimensión e a escaseza de cotas, e, por outro lado, o Pacto ecolóxico europeo basea a súa posición na sobrepesca, prevendo a tributación de combustible utilizado na pesca. Claramente, Europa —e nomeadamente Galiza— non son o problema, mais a frota galega vai sufrir a consecuencia dunha maneira brutal; corremos o risco de que desapareza a maior parte da frota de baixura do noso país.

Pois ben, este é o panorama. O Estado español non é quen de encabezar a defensa do sector pesqueiro do Estado, ten delegada a súa representación na Unión Europea ante a OMC. Nestas negociacións España nin pincha nin corta. A perda de soberanía do Estado cara a Europa é unha mostra máis da falta de interese pola pesca en Madrid. Claro que, como temos dito o BNG neste Parlamento e fóra del en reiteradas ocasións, dificilmente se pode desenvolver unha política axeitada en materia marítima e de pesca a 600 quilómetros do mar.

Galiza é un país altamente dependente da pesca e, como tal, ten que ter capacidade de negociación directa na Unión Europea. Por isto e pola singularidade da súa frota de baixura, non podemos seguir dependendo dun goberno submisivo a Bruxelas e que abandona á súa sorte a frota galega. Mais o Goberno do Estado non só abandona a frota galega delegando na Unión Europea a decisión sobre esta cuestión, sen ter unha posición propia, senón que a ataca ao remitir a Bruxelas o Plan de recuperación que inclúe unha serie de medidas fiscais que, baixo o paraguas da mellora dos obxectivos de cara a frear o cambio climático, terían unha grave incidencia en distintos sectores económicos, nomeadamente, no sector pesqueiro e no conxunto da actividade que leva a cabo. Os chamados «impuestos verdes» servirían, entre outras cousas, para igualar o prezo do diésel ao da gasolina; unha medida que o Goberno do Estado tiña previsto nos orzamentos de 2021 e que finalmente non incluíu, pero que agora inclúe no Plan de recuperación que remitiu a Bruxelas.

A prohibición das subvencións aos combustibles pode ser unha medida que palíe o problema ecolóxico, aínda que —como xa indiquei— tamén pode agravalo ao producirse máis verteduras ao incrementar o abastecemento de buques en alta mar. Mais o que si é seguro é que esta medida vai condenar moitos barcos á desaparición, e significaría a ruína absoluta da frota pesqueira galega. Ademais, produciríase unha desvantaxe competitiva fronte a terceiros países que si reciben subvencións dos seus gobernos e que, ademais, non teñen os controis sobre a pesca que ten Europa e, nomeadamente, Galiza.

Estas medidas suporían un duro golpe para o sector do mar, especialmente para a frota de baixura; un máis de tantos aos que ten sido sometida dende hai anos e que farían inviable o mantemento da actividade en moitos casos.



O BNG non estamos en contra da transición ecolóxica, mais non estamos de acordo coa maneira na que se está facendo. Non se poden cargar as consecuencias do cambio sobre os sectores produtivos do país sen ter alternativas. Isto non é transición ecolóxica do sector do mar, isto é a desaparición da frota galega. É preciso estudar e poñer en marcha mecanismos de continxencia que palíen as consecuencias das previsibles medidas que se pretenden poñer en marcha.

O BNG —como xa fixemos na Comisión de Pesca— imos apoiar esta PNL porque Galiza non pode seguir permitindo ese tipo de actuacións que aboquen a nosa frota —unha das principais frotas da Unión Europea— á súa desaparición. A Xunta de Galiza debe defender con firmeza un sector que representa o 2 % do PIB galego, que proporciona miles de empregos, directos e indirectos, e que, ademais —como xa se dixo aquí—, é sostible. Máis unha vez, hai que facer chegar a todas as institucións que as medidas que se pretenden non están a ter en conta as consecuencias económicas para o sector e para Galiza, pero, sobre todo, as consecuencias sociais que traerán parellas.

A reunión que vai celebrar a Organización Mundial do Comercio a finais de novembro ten que chegar á posición firme do Goberno do Estado en defensa dos intereses da frota pesqueira galega que evite a prohibición das subvencións ao combustible. E para iso a Xunta de Galiza ten que trasladarlle ao Goberno esta petición coa mesma firmeza coa que defende esta petición a frota galega.

Polo que a nós concirne, o BNG vai seguir defendendo a frota galega, e o sector pesqueiro en Europa e a nosa eurodeputada Ana Miranda van seguir sendo a voz do sector en Bruxelas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Iglesias.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bueno, imos ver, señora González, xa dixo vostede bastante máis que a non eurodeputada Ana Miranda. Non é eurodeputada, é asesora dun grupo que está no Parlamento Europeo; iso para empezar. Con todos os meus respectos a Ana Miranda, pero non é eurodeputada.

Vostedes están nun grupo dos Verdes que está promovendo e movendo unha carta en Bruxelas para ir a favor desa eliminación; é dicir, todo o contrario do que vostede defendeu nesta tribuna. Polo tanto, ten todo o sentido, despois das súas intervencións, que traíamos hoxe aquí isto, porque, se vostedes votan a favor na Comisión, se se aproba a proposición non de lei e despois están facendo totalmente o contrario nos órganos de decisión, temos que volver pedilo e dicilo.

Porque, ademais, señora Otero, di que é a mesma PNL e que lle estraña moito que sexa a mesma. Pero vostedes fan unha emenda completamente diferente. ¿Por que non fixeron a mesma emenda que fan hoxe no mes de setembro? Porque non fixeran nada, porque houbo



bandazos e porque deron marcha atrás. Porque seguramente algo tería de resultado aprobar esa emenda na Comisión 8ª; si que tivo resultado. Porque vostedes pedían daquela que a Xunta se manifestara con firmeza en contra disto, metendo a pata, porque a Xunta xa se manifestara no mes de maio e foi en setembro. E agora piden vostedes que a Xunta de Galicia siga manifestándose e que o Goberno de España continúe a demandar diante da Unión Europea. ¿Por que isto non era así en setembro? ¡Porque non o facían! E, polo tanto, agora meten a palabra «continúe» como unha auténtica tomadura de pelo.

Nós traemos outra vez aquí esta PNL porque os nosos eurodeputados en Bruxelas e o deputado galego Paco Millán Mon —si que é eurodeputado— é o que nos informa do que fan os Verdes, que, jollo!, porque están alertando incluso do perigo de cocer marisco polo benestar animal. (*Murmurios.*) Así que ollo co que poidamos traer no futuro, porque nós si que estamos pendentes do que se decide en Bruxelas e do que deciden os Verdes en Bruxelas. Polo tanto, os do Bloque Nacionalista Galego —que queren sempre facerse donos da frota, donos da pesca e que son a única voz autorizada para falar deles— son os que máis dano lle están facendo no día de hoxe coas medidas que se están tomando en Bruxelas. (*Aplausos.*) Señora González, é a realidade. (*Aplausos.*)

E —por iso o digo— o seu discurso aquí transmítallelo alí aos Verdes, pero que o digan e que o voten alí, como vostede o dixo aquí. E despois, bueno, pois é sorprendente a autoestima e o amor propio do Bloque Nacionalista Galego consigo mesmo. Néstor Rego tamén era o salvador de Galicia no Parlamento e no Congreso dos Deputados e asinou un papel que non tiña nin unha liña sobre pesca e que, ademais, quedou totalmente en papel mollado. Seguen sendo socios do Goberno de España e están cos Verdes en Bruxelas, e hai que dicilo nesta tribuna do Parlamento de Galicia porque é a realidade. As decisións con respecto á pesca en Bruxelas son moi importantes para nós, importantísimas, e cada vez máis. E, como está lonxe, parece que non nos enteramos e non nos damos conta, pero si nos damos conta. Neste caso, o Bloque Nacionalista Galego non ten eurodeputada e o noso eurodeputado Francisco Millán Mon está facendo unha defensa férrea da frota galega en Bruxelas.

Polo tanto, para rematar, son moitos os agravios sen sentido que está a sufrir a nosa frota: o regulamento de control, o *Brexit*, o marraxo, o Plan xeral de explotación marisqueira... A todo isto únese este despropósito, a guinda do pastel, que é poñer subvención ao gasóleo. Isto vai danar moitísimo a frota artesanal, moitísimo, a nosa frota galega.

¿Por que o Goberno de España mudou de posicionamento neste asunto? Será porque xa o pedimos con insistencia dende aquí. ¿Que vai facer agora o Goberno central? ¿Que vai facer? Pedímolos con firmeza, como o pedían vostedes en setembro, dende a Xunta de Galicia, e seguimos pedíndoo con firmeza dende o Partido Popular. ¿Que vai facer o Bloque Nacionalista Galego e que di en Bruxelas? Son preguntas que aínda no día de hoxe están sen responder, e non queda tempo, por iso traemos outra vez esta iniciativa a este pleno. Ou estamos ou non estamos co sector pesqueiro. No día de hoxe parece claro, por estas dúas opcións de posicionamento, que a Pedro Sánchez e ao PSdeG non lles importa absolutamente nada o sector pesqueiro.

Non imos aceptar esa emenda porque non modifica en absoluto o sentido da resolución final; polo tanto, non a imos aceptar. E, miren, nós non entendemos —insisto— o cambio de opi-



nión da Comisión Europea, que antes concordaba coa opinión de Galicia, nin entendemos que o Goberno central se pregue a esa posición, que faga seguidismo, con esa posición negativa, nin tampouco concordamos coa cor verde radical que amosan algunhas formacións en Europa, nin co silencio dos seus socios en Galicia, ou co intento de trasladar que non pertencen a esa formación, porque realmente é certo que temos que defender o medio ambiente, pero tamén é certo que hai unha inxustiza absoluta de cara á frota galega, á frota española e ao trato que están tendo con España outros países da Unión Europea.

Polo tanto, debe haber as mesmas regras de xogo en toda a actividade marítimo-pesqueira, tanto no eido económico como no ambiental e no social, e poden adoptarse outras medidas para atallar a pesca ilegal e as prácticas irresponsables de determinadas frotas sen prexudicar aquelas que actúan de xeito responsable como a galega. É a nosa obriga dende este Parlamento defendela sempre.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito ao aborto no Sistema público de saúde

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa, onde di: «... sistema público de saúde.», debe dicir: «... sistema público galego de saúde.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Permítanme que lles lea algo.

«A prestación sanitaria da interrupción voluntaria do embarazo realizárase en centros da rede sanitaria pública ou vinculados á mesma. Os profesionais sanitarios directamente implicados na interrupción voluntaria do embarazo terán o dereito de exercer a obxección de



conciencia sen que o acceso e a calidade asistencial da prestación poidan resultar menoscadas polo exercicio da obxección de conciencia. O rexeitamento ou a negativa a realizar a intervención da interrupción voluntaria do embarazo por razóns de conciencia é unha decisión sempre individual do persoal sanitario directamente implicado na realización da interrupción voluntaria do embarazo, que debe manifestarse anticipadamente e por escrito. Se excepcionalmente o Servizo público de saúde non puidese facilitar no tempo a prestación, as autoridades sanitarias recoñecerán á muller embarazada o dereito a acudir a calquera centro acreditado no territorio nacional» — nacional, do Estado español—, «co compromiso escrito de asumir directamente o abono da prestación.» Este é o artigo 19.2 da Lei 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

Desde o ano 2010, como todas as súas señorías saben, a interrupción voluntaria do embarazo é libre e informada até a semana catorce de xestación no Estado español. Así foi regulado na lei que acabo de citar, a orgánica 2/2010, que substituíu a anterior, a lei coñecida popularmente como «lei de supostos», de 1985, pola que se despenalizaba naquela altura o aborto, mais apenas parcialmente e só en determinados casos moi concretos, como o risco para o feto, o risco para a nai ou a violación.

En Galiza e cos datos correspondentes ao ano 2020, publicados recentemente polo Ministerio de Sanidade, o ano pasado tiveron lugar, producíronse, no noso país, 2.490 abortos. Segundo o tipo de centro no que tiveron lugar, a inmensa maioría, o 91,7 %, foron en centros extrahospitalarios, e deles 1.868 en clínicas privadas.

No noso país, no día de hoxe, cos datos máis recentes —insisto, 2020—, sete de cada dez interrupcións voluntarias do embarazo teñen lugar na sanidade privada. Isto vén sendo así desde a aprobación da lei de 2010 que acabo de ler e, de feito, a porcentaxe de abortos na rede privada, nas clínicas privadas, en Galiza, foi aínda maior hai anos, chegando a situarse por riba do 90 %. Sen ir máis lonxe, en 2014 situouse no 92 % das interrupcións voluntarias do embarazo.

¿Cal era a situación en 2009? É dicir, ¿cal era a situación no noso país un ano antes de aprobarse esa lei de prazos de 2010? Segundo os informes anuais do Ministerio de Sanidade, en Galiza tiveron lugar, ese ano 2009, é dicir, o anterior xusto á aprobación da Lei de prazos, 3.208 abortos, a inmensa maioría antes da oitava semana de xestación. Deles, 1.874 foron en centros privados, o 58 %; 462 en centros públicos e —jollo!— 872 nunha categoría denominada «outros», que non se especifica que é o que son eses outros, pero probablemente ir a Londres ou a clínicas que, en todo caso, non quedaba moi claro a que sistema pertencían. Imaxinen a situación para as mulleres e agora lembren que o Partido Popular quere arrasarnos outra vez a esa lei de 1985.

¿Por que facemos este breve repaso histórico? ¿Por que non botamos a ollada atrás e vemos cales eran as porcentaxes antes da aprobación da lei de 2010 e agora? Porque a lei de prazos aprobada en 2010 tiña un duplo obxectivo, polo menos formalmente: o primeiro era despenalizar o aborto e garantilo como un dereito para as mulleres sen máis límite que a súa invocación libre e informada desas mulleres durante as primeiras catorce semanas de xestación. En segundo lugar, era garantir o exercicio do dereito ao aborto de maneira gra-



tuíta, en condicións de igualdade, e coa máxima calidade asistencial a través da rede sanitaria pública para o conxunto das mulleres, independentemente de onde viviran. Por iso, a lei é moi clara ao fixar con carácter excepcional o recurso a centros privados.

Vou volver ler o artigo 19.2: «Se excepcionalmente o Servizo Público de Saúde non puidese facilitar en tempo a prestación, as autoridades sanitarias recoñecerán á muller embarazada o dereito a acudir a calquera centro acreditado no territorio do Estado, co compromiso escrito de asumir directamente o abono da prestación».

Entón, ¿por que despois de dez anos da aprobación da lei non se garante a interrupción voluntaria do embarazo na sanidade pública, nos centros da sanidade pública? ¿Por que continúan dez anos despois sendo as clínicas privadas —aquí en Galiza, ¡eh!— as que levan a cabo a práctica totalidade das interrupcións voluntarias do embarazo?

Volvo aos datos de 2020, ao o 77 % dos abortos levados a cabo no noso país. E aquí fago un inciso porque si é a norma, pero non todos os territorios seguiron o mesmo camiño. Só Balears, só as Illes Balears garanten que máis da metade das interrupcións voluntarias do embarazo se practiquen na sanidade pública, nos centros públicos de xestión directa, seguido de Cataluña, que non chega ao 50 %, está no 49,8 % agora.

¿Por que se fixo da excepción a norma no conxunto do Estado español e, dentro del, tamén en Galiza? ¿Por que? Supostamente pola obxección de conciencia das e dos profesionais. E digo supostamente porque este non é o único factor —e logo verémolo—. Hai profesionais que se negan, acolléndose a un dereito que está regulado na propia lexislación, a practicar un aborto, apelando a un conflito ético ou moral; é dicir, a un conflito cos seus sentimentos e crenzas, fundamentalmente relixiosas. Isto está —insisto— previsto na lei, está regulado, está recoñecido, está protexido. O artigo 19 da Lei do aborto ten amparo xudicial desde o ano 1985 —sentenza do Tribunal Constitucional—; é máis, esa interpretación dos límites do dereito de obxección de conciencia foi ampliado ata límites bastantes cuestionables. Non indo moi lonxe, seis anos atrás, nunha sentenza de 2015 dise que ese dereito de obxección pode estenderse até os profesionais que traballan nas farmacias para negarse a vender algo tan básico e fundamental ao que temos dereito todas as mulleres, como é a píldora do día despois. É, cando menos, sorprendente; teñen amparo para negarse a vendela. Pero, en todo caso, este é o panorama.

A obxección de conciencia daría para un debate intenso, profundo e interesante desde múltiples puntos de vista sobre —sobre todo— a colisión de dous dereitos fundamentais, que é ese dereito de obxección pero, ao mesmo tempo, o dereito das mulleres a interromper voluntariamente o noso embarazo nun servizo público, na rede pública.

En todo caso, como vostedes poden ver na parte resolutiva da nosa proposición non de lei que formulamos hoxe desde o BNG, non é esta a proposta que formulamos; non é a nosa intención abrir agora mesmo ese debate, aínda que poderíamos facelo, e non por iso se abriría a boca do inferno. Eu simplemente trouxen o exemplo de que si que é certo que hai países —son os menos da nosa contorna, pero si hai países europeos— onde prevalece o dereito sexual e reprodutivo, o dereito ao aborto das mulleres, sobre esa obxección de conciencia.



Só son tres ata o momento, Suecia, Lituania e Finlandia, os que non permiten aos seus profesionais que poidan invocar ese dereito de obxección para negarse a interromper un embarazo.

En todo caso, non é esa a razón ou non é esa a cuestión que hoxe queremos poñer enriba da mesa desde o BNG, máis ben ao contrario, o que queremos é formular que, independentemente das circunstancias que concorran —unha pode ser a obxección, pero non só, agora detallarei por que—, sempre ten que garantirse —primeiro porque o di a lei, despois porque é un dereito fundamental— esa interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública.

E digo que non é única e exclusivamente a obxección o que está limitando o exercicio deste dereito ás mulleres na rede sanitaria pública, porque hai outro factor que a determina, que é a falta de recursos dentro dos propios centros hospitalarios e extrahospitalarios da rede sanitaria pública do noso país.

Agora mesmo en Galiza están levándose a cabo, na rede sanitaria pública, dentro da inmensa maioría dos centros da sanidade pública galega, apenas abortos farmacolóxicos, e a inmensísima maioría deles —se collen vostedes os datos; eu tampouco vou poñerme aquí a desgranalos polo miúdo— practícanse en clínicas privadas, porque se usan outros procedementos, fundamentalmente a aspiración. Isto tamén é o resultado de dez anos de desidia política absolutamente, de non querer poñer os servizos, os medios, os profesionais e os materiais, recursos materiais, humanos e orzamentarios necesarios para poder facer ou levar a cabo esas interrupcións voluntarias do embarazo dentro da rede pública do noso país.

Por iso —e con isto remato—, o que hoxe formulamos desde o BNG é algo sinxelo pero verdadeiramente importante, que é que se garantan, poñendo os medios que son necesarios, tanto humanos, materiais como económicos, para que esas interrupcións voluntarias do embarazo, que son o exercicio dun dereito sexual e reprodutivo, dun dereito fundamental de calquera muller no noso país, poidan levarse a cabo non só onde debe, que entendemos que é a sanidade pública galega, senón onde a lei di que deben levarse con carácter prioritario, que é dentro da rede sanitaria pública do noso país.

De momento, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Eu agradezo que chegue este debate, poder participar neste debate, que, certamente, aínda que é un debate do ámbito sanitario, ten moito que ver con posicionamentos ideolóxicos.



Esta é unha cuestión verdadeiramente incómoda para o Partido Popular, sabémolo, e que é unha cuestión, ademais, que, por certo, o seu compañeiro de filas, o alcalde de Madrid, o señor Almeida, volvía poñer sobre a mesa hai uns días, hai escasamente uns días, reclamando unha volta á lei do aborto do ano 1985, facendo alusión a que non se estaba cumprindo o programa electoral do Partido Popular. Pero é que tamén o señor Casado xa se pronunciaba. Despois, parece que deixou o tema... (*Murmurios.*) —¿podo continuar, por favor?— un pouco de lado porque, evidentemente, se estaba colocando en posturas máis de extrema dereita. Pero o señor Casado tamén se pronunciaba da mesma maneira alá polo ano 2019, na campaña electoral, por certo, da man do señor Suárez Illana —número 2 da candidatura do PP da Comunidade de Madrid—, que afirmaba que os neandertais tamén usaban o aborto: nacían e cortábanlles a cabeza. Isto dicíao o número 2 da candidatura do PP por Madrid, e isto, señoras e señores do PP, é ideoloxía; evidentemente, é ideoloxía. (*Aplausos.*) Por certo, ideoloxía do máis rancio, aberrante e reaccionario que podemos escoitar xa ben avanzado o século XXI. Tampouco vimos naquel entón que as palabras do señor Suárez Illana fosen rectificadas dalgunha maneira.

Nós, certo é que nos congratulamos de non ter que escoitar estas lindezas aquí en Galicia por parte dos nosos dirixentes do Goberno, pero tamén lles direi que hai moitas outras maneiras de violentar as mulleres sen ter que acudir a esas manifestacións. E unha delas é, precisamente, a de non garantir o cumprimento da lei orgánica da que xa se falou aquí, 2/2010, que constituíu, certamente, un avance nos dereitos das mulleres. Porque, efectivamente, que as mulleres interrompamos o noso embarazo e decidamos sobre as nosas vidas é un dereito garantido hoxe por unha lei socialista que superou a lexislación anterior de 1985, de supostos, e abriunos a posibilidade a todas as mulleres de decidir de maneira máis libre sobre o noso corpo. Ou sexa, temos unha lei, isto creo que quedou claro, temos unha lei desde o ano 2010, pero, claro, esa lei, gústelles ou non, hai que cumprila, e para garantir ese cumprimento, ese marco lexislativo, esa lei orgánica vixente recolle, no seu artigo 19, de medidas para garantir a prestación polos servizos de saúde, dous artigos. Un xa saíu aquí e tivo que ver con esa excepcionalidade para non practicar eses abortos nas clínicas, nos centros públicos, na rede sanitaria pública. Un é ese. Pero é que o primeiro artigo di que estará garantido a todas as mulleres por igual o acceso a esa prestación —jollo!—, con independencia do lugar onde residan. E aquí é onde aparece o problema, porque nin todas as mulleres galegas teñen garantido por igual ese acceso ao aborto no noso país, nin derivar á privada en Galicia é algo excepcional. E dicimos isto porque, para preparar esta intervención, consultamos as fontes primarias e sabemos que non en todas as áreas sanitarias de Galicia se está a proceder da mesma maneira, porque si é certo que hai áreas sanitarias —e isto hai que poñelo de relevo— nas que as mulleres si temos garantido o aborto, e polo falar, por exemplo, da área sanitaria de Santiago. Pero é que hai outras nas que non acontece o mesmo, en absoluto. Noutras delas decídese que os abortos medicamentosos —dos que xa se falaba aquí, ou sexa, os que non precisan acudir ao quirófano, a un hospital— si se realizan na pública, pero, logo, os embarazos que están entre dez e catorce semanas xa se derivan á privada. Noutra área sanitaria, por exemplo, ás mulleres con embarazos de menos de catorce semanas, dannos a elixir se queremos abortar con medicación; e se non queremos abortar con medicación, tamén nos trasladan ás clínicas privadas.

¿E iso que significa? Pois iso significa que novamente as mulleres galegas terán máis ou menos dereitos segundo onde vivan, simplemente iso. (*Aplausos.*) Ou, dito doutro xeito, xa



incumprimos a lei no seu artigo 19.1. Pero tamén, como dicía a voceira do BNG, o 19.2, porque, como dicimos, esa condición de excepcionalidade non é tal, a non ser que entendamos por excepcional —que tamén pode ser— a falta de facultativos ou de quirófanos dos que adolece a nosa sanidade pública.

Efectivamente, entendemos que é posible que o sistema público galego de sanidade non sexa quen por si mesmo de practicar tantas interrupcións do embarazo —xa se dixo aquí, 2.500—. Contamos cos recursos humanos cos que se conta —obviamente, e, dada a precariedade que temos, é bastante probable que así sexa— e tamén cos materiais, pero é que é a súa responsabilidade atopar as fórmulas para que así sexa, para que sexa a sanidade pública quen nos dea resposta, e non lle corresponde, dende logo, á oposición determinar cales serían esas fórmulas.

Queremos, por certo, tamén deixar aquí de manifesto —e esta é unha cuestión importante que queremos traer a colación— outra preocupación que nos xurdiu á vista do estudo pormenorizado deses datos e tamén das conversas coas nosas fontes consultadas. É que é posible que parte deses abortos que se practican nesas clínicas privadas sexan de mulleres que xa nin pasan pola pública, que non veñen nin derivadas da pública e que non pasan pola pública nin para asesorarse. De feito, é certo que as persoas expertas consultadas dubidaban ou se sorprendían desas cifras tan altas de intervencións fóra da pública, e achacábano en parte a un evidente descoñecemento da lei. As mulleres non coñecemos, non sabemos que, efectivamente, neste país temos garantido o noso dereito ao aborto no sistema público. Bueno, claro, témolo garantido, pero non todas, dependendo de onde vivamos.

Por esta razón, dende logo, dende o PSdeG consideramos necesario que a Consellería de Sanidade poña en marcha unha campaña de información sobre este dereito que afecta arredor, como digo, de 2.500 mulleres ao ano. Non é unha cuestión menor, pero para iso o Partido Popular ten que ser valente e alonxarse da moralidade e do puritanismo que os guía neste asunto.

Xa expuxo a voceira do grupo propoñente os datos, e, dende logo, para o noso grupo eses datos só teñen unha lectura, e a lectura é política: non queren comprometer a sanidade pública cun asunto que, como dixeran ao principio, lles é incómodo, e, por iso, *laissez faire*, deixar facer, en función da área sanitaria, sen preocuparse nin o máis mínimo polo cumprimento dunha lei que nos garante ás mulleres o dereito a decidir sobre os nosos corpos; *laissez faire* ou apelar tamén —certo— á obxección de conciencia. Por certo, unha obxección de conciencia que non é tal; non é tal esa obxección de conciencia á que apela o presidente da Xunta continuamente cando fala deste asunto. Para vostedes a obxección de conciencia é a escusa perfecta para pór o foco nos profesionais sanitarios e xustificar así a falla de recursos, a privatización e o pretendido desmantelamento da sanidade pública. É a súa responsabilidade; é a responsabilidade deste goberno garantir que todas as mulleres que desexen interromper o seu embarazo o poidan facer en Galicia, cunha atención integral e de calidade, con axuste aos protocolos internacionais e coa maior e mellor atención sanitaria, psicolóxica e emocional posible. Despois, loxicamente, deben garantir a súa asistencia en centros da rede pública, e só excepcionalmente, como di a lei, acudir á privada.



Por certo, isto que acabo de dicir agora non é unha novidade para este grupo parlamentario, xa o levamos reclamando dende hai moito tempo, porque, lamentablemente, este non é un problema de hoxe, non é un problema que só nos ataña ao tempo presente. En diversas ocasións o Grupo Socialista ten formulado no Parlamento de Galicia a necesidade dun segundo plan de atención sanitaria ás mulleres. O primeiro foi do Goberno presidido polo presidente Emilio Pérez Touriño —por certo, que vostedes gardaron nun caixón—; iso si, como resposta, e como resposta, ademais, a un incidente que se produciu logo da condena ao Sergas por unha muller que non trataron ben. Xa se tratou neste Parlamento, e houbo certas negligencias nese asunto. Como resposta, a Xunta de Galicia terminou por anunciar un plan integral para asistencia a quen interrompa o embarazo, un compromiso político que non parece que se estea a cumprir.

Xa rematando, en esencia, e á vista dos datos e da lei vixente, nós sumámonos, por suposto, como non podía ser doutra maneira, a esta proposición non de lei para exixirlle á Xunta que garanta que as mulleres do noso país poidan abortar con todas as garantías nun sistema público de saúde, por suposto, galego. De aí vén a nosa emenda, por se había algunha dúbida e por se o Partido Popular, nun arrebatado de xenerosidade ideolóxica, aprobábase esta iniciativa. Entón, queríamos que quedase claro que se refería ao noso territorio.

Remato xa, agora si. Elixir libremente a nosa maternidade e o presente e o futuro das nosas vidas é unha decisión só nosa, das mulleres, pero facelo con todas as garantías e no noso sistema público é unha responsabilidade do Goberno, porque nin a obxección de conciencia, nin a falla de recursos, nin as trabas administrativas —escusas todas, por certo— poden estar nunca por riba dos nosos dereitos.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario popular, a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señoras e señores deputados.

A iniciativa que trae hoxe o Grupo do BNG a este pleno trata dun tema moi delicado para moitas mulleres galegas, como é o da interrupción voluntaria do embarazo. E digo delicado porque para a muller que decide poñer fin ao embarazo non é unha decisión fácil; máis ben é unha situación dolorosa para calquera nai. Por iso, debemos ser moi respectuosos e serios con sete tema.

Nós non imos entrar no que dicía a señora Díaz, nomeando dirixentes políticos. Eu tamén lle podería contestar nomeando dirixentes do seu partido, pero a verdade é que non nos parece que aporte nada positivo a este debate, que, como digo, é un debate moi serio para moitísimas mulleres galegas. *(Aplausos.)*



Vaia por diante que imos votar a favor desta iniciativa porque tanto dende o Goberno galego como dende o Grupo Parlamentario Popular respectamos as leis e os dereitos das mulleres, recoñecidos nelas.

Señora Rodil, nós apoiamos as mulleres galegas, apoiamos as mulleres que elixan ser nais ou non selo. A nós tamén nos gustaría saber se vostedes apoian coa mesma intensidade as mulleres que queren ter fillos, ou apoian a Redmadre, por exemplo. Nós apoiamos as mulleres, sempre sen facer excepcións. *(Aplausos.)*

É certo que existen algúns factores que inflúen para as aplicacións dos IVE na rede pública, pero o que non podemos admitir, como temos escoitado nesta Cámara, é que Galicia non cumpre coa lexislación nesta materia. O Goberno galego, como temos dito moitas veces, cumpre absolutamente as leis. Voulles recordar algunhas noticias recentes: «*El Gobierno de Alberto Núñez Feijóo autoriza que las consultas previas a un IVE se realicen de manera no presencial. Se compromete, junto con Cataluña, a regularlo en el confinamiento*». «*Galicia crea dos comités clínicos para regular los casos de aborto.*»

Polo tanto, o Goberno galego non só cumpre a lei, senón que se preocupa deste tema en situacións excepcionais, como foi no confinamento. Porque, en definitiva, se preocupa das mulleres que teñen que pasar por esta nada desexable situación. En Galicia trabállase para garantir a calidade e a seguridade asistencial na atención sanitaria das mulleres, e faise a través de distintas medidas, como é, por exemplo, a aplicación dos protocolos de actuación, de acordo coa Lei 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

Os circuítos asistenciais de IVE do Sergas son de aplicación nos hospitais públicos en todas as áreas sanitarias e contemplan todos os aspectos necesarios para garantir que as mulleres que desexen interromper o seu embarazo poidan facelo en Galicia, e poidan facelo cunha atención integral e de calidade, con axuste aos protocolos internacionais e coa maior e mellor atención sanitaria, conforme a legalidade vixente, e seguindo os protocolos máis exixentes.

No Sergas, existen diferentes procedementos e protocolos de actuación en función de se son abortos de menos de catorce semanas, de catorce a vinte e dúas, ou de máis de vinte e dúas de xestación. Nos casos dos IVE de menos de catorce semanas, ofréceselle á muller a posibilidade de escoller entre a realización nun hospital da rede pública galega, ou, se o prefire, segundo as súas circunstancias, acudir a unha das clínicas que teñen autorización regradada pola Consellería de Sanidade. Ata as vinte e dúas semanas —corresponde ao artigo 15.a), causa médica materna, e 15.b), causa médica fetal, da lei que acabamos de dicir— son asumidas nos hospitais públicos das áreas sanitarias da nosa comunidade autónoma.

En canto ás interrupcións legais do embarazo a partir da semana vinte e dúas, segundo o artigo 15.c) da mesma lei, por mor de que o feto presente unha anomalía incompatible coa vida ou unha enfermidade extremadamente grave e incurable, despois de ser avaliadas polo comité clínico nomeado para tal efecto, dende mediados do ano 2017 concéntrase a súa realización nos hospitais Álvaro Cunqueiro de Vigo e o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, que dispoñen de medios físicos e recursos humanos suficientes para a levar a cabo esta actividade con todas as garantías que exige a normativa vixente.



Din vostedes que moitos dos IVE non se fan na rede pública. Vostede lía un artigo na lei. Eu léolle outro, o que di o artigo 13, que di: «*Son requisitos necesarios de la interrupción voluntaria del embarazo, primero, que se practique por un médico especialista o bajo su dirección, y, segundo, que se lleve a cabo en centro sanitario público o privado acreditado*». Moitos dos IVE fanse en clínicas concertadas, e non lles falta razón, pero é que hai un feito tamén moi importante e que vostedes esquecen, e é que a muller pode elixir onde facer a interrupción, e, precisamente, a nós parécenos moi importante a liberdade da muller para elixir onde quere facelo. Nós non imos entrar niso, e pensamos que os dereitos se deben exercer individualmente e non por imposición.

Outro dos factores que vostedes citaron e que, por descontado, inflúe é o dereito á obxección de conciencia dos profesionais. Podería ser un debate moi longo, pero vostede mesma o dicía, señora Rodil, é tamén un dereito, o que complica, ás veces, telos feito todos na sanidade pública, porque é unha intervención que, como todos sabemos, non pode dilatarse no tempo e non pode ter moita espera.

O que foi xefe do servizo de Xinecoloxía do CHUO manifestaba, ante preguntas dun medio, que non pensaba que houbera que —leo textualmente— «*rasgarse las vestiduras por concertar con una clínica privada. Se hace con caderas, prótesis de rodilla... Forma parte de normalizar el proceso*».

Por tanto, señoras e señores deputados, a nós parécenos que o que é importante é que a muller galega que decide someterse a un IVE teña unha boa asistencia sanitaria e que sexa nas mellores condicións. Os datos que se manexan non parece que se axusten moito á realidade. Talvez se debería corrixir o rexistro e avanzar nunha mellor comunicación dos datos que se remiten ao Ministerio, para que non se poidan utilizar, ás veces, como arma arrojadiza. Este tema —xa o dicía— é moito, moitísimo máis serio que todo iso.

Non teña dúbida de que dende o Grupo Popular nos preocupa enormemente a atención que se lles dá ás mulleres no caso de ter que someterse a un IVE, porque sabemos que é unha situación que, calquera muller que é nai, evitaría, se puidese. Por iso e porque é un dereito da muller, recollido pola lei, que estamos seguros de que se cumpre en Galicia, imos votar a favor desta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos de novo.

Agradezo tamén o ton do debate. Bueno, é que coa señora Rodríguez-Vispo sempre se debate así.



Vou comentar algunhas cuestións. A respecto da emenda, aceptámola. Efectivamente, así queda máis claro que é dentro do Servizo Galego de Saúde. Supoñiamos que, ao falar de Galiza, xa se entendía, pero está ben, aceptamos esa emenda de engádega do Partido Socialista.

E despois, algunhas cuestións. Tamén agradecemos o apoio do propio grupo, manifestado pola señora Díaz, e o apoio, o voto favorable, do Partido Popular. Tamén lle digo como cuestión previa que eu, hoxe mesmo, se me dá tempo, xa rexistro iniciativas para fiscalizar que isto se cumpre, e digo por que. Eu non quero servirles para lavar a conciencia e para que vostedes se separen desa ala máis dura do seu propio partido dentro... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Déixenme acabar a miña exposición e digo por que. Porque para vostedes pode ser cómodo votar agora co botón verde e que todo siga igual, porque eu, coa súa exposición, señora Rodríguez-Vispo, entendo que entenden que cumpren coa Lei de 2010 tal e como están as cousas agora. E insisto nos datos: é onde non se garante que todas as interrupcións voluntarias do embarazo ou a inmensa maioría das interrupcións voluntarias do embarazo se leven a cabo dentro da rede sanitaria pública deste país.

Hai algo da súa exposición que é máis de fondo que de forma e co que non estou para nada de acordo, porque vostede dicía que hai que garantir a máxima calidade. Efectivamente, e así o recoñecemos e recolleemos nós na parte resolutiva da proposición. Pero, ao final, establécese unha dicotomía que é absolutamente falsa, pero moi prexudicial, de que só se pode garantir esa calidade asistencial na sanidade privada e non na pública. Cando se se poñen —que é o que pide o BNG na proposta, e así espero que sexa cumprida polo Goberno da Xunta de Galiza— os medios materiais, os medios humanos e, sobre todo, tamén os recursos orzamentarios, esa calidade, indiscutiblemente, está garantida na sanidade pública do noso país. E é falso, é completamente falso, que sexan maioritariamente as clínicas privadas onde se levan a cabo os abortos ou as interrupcións voluntarias do embarazo porque sexa unha decisión libre das mulleres. Para ser unha decisión libre e persoal de cada unha das mulleres temos que darlles a escoller as mesmas opcións na privada que na pública, e non é verdade. Eu pónolle o exemplo da área sanitaria da Coruña. Ti vas ao COF, e se queres e optas por unha interrupción voluntaria do embarazo vía farmacolóxica, faise na rede sanitaria pública, pero se optas por un procedemento de aspiración —e esa si que é unha decisión libre e individual de cada unha das mulleres—, xa hai que ir directamente a unha clínica privada, porque non se ofrece esa posibilidade dentro da sanidade pública, e iso é non porque non saiban as profesionais, nin sequera me atrevería a dicir porque todas elas ou eles sexan obxectores de conciencia, senón porque non se está dispoñendo dos recursos humanos materiais e orzamentarios na sanidade pública deste país para garantir que sexa dentro da sanidade pública.

Entón, non é unha decisión libre das mulleres, senón que está limitada esa capacidade de decisión, e sabémolo, sobre todo as mulleres sabemos que non é o mesmo o aborto farmacolóxico que un que é, por exemplo, por aspiración, que é menos invasivo, no que non estás soa, que estás acompañada, e no que hai unha sedación. Eu comparto que é delicado, que é un tema delicado, pero non é un tabú. E o persoal é político, e non nos pode levar a unha mentalidade de que é un problema individual de cada unha ou cada un de nós, senón que forma parte dos nosos dereitos colectivos como mulleres. Insisto moito nisto: é persoal pero tamén é político, porque, ao fin e ao cabo, falamos dos dereitos das mulleres.



Eu non sei se as mulleres que son nais o entenden ou algunhas mulleres, se tivesen outras circunstancias, tomarían outra decisión. A nós iso tennos que dar igual. Esa decisión ten que estar blindada como dereito fundamental que é para todas as mulleres, independentemente de que noutras circunstancias tomasen unha decisión diferente ou non.

Coincidindo —insisto— en que é un tema delicado, tamén quero subliñar que nin pode ser un tabú, nin moito menos ser reducido a un problema apenas individual, porque é político e colectivo.

Por último —e con isto remato—, preguntábanos vostede se apoiabamos a Redmadre. Non, non, (*Aplausos.*) porque levan toda a vida intentando que non poidamos exercer un dereito fundamental, como é o dereito ao aborto. E a cada avance do movemento feminista, sempre atopamos nesa Redmadre un movemento reaccionario, limitador dos dereitos fundamentais ou do exercicio de dereitos fundamentais como este. Entón, así de clara e de rotunda: non. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Suspendemos a sesión ata as 16.00 horas.

Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Continuamos a sesión.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP-9

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Levamos moitos —posiblemente xa demasiados— debates sobre a AP-9. E eu diría que o de hoxe é un dos máis importantes de todos os que fixemos neste Parlamento —polo menos nos últimos catro ou cinco anos—. O feito de que repitamos tantos debates sobre a AP-9 é un sinal de que non se fixeron ben as cousas, de que están moitas demandas e moitos agravios tamén aínda pendentes de resolver. Levamos moitos debates sobre a transferencia, que aínda non se fixo realidade a pesar de que houbo nos últimos cinco anos tres acordos unánimes deste Parlamento. E ¿saben por que non se fixo realidade? Pois non se fixo realidade polo veto, polos tres vetos, do Partido Popular no Congreso dos Deputados e por parte do goberno do señor Mariano Rajoy, que impediu que esa decisión fose adiante.



E se non abundase con esta traizón —que non se pode chamar doutra maneira ao do Partido Popular madrileño, coa submisión do Partido Popular galego—, agora parece que se quere sumar o Partido Socialista ao veto na tramitación parlamentaria.

Levamos tamén moitos debates sobre o incremento abusivo das peaxes da AP-9. Os últimos están derivados dos convenios asinados polo Goberno central, polo goberno socialista, no 2011 e no 2018, que foron de todas maneiras aplicados *a rajatabla* por todos os gobernos e que o ano pasado deron lugar a un informe contundente do Consello Consultivo, que os declarou nulos de pleno dereito e ilegais.

Sobre o tema este das peaxes tivemos unha boa noticia nos últimos tempos, que foi a rebaixa aplicada neste ano e nos seguintes a determinados tipos de viaxes. E é relevante, importante e histórico, porque é a primeira vez que baixan as peaxes despois de tanto tempo. E iso foi —hai que dicilo e hai que recoñecelo— grazas á negociación do BNG na investidura de 2018. ¡Para iso serve ter voz propia en Madrid, para iso serve ter un deputado que obedece aos intereses de Galiza en Madrid! (*Aplausos.*) ¡É que fai máis 1 só ca 21! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Si, xa sei que lles gusta isto, pero por iso o digo, para regalarlles os oídos.

E levamos moitos debates sobre a duración da concesión, que, como sabemos, remataba no ano 2012, que se ampliou ata tres veces e que chega agora ao ano 2048; é dicir, setenta e cinco anos, o máximo legal, que só teñen tres autoestradas no Estado e que dúas delas son galegas. Así nos tratan vostedes en Madrid.

Unha das conclusións de todo este debate que levamos sobre a AP-9 é que a actuación do Estado —e falo de todos os gobernos centrais— está baixo sospeita. E eu diría algo máis —e isto é da miña colleita—, diría que bordea a prevaricación e a fraude de lei, así, con estas palabras. Por moito menos ca isto hai moita xente na cadea. (*Murmurios.*) Si, si, hai moita xente na cadea por moito menos do que se fixo coa AP-9. E por moitísimo menos ca isto hai responsábeis públicos que foron multados e sancionados. E ¿saben o que pasou cos responsábeis destes abusos da AP-9? Non foron multados, non foron sancionados. Foron premiados. Por exemplo, un foino coa medalla de Galicia e outro con cadeiras en consellos de administración. (*Aplausos.*) É unha auténtica burla, unha estafa e unha aldraxe. E nós, o BNG, dende logo non imos consentir que se premie a quen maltrata así o noso país.

Unha das decisións máis escandalosas de todo este período, que está no punto de mira agora da Comisión Europea, é a ampliación da concesión en 2000 polo goberno de Aznar, con Arias Salgado como ministro de Transportes —esa ampliación de vinte e cinco anos ata o 2048—. Foi unha decisión que foi agravada tres anos máis tarde coa venda a prezo de saldo da Empresa Nacional de Autoestradas, incluída Audasa, que ademais foi aprobada —para máis inrixa, para máis burla— o 25 de xullo do ano 2003. Foron 1.586 millóns que ingresou o Estado por unha venda a un grupo liderado pola construtora Sacyr —que, claro, como vostedes utilizan iso de «de ben nacidos é ser agradecidos», dous anos despois fichou como conselleiro o señor Arias Salgado, o responsable da ampliación da concesión ata o 2048—. Se isto non se chama prevaricación, pasa rozando o *larguero*, porque realmente lle anda moi cerca, ¡eh!, anda moi cerca.



E, claro, naquel momento, nese 25 de xullo do 2003, quen se sentaba no Consello da Xunta, quen era naquel momento vicepresidente e conselleiro da COTOP, era o señor Núñez Feixóo, que calou e que aplaudiu esta operación. E sobre isto xa se pronunciou o Tribunal de Cuentas —por iso digo eu que algúns teñen moita sorte con isto dos informes do Tribunal de Cuentas—, que dixo no 2004 o seguinte: «*Esta ampliación de la concesión de veinticinco años supone para esta concesionaria un cuantioso volumen de recursos económicos provenientes tanto de los mayores beneficios tributarios y financieros como de los mayores ingresos por peajes*». Isto dío o Tribunal de Cuentas do Estado no 2004. É dicir, foi un gran pelotazo, unha grande estafa, por moito que a queiran legalizar. É que o di con todas as letras o Tribunal de Cuentas. E ademais do negocio millonario das peaxes ata o 2048, que a propia concesionaria chegou a cuantificar en 4.500 millóns —díganme se non é un pelotazo—, foron tamén beneficiados por unha ampliación do prazo para devolver un préstamo de 118 millóns de euros que lle concedera o Estado á empresa, que tiña que devolver a partir do ano 2000 e que, graciosamente, tamén ten que devolver a partir do ano 2042, máis de corenta anos despois, ademais dos beneficios fiscais, da exención de tributos no 95 %, a unha empresa privada.

E por se isto non fose escandaloso e abusivo abondo, aínda faltaba a traca final. E a traca final ten que ver con ese expediente aberto pola Comisión Europea a partir dunha denuncia da asociación En-Colectivo, á que lle temos que facer chegar dende aquí, desde este Parlamento, o noso recoñecemento e o noso agradecemento pola defensa que fan dos intereses de Galiza e das persoas estafadas polas peaxes da AP-9.

E o que di basicamente este expediente da Comisión Europea é que o Goberno central vulnerou a lei con esa ampliación da concesión, e que hai que revertir esa situación, hai que devolvela á legalidade. E iso non pasa por outra cousa que por anular esa ampliación da concesión. Porque ademais hai un caso semellante en Italia, da autoestrada tirrenica, que foi obxecto tamén dun expediente informativo coma este e que acabou, por desobediencia do Goberno italiano, no Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Polo tanto, estamos diante dunha iniciativa totalmente oportuna, porque estamos nese prazo que ten o Goberno central de dous meses para responder a esa petición da Comisión Europea. E o Parlamento non pode permanecer impasíbel ante unha situación desta gravidade e desta relevancia, e por iso propoñemos un pronunciamento claro e contundente que ten dous elementos, dúas cuestións: a primeira é a reprobación —que non merece outra cousa— dos gobernos que aprobaron de maneira irregular as ampliacións da concesión; e a segunda é demandar do Goberno do Estado que estude as vías para a anulación das prórrogas concedidas de maneira irregular, de maneira ilegal, como dixo a Comisión Europea.

Remato como empecei. Levamos moitos debates e imos dar máis, imos dar todos os que fagan falta. Seremos insistentes, seremos persistentes, seremos incansábeis ata acabar cos abusos, coa fraude, co roubo da AP-9, para rematar co agravio e que se faga xustiza, para que consigamos dunha vez por todas unha AP-9 galega e libre de peaxes.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

A verdade é que o señor Bará ao principio da súa intervención parecía que modulaba un pouco o discurso con respecto á forma na que estaba redactada a súa proposición non de lei, porque na proposición non de lei o Bloque Nacionalista Galego xa sentenxa que son ilegais todas as prórrogas concedidas —bueno, as prórrogas das concesións da AP-9—. O señor Bará empezaba dicindo que están baixo sospeita, e era unha forma de modular un pouco o discurso. Pero a verdade é que, se ao principio parecía que ía descafeinar un pouco o seu discurso, despois afirmaba que eran condutas que xa rondaban a prevaricación. E vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, o que fixeron na súa iniciativa foi unha especie de mestolanza, coma se fose un pouco unha ensaladilla. Porque mezclan todas as prórrogas da concesión da AP-9.

E o que está claro é que dende o Goberno de España se está a colaborar activamente con Bruxelas para aclarar o que pasou coa AP-9, para aclarar o que pasou con esa concesión de prórroga, para aclarar a procedencia dunha decisión tomada por outro goberno de hai máis de vinte anos. Pero é unha decisión tomada, recordemos, por un goberno do Partido Popular. Non podemos faltar á verdade, o que se cuestiona nese informe da Comisión Europea é a última prórroga concedida, non as anteriores, señor Bará. E vostede, coma min, sábeo. *(Aplausos.)* Eu podo entenderlle o xogo político ao Bloque Nacionalista Galego, entendo que queiran sacar tallada política deste tema e que queiran confundir a cidadanía. Pero o que está claro é que nese informe a única prórroga que se cuestiona é a do ano do señor Aznar, a do ano 2000.

Ben, como dicía, a prórroga que se cuestiona é a do ano 2000, que é certo que foi unha prórroga concedida saltando o procedemento legalmente establecido naquel momento, na que se prorrogou esa concesión por vinte e cinco anos máis, ata o ano 2048. Se non fose por esta decisión dun goberno popular, os galegos e as galegas estaríamos a punto de circular pola AP-9 sen custo ningún, porque outras autovías coetáneas no tempo xa están a ser gratuítas.

Pero o señor Aznar non quedou aí. Prorrogou esa concesión ata o ano 2048 —dende logo para facela máis atractiva e rendible— e no ano 2003 privatizou Audasa. Polo tanto, primeiro prorrogou a concesión no ano 2000 ata o ano 2048, e tres anos máis tarde privatizou Audasa. Nese momento o señor Aznar era moi dado a privatizar empresas públicas. Os da Mariña tamén recordaremos a data do 24 de xullo de 1997, cando privatizou Inespal. Polo tanto, o que decidiu poñer en mans privadas unha infraestrutura pública foi o goberno do Partido Popular, e o que fixo foi un negocio sumamente rendible para a concesionara. As cifras xa as daba o señor Bará. Polo tanto, o señor Aznar pasou a empresa Audasa do público ao privado.



E claro, aquí cabe facerse unhas preguntíñas: ¿quen era por aquel entón o conselleiro de infraestruturas, da COTOP, da Xunta de Galicia?. ¿quen era no momento no que se privatizou Audasa? Estou a falar, recordemos, do ano 2003. Pois si, o señor Feijóo —o actual presidente da Xunta de Galicia— era por aquel entón o conselleiro de Infraestruturas. E ¿que dixo ou que fixo o señor Aznar cando se privatizaba Audasa? ¡Díganme que fixo! ¡Nada! Calar e asen-tir ante o que facía dende Madrid o seu líder coa AP-9.

Como dixen, o Goberno central ponse á disposición da Comisión Europea para aclarar todos os detalles sobre a citada ampliación. Porque —repito— non mintamos e non enganemos a cidadanía. A concesión de prórroga da AP-9 que cuestiona Europa é só a última, a do ano 2000, a do señor Aznar.

E tampouco debemos caer no erro de querer ser xuíces. Refírome ás afirmacións que fai o Bloque Nacionalista Galego na súa iniciativa respecto de que as prórrogas son ilegais. O BNG, coma se fose un xuíz, sentenza e afirma que estas son ilegais. E vostedes saben que o informe da Comisión Europea o que abre é un procedemento para ditaminar se son ou non ilegais. Non se di taxativamente no informe que sexa ilegal, o que se abre é a porta a que poida ser declarada ilegal. Pero creo que é de recibo ser rigorosas con este feito e non crear, dende logo, falsas expectativas na cidadanía coa posibilidade de recuperar todos os cartos das peaxes. Polo momento é pronto para saber que efectos traerá consigo o procedemento aberto pola Comisión Europea a España. E vostedes, coma nós, saben que será moi difícil que se poida recuperar o diñeiro cobrado polas peaxes. Ademais, hai que ter en conta o posible desembolso que o Estado tería que facer se Audasa perde a concesión e houbese que compen-sala, froito, dende logo, dunha mala praxe do goberno do señor Aznar.

Aquí consolidáronse uns dereitos sobre a concesión, polo que resultaría, de ser o caso, bastante complexo chegar a recuperar esas peaxes. As cousas non son tan sinxelas como as pinta o Bloque Nacionalista Galego. Pero, dende logo, o Goberno de España buscará protexer o interese público, o do Estado e o dos contribuíntes, para que isto non supoña un prexuízo económico máis no suposto de resarcimento da concesión. Polo tanto, sexamos rigorosos, o que se abre é un proceso xurídico legal de moita complexidade no que se di que facer prórrogas de concesión sen concurso público menoscaba a competencia; e, polo tanto, podería —podería— declararse ilegal por ese ámbito.

E, miren, fronte a un goberno do Partido Popular que prorroga e privatiza vén outro goberno, presidido por Pedro Sánchez, e dende xuño de 2021 todos e todas as usuarias —non só uns poucos, como acontece nas autoestradas de competencia autonómica nas que esas bonifi-cacións van só dirixidas a un determinado sector da poboación, como son as familias nu-merosas— desfrutamos dunha rebaixa histórica nas peaxes da AP-9. (*Aplausos.*) Estas bonificacións nas peaxes da AP-9 son froito dos orzamentos xerais do Estado aprobados no ano 2021, aos que —como non me cansarei de repetir— tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Popular votaron en contra. Polo tanto, votaron en contra desas bonificacións nas peaxes da AP-9; (*Aplausos.*) votaron en contra de que, só no primeiro mes de bonificación nas peaxes da AP-9, os galegos e as galegas aforrasen 3,4 millóns de euros; votaron en con-tra de descontos para todos os vehículos lixeiros todos os días do ano, para que as viaxes de volta sexan gratuítas, para que haxa un desconto adicional no 50 % da viaxe de ida e no



100 % da de volta no tramo Vigo-Tui; votaron en contra do desconto para clientes recorrentes; votaron en contra dun 20 % adicional para os vehículos pesados.

Polo tanto, esta é a realidade. Está moi ben que vostedes saquen tamén a relucir ese acordo de investidura do Bloque Nacionalista Galego co Partido Socialista, pero despois a realidade dos feitos é moi distinta. Porque cando hai que dar o callo é neses orzamentos xerais do Estado, porque é aí onde se permitiron esas bonificacións. Porque, se non, que me diga o Bloque Nacionalista Galego como pretendían bonificar esas peaxes da AP-9 sen os orzamentos xerais do Estado. Polo tanto, como digo, non é igual que gobernen uns a que gobernen outros; uns privatizan Audasa e outros o que facemos é bonificar estas peaxes ata o ano 2048, que é o ano no que rematará a prórroga concedida polo señor Aznar.

Pero, bueno, volvendo ao eixe da iniciativa, eu quero deixar clariño que o que cuestiona o informe da Unión Europea é a última prórroga, é a prórroga do ano 2000, a prórroga do señor Aznar. Eu podo comprarlle o discurso ao Bloque Nacionalista Galego para cos seus votantes, pero o que non pode ser é que enganen a cidadanía e que digan que todas estas prórrogas son ilegais e, aínda máis, que poden recuperar os seus cartos, que é unha forma sinxela de recuperalos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Onte lía un teletipo pola tarde onde a señora Pontón —magnánima, coma sempre— dicía que volvía dar unha oportunidade ao Partido Popular e ao Partido Socialista para posicionarse a favor de Galicia e das peaxes da AP-9. ¿Que sería da política se non existise o BNG e a señora Pontón con esa magnanimidade? *(Risos.) (Murmurios.) (Aplausos.)* ¿Que sería dela? ¿Que sería da política e que estaríamos facendo aquí? ¡Menos mal que decidiu presentarse de novo! ¡Menos mal! *(Aplausos.)*

A verdade é que non cremos no que din. Dicía o señor Bará que presentan unha iniciativa oportuna. Pero non, é oportunista, oportunista, señor Bará —díxollo tamén a señora Otero—. É oportunista, demagóxica e precipitada. Vostedes cren que a política é unha sucesión de titulares efectistas, como o de «vou reflexionar sobre a miña continuidade», cando todos sabiamos o que ía pasar. Ía pasar que ía dicir que quería continuar. *(Murmurios.)* Vostedes crean unha expectativa que non ten ningún sentido. Crean a expectativa —dicíallelo a señora Otero— de recuperar aquí peaxes. Sabe vostede que iso non é posible, ou que, cando menos, é dificilísimo. Pero vostedes o que buscan é o titular, non lles preocupa exactamente nada.



Nesa estratexia consideran que o electorado de Galicia son nenos. Non é novo. O señor Beiras, cando militaba no Bloque Nacionalista Galego, dicía que en Galicia gañaba o Partido Popular porque os electores eran tontos. Bueno, dicíao o Bloque Nacionalista Galego. Despois chegaron a dicir que era porque votaban os vellos. Nós estamos encantados de que a xente con máis experiencia vote o Partido Popular, porque son, dende logo, os que atesouran unha gran experiencia. Dende logo que estamos de acordo, aínda que haxa excepcións como o señor Rivas, por suposto. (*Risos.*)

Pero vostedes o que fan é ler os periódicos pola mañá. Len os periódicos pola mañá e crean iniciativas. Non lles importa o fondo da iniciativa e, por suposto, non contrastan absolutamente nada. Deberían dicir que esa comunicación da Unión Europea non é firme, que hai un período de dous meses para presentar alegacións e que, polo tanto, estamos á espera do que se poida presentar por parte do Goberno de España —que, por suposto, non sabemos absolutamente nada de se presentou algo ou non, aínda que supoñemos que así o fará—.

Porque, sen entrar no fondo, a Unión Europea di que o que non se dá é suficiente concorrencia, nada máis —e nada menos—. Pero, mire, houbo tres ampliacións. A primeira foi polo goberno da UCD, do señor Garrigues Walker, para dar un maior prazo de financiamento das obras. A segunda, do señor Borrell —con Touriño, por certo, no Goberno do Estado—. Naquela ocasión era para ter gratuidade nos tramos urbanos e que chegara a autopista a Tui. Por certo, concedéronlle dez anos. Iso xa estaba no título concesional, señora Otero, pero concedéronlle dez anos igual. E a terceira foi na época de Aznar, efectivamente, cunha ampliación de vinte e cinco anos. ¿Sabem por que? Porque a autopista non chegaba a unha parte de Galicia. Eu son de Ferrol e collín a autopista durante moitos anos —cando estudaba— en Guísamo. Había que ir de Ferrol a Guísamo. E máis tarde collíaa en Fene, e tampouco chegaba. E resulta que, afortunadamente, un barco cun temporal tirou a N-651 e, por tanto, puidemos darnos conta e convencer o Goberno de que fixera a autopista. (*Murmurios.*) Si, si, fíxose unha ampliación, porque se fixo o tramo desde Fene a Ferrol libre de peaxe. Podemos estar de acordo en se foron demasiados anos ou poucos anos, pero había unha xustificación detrás desa ampliación da autopista, dende logo que a había. O que pasa é que ao Bloque importáballe sempre pouco que chegara a autopista a Ferrol. Sempre lles importou pouco, dáballes exactamente igual.

Pero a finalidade dende logo que non foi a mesma, señora Otero, claro que non foi a mesma. Estas ampliacións, ou estes incrementos nos períodos de concesión, son algo habitual nos contratos de concesións, incluso para os alcaldes do Bloque Nacionalista Galego. Miren os contratos de servizos que teñen nos distintos concellos. Non é nada raro. E esas ampliacións sempre se fixeron conforme a lei en cada momento, por suposto. Fixéronse con informes da Avogacía do Estado, e con informes da Intervención Xeral. E agora é o momento de volver presentalos e xustificar as decisións, claro que si. E aí estaremos todos.

Pero, unha vez máis, o Bloque é oportunista, queren arrimar a ascua á súa sardiña, non re- paran no fondo e cren que cos titulares se pode enganar os votantes de Galicia. Bueno, ¡alá vostedes!, ¡alá vostedes! Igualíño que cando falan das prazas das residencias públicas. Sempre veñen aquí dicir que, se a xestión das residencias non é pública, entón xa non valen para nada. Pero onde gobernan non o fan así. E aquí neste Parlamento tivemos moitas ocasións



de dar moitas citas. Mire, a Deputación da Coruña plantexa facer tres residencias proximamente. ¿Sabe como as van xestionar? De maneira privada. ¿Saben quen Goberna na Deputación da Coruña? O Bloque. (*Murmurios.*) ¡Pero é o que hai! Aquí veñen dicir unha cousa porque buscan o titular, pero, cando realmente se descoñece e teñen oportunidade, fan o que sexa. Iso si, non se poñen colorados. ¿Saben por que? Porque son profesionais. Non se poñen colorados porque son auténticos profesionais. (*Aplausos.*) ¡Fíxense onde chega o des-
caro do BNG! (*Aplausos.*)

Cando gobernan os socialistas e levantan as peaxes da Barcala e Rande, foi a Xunta a que acepta pagar máis de 400 millóns de euros cos cartos dos galegos. É dicir, pagan todos os galegos por levantar as peaxes dunha autopista estatal. E ¿saben vostedes o que dixo o Bloque Nacionalista Galego entón? ¡Nada! Aínda estaba na «navallada». A navallada foi moito máis atrás, pero aí non dixo absolutamente nada. E nesa decisión e neses gobernos había xente que hoxe está aquí. Vostede, señor Bará, formaba parte do Goberno bipartito. Hai deputados —creo que dous, en concreto, a señora Pontón e outro máis— que eran deputados no Parlamento naquela ocasión. E ¿que dixeron cando cos cartos dos galegos se pagaban e se levantaban peaxes dunha autopista estatal? ¡Nada! ¿Que dicía o Bloque entón? ¡Nada! Calaba porque estaba no Goberno. ¿Que fixo o BNG no Goberno da Xunta? Aplaudir. ¿Quixo reprobar o Goberno bipartito por apoiar esa decisión? Non, non, daquela non quixo reprobar ningún tipo de actuación do Goberno bipartito.

Pois, seguindo as verbas da señora Pontón, o PP dálle a oportunidade, con esa magnanimidade que nos caracteriza, de que hoxe inclúa na súa iniciativa reprobar tamén o Goberno bipartito da Xunta, que con cartos de todos os galegos levantaban e querían pagar as peaxes dunha autopista como a AP-9. (*Aplausos.*) Pero ¿que facía o Bloque cando o informe da Comisión Galega da Competencia cuestionaba as decisións do goberno socialista sobre o pago da ampliación da AP-9? ¡Nada! Non o sabían. Pois daquela o Bloque tampouco facía nada. Ou ¿que fixo o Bloque ante o informe do Consello Consultivo de Galicia que dicía que esas subas do 1 % anuais eran nulas de pleno dereito? Pois o mesmo que o Partido Socialista, ¡nada!, non facían nada. Por iso esta iniciativa, señor Bará, a todas luces queda demostrado que é oportunista.

Esta fin de semana saía un artigo nun periódico que se titulaba *Queridos niños*. Facía referencia a unha novela de David Trueba sobre as entretelas dunha campaña electoral e dicía que hai partidos que están en campaña constante, que pensan que o electorado son nenos que non van profundar nas noticias, que van quedar cos titulares, que dá o mesmo dicir unha cousa e a súa contraria. Esta mesma semana a señora Pontón dicía unha cousa sobre os orzamentos e ao mesmo tempo outra deputada do Bloque Nacionalista Galego dicía a contraria. «¡Dá igual, non se van enterar de que dixemos o contrario...!»». E esta é a forma de actuar do Bloque Nacionalista Galego.

Miren, se vostedes queren facer política seria teñen a posibilidade de defender a Galicia. Poden pedirllas aos seus socios que retiren as emendas presentadas no Congreso á tramitación da transferencia da AP-9. Hai ben poucos meses estivemos alí defendendo unha iniciativa que saíu por unanimidade deste Parlamento. Pero cando chega o momento de presentar as emendas ao articulado, o Partido Socialista di que xa non quere a transferencia. E ¿que fai o Bloque Nacionalista Galego cando o seu socio non quere transferir a autopista,



a AP-9, a Galicia? ¡Nada!, ¡nada! ¿Saben por que? Porque vostedes prefiren manter os sillóns nas deputacións e nos concellos, vicepresidentes nas deputacións e tenentes de alcalde nas cidades, antes que defender a Galicia. *(Aplausos.)* E iso vainos acompañar mentres sigan facendo o mesmo que están a facer.

Vostedes seguen pensando que o electorado non se vai enterar, e o electorado é máis listo do que parece; polo menos do que lles parece a vostedes. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, oían, levan doce anos situándoos na oposición, doce anos. Tiveron a oportunidade, por uns miles de votos, de gobernar durante catro anos e mandáronos de novo á oposición, onde levan doce anos. E non crean que a situación hoxe é moito mellor que a do Partido Socialista. Teñen máis porque no Partido Socialista están enredados entre eles e non teñen ningún rumbo. Pero sigan facendo o mesmo, que nós imos seguir defendendo Galicia e vostedes van seguir vendendo Galicia por un sillón, que é o que saben facer.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Diego Calvo, non sei se pensou o que dixo, pero dixo o que pensa. Dixo vostede que o electorado é máis listo do que parece, ou máis intelixente do que parece. Eu creo que quedou retratado con esa afirmación. *(Aplausos.)*

Señora Otero, eu non sei se se cumpriu a lei ou non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio!

O señor BARÁ TORRES: Señor Diego Calvo, reláxese que non está no turno de palabra.

Señora Otero, vostede di que eu fago afirmacións... Eu non sei se se cumpriu ou se non se cumpriu a lei. Chámelle a isto ilegal, chámelle irregular, chámelle cambalache, chámelle estafa ou como queira, pero non se cumpriu a lei de contratación. E non se cumpriu na prórroga do 2000 e tampouco na de 1994 do Partido Socialista, cando había unha directiva europea de contratación naquel momento que dicía claramente que non se podía facer unha prórroga así a dedo, que había que seguir un procedemento de concurso público e de licitación. ¿Como quere que llo expliquemos? É así de claro. E valía para os dous casos. E a denuncia de En-Colectivo refírese aos dous casos.

E, claro, vostede di que se non houberse prórroga do Partido Popular do 2000 xa en 2023 sería gratis. E se non houberse a do Partido Socialista anterior, xa sería gratis en 2013, xa non estaríamos pagando 1.000 millóns de euros máis. *(Aplausos.)* ¡Pero de que estamos facendo!



Mire, eu creo que vostede, vostede concretamente, ten un problema. E é que non lle fai caso ao seu xefe político. O seu xefe político dixo recentemente nunhas declaracións que o Partido Socialista estaba pagando o prezo de facer seguidismo de Madrid. E vostede segue erre que erre. Fágalle caso, porque eu creo que está acertando cando di iso o seu xefe político. Fágalle caso, dígollo de verdade.

Dicía o señor Calvo: «¿Que sería da política sen o BNG e sen Ana Pontón?». Xa vexo que están vostedes preocupadísimos polo BNG e por Ana Pontón. Pero estean tranquilos, que o BNG está máis forte ca nunca, (*Aplausos.*) máis forte ca nunca, máis seguro ca nunca e máis comprometido con este país ca nunca. Así que, tranquilos.

O que pasaría na política galega sen o BNG e sen Ana Pontón, entre outras cousas, é que non habería ata tres acordos que houbo neste Parlamento sobre a AP-9, que foron escritos de puño e letra polo BNG e que se abriron despois aos outros grupos políticos. (*Aplausos.*)

E o que pasaría na política galega sen o BNG e sen Ana Pontón é que non habería unha rebaixa histórica das peaxes, que foi, custe a quen lle custe, negociada polo BNG. (*Aplausos.*) E foi isto recoñecido polo propio señor Pedro Sánchez cando fixo o informe do cumprimento dos acordos. ¡É que o dixo el! ¿Imos nós emendarlle a plana ao señor Sánchez? Parece que lla quere emendar o Partido Socialista. ¡En fin...!

Mire, o que veu facer vostede aquí, señor Calvo, foi un xogo de trileros ao falar de que o que xustificaba a ampliación de vinte e cinco anos era facer a conexión con Ferrol. Mire, esa conexión xa estaba prevista nos orzamentos do Estado, e vostedes retirárona dos orzamentos do Estado e pasaron a un beneficio multimillonario de 1.500 millóns de euros para unha concesionaria. ¿Era ese o custo que tiña facer esa conexión? ¿Non se podía facer con fondos do Estado ou que? ¿De que estamos falando? Non era necesario facer iso.

Esta iniciativa é totalmente oportuna. ¿Por que é oportuna? Porque estamos no prazo de dous meses no que o Goberno do Estado ten que responder a ese requirimento da Comisión Europea e, polo tanto, ten todo o sentido, está plenamente xustificada, que o Parlamento galego se pronuncie para trasladarlle a súa opinión ao Goberno central e dicirlle que entendemos que esa prórroga foi concedida irregularmente e que hai que anular esa concesión, e que, polo tanto, hai que garantir a eliminación desas peaxes. Non pedimos ningún privilexio para Galiza, non pedimos ningún trato de favor. Pedimos exactamente o mesmo que se está facendo con outras autoestradas que son coetáneas da AP-9 e que están sendo rescatadas polo Estado, que son gratuítas desde 2019, 2020 e 2021. Queremos o mesmo trato. Ou queremos, por exemplo, que se faga o mesmo que se fixo con esas ruinosas radiais madrileñas e outras autoestradas —ata oito—, que foron rescatadas polo Goberno central en 2017, co señor Rajoy, pagando 4.000 millóns de euros, ¡4.000 millóns de euros! Queremos xustiza, queremos o mesmo trato, queremos o mesmo para Galiza.

E remato xa.

Miren, aquí hai unha cousa moi clara, hai que escoller. Con estas iniciativas hai que posicionarse, escoller claramente se estamos do lado dos intereses de Galiza, das persoas estafadas e prexudicadas polas peaxes da AP-9, ou se poñemos a camisola de Madrid, do goberno



central de turno. Vostedes teñen que decidir, teñen que escoller se están do lado de Galiza ou se están do lado da concesionaria e do Goberno central de Madrid.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a reversión ao sistema público da titularidade e xestión do servizo de transporte sanitario terrestre e a mellora das condicións do seu persoal

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Para falar de ambulancias —e xa que estamos na interesantísima e apaixonante época parlamentaria dos orzamentos, que nos leva a todos pola rúa da alegría e da emoción— permítanme iniciar este debate cunha cuestión: a Xunta de Galicia non sabe canto diñeiro gasta ao ano en pagar ambulancias. Non o sabe este ano, non o sabía o anterior, non o sabía o anterior, non o sabía o anterior... Non o sabe nunca. Xa non ao inicio, senón que non o sabe ao final. Eu pediríalles que o intentasen averiguar. Escollan o ano, un ano calquera, e intenten saber canto gasta en pagar ambulancias a Xunta de Galicia. É absolutamente imposible. Sabemos que este ano baixa o orzamento en atención primaria —moi intelixente, parece que non importa nada—, ou que soben en pagar sacerdotes no Sergas —debe de ser que son máis importantes que a atención primaria—, pero non sabemos canto vai gastar en ambulancias. Non o sabemos este ano nin ningún. ¿Por que? Porque é probablemente un dos espazos máis escuros e estraños que existe no orzamento da Consellería de Sanidade —para outros xa especialistas ten a Santa Igrexa, algúns deles pagados polo Sergas—.

A partir disto eu creo que é razoable pensar que temos un problema co modelo. E é que está visto que o sistema de ambulancias non funcionou por ser un sistema puramente concesionado —que de concesionado ten pouco, teno basicamente de entrega e de sacudirse un problema de enriba—. E nós o que propoñemos —non é a primeira vez, pero intentaremos dar este debate as veces que sexan necesarias— é traer unha proposta, que é intentar entender que necesitamos reformular a nosa maneira de xestionar o sistema de transporte sanitario. E por iso propoñemos a reversión.

Miren, este é un sistema que se sostén especialmente grazas aos profesionais, que fan un traballo excepcional, impagable. Seguro que calquera que tivese nalgún momento algunha



necesidade de coñecer un profesional da atención sanitaria, especialmente da urxente —que sempre é triste e dificultoso pero moitas veces ocorre— sabe a capacidade de traballo, a axilidade en xestionar o risco, a capacidade de acerto e a xestión humana que fan nun escenario moi difícil. Pero pensen que eses traballadores e traballadoras que acoden e que atenden situacións moi difíciles están maltratados laboralmente e coa convivencia e aprobación da Xunta de Galicia. Pensen que son os que están sostendo un sistema con condicións laborais leoninas. E isto dáse fundamentalmente porque a Xunta desatende os seus labores.

Miren, hai algúns elementos estraños neste proceso das ambulancias na última década. Poderíamos ir case a calquera momento, pero poñámonos na última década. Por recordar algúns —e eu sei que isto algúns compañeiros e compañeiras deste Pleno o saben porque o teño contado algunhas veces, xa que, como hai xente nova, un sempre aproveita para contar as mesmas historias unha e outra vez—, en Galicia hai non moito tempo denunciouse un concurso de ambulancias que fixo a Xunta de Galicia porque foi concedido a unha empresa despois duns pregos de contratación. Fíxose un concurso e concedeuse. Pero houbo unha denuncia para o caso. Baseada ¿en que? Baseada en que días antes de que se coñecera o prego —que curiosamente cambiou as condicións técnicas e as necesidades incluso de rotulación das ambulancias— había ambulancias novas xa rotuladas coas condicións técnicas novas e exactamente como se pedía no prego, antes de que saíse o prego. ¡Máis de 120 millóns de euros!, ¡eh!, que non era un prego de catro gominolas, de chuches. Non, eran ambulancias. Eran máis de 120 millóns de euros. E estaban almacenadas esperando a que saíse un prego cando xa tiñan toda a rotulación —incluso do Sergas, que alguén do Sergas ten que pasar o logo para que se poidan rotular—. Imos pasar por riba que a empresa que gañou era propiedade dun membro do Partido Popular, que seguro que foi *la casualidad*, como di (...) (*Inintelixible.*), *la casualidad*.

A partir de aí un podería dicir que foi unha cousa estraña. ¿Que pasou? Que a Xunta seguiu contratando coa mesma empresa —os bos costumes e a tradición non hai que perdelos, como contratar cos de casa aínda que haxa un problema xudicial polo medio—.

Houbo denuncias de irregularidades, profesionais que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*O señor Torrado Quintela fai unha pausa.*) ...profesionais que ían nas ambulancias pasadas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*)

Grazas, presidente.

As ambulancias ían pasadas de peso, fóra das características técnicas, incapaces de cumprir, porque, dadas as correspondentes características técnicas que cómpren e os pesos que levaban as ambulancias, pasaron meses e anos as ambulancias cargadas de máis, con recursos que estaban xa fóra do mercado, pero como ninguén lles compraba material novo ían con material vello. Había problemas laborais de profesionais que incumprían os descansos. Pensen que algunhas das persoas que conducían ambulancias e que atenden situacións urxentes, pasaban doce, catorce, dezaseis, vinte e catro e trinta e dúas horas seguidas de turnos porque non hai persoal suficiente. Pensen que hai baixas temerarias na concesión de ambulancias que obrigan a que despois a Xunta teña que pagar o que se lle pida porque, se non, queda sen ambulancias para cubrir.



E este é un problema deste modelo, un problema, ademais, que ten unha opacidade achegada. E é, como lles dicía ao principio, que é imposible saber —e isto é moi chamativo— canto gasta a Xunta en ambulancias. É imposible, non existe ese dato. Este venres temos a comparecencia do conselleiro de Sanidade, voullo preguntar e, como xa o contamos agora, a ver se o venres é capaz de dicirmo. Eu aposto que non mo vai contar, porque é imposible sabelo. Probablemente nin o conselleiro sexa capaz de sabelo.

Algúns resultados disto, do baixo número de ambulancias, dos esforzos sobredimensionados dos profesionais, dos recursos insuficientes, son resultados que acaban en problemas de carácter fatal. Son —vostedes poden comprobalo— problemas dos que o noso grupo, nalgúns ocasións, ten feito algunhas denuncias, cando as situacións eran moi claras. Noutras ocasións non, porque en sanidade hai situacións nas que se dan resultados fatais que non se poden evitar. Algunhas delas, por outra banda, non se sabe se se poden evitar, e outros son difíciles de traballar dende un punto de vista político —ou dende o noso punto de vista non se debe—. Pero, en todo caso, non vale dicir que non hai nada que pensar. Hai moito que pensar, cando hai casos —A Estrada, Dozón, Celanova, Vigo...—, moitos casos, en que hai problemas para esclarecer se realmente foron un problema de recursos ou de asistencia.

E este é o problema de que o criterio económico prevaleza sobre o criterio sanitario. Para a Xunta as ambulancias son —perdóenme a expresión— un marrón. Entón sálvase do asunto, derívaio, fai un concurso e concédello a quen poña o prezo máis baixo —literalmente—. Non é unha cuestión de recursos sanitarios, de quen planifica mellor, de quen ofrece un mellor mapa de asistencia, senón de quen poña o prezo máis baixo. E, claro, en sanidade o prezo máis baixo é unha ferramenta que algunhas veces ten algunha complicación. Seguro que son capaces de razoalo. E así temos problemas, como o de que hai falta de recursos ou incluso de mala distribución. Por exemplo, por acumulación de persoas, de volume poboacional, nalgún territorio, e como o truco que fixeron coa ambulancia do Salnés, que parecía que era e non é. Ou, por exemplo, nalgúns que teñen dificultades por unha cuestión de distancias territoriais —na comarca do Deza, na Mariña ou en Ortegá—, onde non hai ambulancias suficientes.

Todos os profesionais aos que poidan consultar, todos, vanlles afirmar o mesmo, ¡todos! —sen excepción, probablemente—. Moitas veces falamos aquí e sempre dicimos que hai que facerlles caso aos profesionais. Aí teñen algúns que din o mesmo. O sistema non funciona. É un pozo sen fondo, escuro. E facemos unha proposta, que é que comecemos a reverter este sistema. A revertelo pola vía máis fácil polo de agora —fácil entre comiñas—. Enténdese que é difícil, si; pero non é unha reversión —a que propoñemos— de hoxe para mañá, porque non é posible. Somos conscientes de que non é posible reverter un sistema que leva cerca de 200 millóns de euros ao ano —ninguén o sabe, pero, aproximadamente, por aí debe levar como mínimo o sistema—. Polo tanto, é difícil facer esa reversión de maneira completa. Pero si o propoñemos para algún tipo de transporte sanitario, por exemplo, para o programado —é dicir, para aquelas visitas, aquelas asistencias, de persoas que se levan para facer recuperación, para acudir a citas programadas, aquel que se pode prever con anterioridade e que é máis fácil de organizar, que require menos dotación de recursos profesionais—. Aquí é onde podemos facelo xa, podemos revertelo para o sistema público, para que poidamos demostrar que o sistema público é capaz de funcionar. O sistema de concesión pode funcio-



nar nalgúns eidos, seguro. Pero neste está demostrado que non e, polo tanto, o que nós plantexamos é que o sistema público o asuma.

Non quere dicir que só queiramos asumir esa parte, a programada. Na atención sanitaria urxente, máis complexa de organizar, máis difícil de recursos, de maior volume, tamén é necesario. Por iso, plantexamos que esa debe ser estudada para planificalo. Queremos que se faga, nós apostamos por iso, pero somos conscientes de que é máis difícil, porque ademais hai que reconsiderar tamén todo o que pasa cos profesionais que están agora mesmo traballando nestes servizos, que obviamente non son funcionarios pero aos que si podemos axudar convenientemente.

E, ademais, pedímoslle á Xunta que polo menos medie e sexa capaz de dicirlles ás súas empresas —e digo «as súas» con certa ironía— que traballen para axudar os profesionais, que non os teñan maltratados literalmente; porque son a nosa sanidade tamén, non son a nosa sanidade unicamente aqueles que son parte do Sergas, senón aqueles que traballan no entorno do Sergas, como tamén os técnicos da asistencia sanitaria que están traballando no entorno das ambulancias.

Polo tanto, nós facemos esta proposta e vostedes dirán: «Isto é unha ocorrencia do PSdeG». Baleares estao facendo, Extremadura está nese camiño, Navarra está nese camiño, A Rioxa está nese camiño, Canarias está nese camiño. Seguramente vostedes son capaces de entender que digamos todos os gobernos das comunidades autónomas que comparten un criterio ideolóxico. Pero aínda así seremos capaces de observar que alí, que está sendo bastante exitoso, pode ser que nos estean ensinando o camiño para facer algo que nós aquí en Galicia poderíamos facer.

Con esta idea, que consideramos sensata e cuxos números temos e podemos compartir con todos os grupos, facemos esta proposta para poder debater sobre ela coa intención de que poidan aportar algunhas ideas e entre todos construír unha posible solución.

Ata o de agora máis nada, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

O BNG xa ten defendido dende esta tribuna en varias ocasións a necesidade de prestar de xeito directo pola Xunta de Galiza o servizo de transporte sanitario terrestre. Témolos feito porque dende logo temos moi claro que, dentro do sistema sanitario, o servizo de transporte sanitario terrestre de doentes, tanto urxente como programado, ten un papel esencial. Non é unha peza separada nin poden entenderse como dous elementos inconexos entre si, senón que, polo contrario, deben estar perfectamente inseridos no mesmo sistema e contar con



recursos e co persoal preciso para prestar unha atención sanitaria de calidade. Mais a realidade non é esa. Vemos como o servizo de transporte sanitario é fundamental e está sendo obxecto de continuos problemas ao longo dos anos. E por iso temos presentado múltiples iniciativas aquí no Parlamento referidas á situación deste servizo, tanto no referido á insuficiencia dos recursos existentes —como a falta de recursos técnicos, falta de vehículos ou falta de persoal—, como referidas a deficiencias na prestación ou á situación laboral dos traballadores e traballadoras. Porque, como digo, debería ser un obxecto de atención prioritaria para a Xunta de Galiza, para o Partido Popular, mais a realidade vai na dirección contraria: opta por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde e significa recortes na prestación, e ano tras ano, concurso tras concurso, non dá solucionado os problemas de base. E, polo tanto, en Galiza temos un servizo de transporte sanitario terrestre de baixa calidade —por ser suave na terminoloxía—. Deixémolo aí, digamos de baixa calidade.

O Partido Popular foi deteriorando o servizo con todas as decisións que foi tomando, de xeito que son máis que habituais as denuncias de irregularidades desta prestación de servizo. E dende hai anos estase producindo toda unha cadea de incumprimentos que afectan, como dicía, o funcionamento do servizo de ambulancias, os traballadores e, polo tanto, a calidade asistencial que se presta.

Hai denuncias de intrusismo laboral. Téñeno denunciado por activa e por pasiva os profesionais e os técnicos deste servizo. Hai intrusismo laboral no sentido de que se presta ese servizo por parte de persoas que non teñen a titulación ou certificación precisa para prestalo; unha cuestión realizada, levada a cabo, polas empresas de ambulancias mais consentida pola Xunta de Galiza, que non fai a verificación de que o persoal que traballa neste transporte teña esta titulación.

Hai denuncias polas carencias e deficiencias das empresas ás que o propio Sergas, o propio 061, subcontrata diante da escaseza de dispositivos e de persoal da propia rede que ten contratada, que ten externalizada. Son contratacións con empresas que non se presentaron a ningunha licitación e que, polo tanto, non pasaron absolutamente ningunha verificación. E son moitas as constatacións de que non cumpren co establecido na lexislación en vigor, nin pola tipoloxía dos vehículos nin polas condicións técnicas que teñen que ter os vehículos nin pola dotación de persoal que teñen que ter estes vehículos. Polo tanto, non son poucas as veces que se ten denunciado que esta situación orixina unha deficiente atención aos pacientes, coa posibilidade —non remota senón real— de desenlaces fatais. O último caso tivémolo en Vigo hai pouco máis dun mes, cando Xosé Manuel, un doente que era trasladado nunha destas ambulancias que non pasara absolutamente por ningunha licitación, que non tiña cualificación para prestar asistencia sanitaria en ruta, nin moitísimo menos, e na que soamente ía cun condutor e que non lle puido prestar a atención sanitaria que precisaba, faleceu na propia ambulancia sen esa atención.

Insisto, igual que dixemos cando trouxemos a cuestión aquí ao Parlamento, un accidente é algo irremediable que pode, efectivamente, suceder. Pero cando non se teñen as medidas precisas para que non aconteza, non é un accidente, é negligencia e é consentimento por parte da Xunta. E é o que está facendo sistematicamente co servizo de ambulancias. (*Aplausos.*) Pero tamén houbo problemas coas ambulancias por falta, neste caso, de ambulancias:



unha persoa morta na Estrada, unha persoa morta en Dozón. E outros moitos problemas, como as chegadas tardías das ambulancias a atender as persoas.

Hai denuncias polas condicións laborais e salariais das persoas que traballan neste servizo, porque se fan continuamente adxudicacións á baixa e logo as empresas o que pretenden é que esas adxudicacións á baixa recaian sobre o lombo dos traballadores e traballadoras por obrigalos a unhas condicións laborais de explotación ao exixirilles máis e máis esforzo porque hai menos profesionais e hai un aumento moi importante dos servizos que hai que prestar.

Hai denuncias pola deterioración do servizo. Non se cumpren en moitos casos as condicións hixénico-sanitarias dos vehículos, hai falta de limpeza, de desinfeccións, bases deficientes, equipos e materiais de traballo que en moitas ocasións non cumpren. Non se facilitan materiais de protección e outro tipo de materiais aos traballadores e traballadoras por parte das empresas.

Hai denuncias na contratación e nas adxudicacións, que o BNG trouxo aquí a este Parlamento. Hai denuncias por adxudicacións a empresas que viñan precedidas por irregularidades e condenas noutras comunidades autónomas, do que foi advertido neste Parlamento o Partido Popular, que fixo oídos xordos porque, entre outras cousas, á fronte das empresas que recibiron adxudicacións había persoas claramente vinculadas ao Partido Popular —exdeputados ou altos cargos do Partido Popular—. O Partido Popular galego e a Xunta de Galiza fixeron oídos xordos a adxudicacións que logo foron en detrimento da prestación do servizo, coas nefastas consecuencias que todos e todas coñecemos.

Polo tanto, son irregularidades que son responsabilidade das empresas, evidentemente, pero en moitos casos, fundamentalmente, da Administración, fundamentalmente da Xunta de Galiza, porque é coñecedora, porque esas denuncias lle foron trasladadas en tempo e forma por traballadores e traballadoras, porque foron feitas en sede xudicial ou porque foron feitas neste Parlamento. E a Xunta de Galiza e o Partido Popular o que fixeron foi mirar para outro lado e facer coma que non ía con eles.

Polo tanto, o BNG considera que é preciso, efectivamente, outro rumbo. Tamén temos presentado iniciativas para exixir solucións a estes problemas, e atopámonos co muro do Partido Popular sempre neste Parlamento; igual que temos presentado iniciativas aquí no Parlamento polo desleixo e a desconsideración que a Xunta mostra continuamente para cos profesionais que traballan neste servizo. Tivemos que facelo durante a pandemia porque deixaron abandonados a estes profesionais —a Consellería de Sanidade, o Sergas e o 061— sen facilitarlles, nin preocuparse de que o tivesen, material de protección, e sen preocuparse de que lles fixesen as probas para detectar posibles contaxios.

Volvemos presentar iniciativas a semana pasada porque volveu a Xunta, o Sergas, excluír os profesionais que prestan o seu servizo no transporte sanitario terrestre da vacinación prioritaria contra a gripe, a pesar de que están en contacto constante e permanente con múltiples doentes porque actúan con eles facéndolles todo tipo de técnicas, desde oxixenoterapia a reanimacións, conducción ou colocación de proteccións. E a pesar diso, o Partido Popular non quere darlle a mesma protección que lle dá ao persoal sanitario. Por iso o BNG tamén insis-



tentementemente demandamos que teñan a consideración de persoal sanitario, porque é que fan unha función sanitaria.

Polo tanto, consideramos que a situación do servizo de transporte sanitario terrestre é de déficit histórico. Hai un déficit histórico de colapso do servizo por falta de vehículos e de equipos humanos, déficit en urxencias —e sabemos que nas urxencias o factor tempo é fundamental para a atención ás urxencias—, déficit na programada, que, como consecuencia da falta de vehículos, hai moitas demoras no traslado de doentes para facer probas ou ir a rehabilitación ou, por exemplo, a diálise, o que supón un problema moi importante para os doentes.

E, polo tanto, igual que no resto da sanidade é preciso un cambio de rumbo e é precisa unha sanidade pública e de calidade, consideramos que o servizo de transporte sanitario terrestre, como servizo esencial que é, debe estar perfectamente inserido dentro do sistema sanitario. E por iso consideramos —igual que xa o fixemos e demandamos noutras ocasións— que debe estar prestado directamente polo sistema sanitario público. Hai que recuperar esa externalización que se realizou e, polo tanto, aínda que esta non é a iniciativa de máximos —ou con outras consideracións— que ten presentado o BNG e que traeremos a debate tamén no futuro, imos apoiar esta iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes, señorías.

Moitas grazas, presidente.

Este mesmo ano 2021 acaban de adxudicarse as sete licitacións das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde do contrato de transporte público, un contrato que supuxo unha importante mellora respecto da situación anterior, unha mellora en canto ao número de vehículos, ás súas características e tamén ás características de seguridade. Non sei se coñecen este contrato.

Señora Prado, vostede falta á verdade —imaxino que desde o descoñecemento, aínda que teño as miñas dúbidas—. Pero, mire, como resultado destas licitacións, o servizo de transporte sanitario na nosa comunidade experimentou unha importante mellora respecto da situación anterior. Incrementouse o número de vehículos así como as súas características e a súa dotación en todos os casos; e ademais coa obriga de cumprir as normativas establecidas tanto no Real decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada, como tamén no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario na nosa comunidade autónoma de Galicia. Ademais, a maiores, nesta convocatoria introduciuse e valorouse, como criterio de mellora puntuable para a adxudi-



cación, a incorporación dunha serie de características que fan máis segura a conducción. Estoume referindo a melloras tecnolóxicas como a alerta de cambio involuntario de carril, o control de ángulo morto, o cambio automático, así como a incorporación de cadeiras eléctricas que proporcionan unha maior autonomía e favorecen a súa mobilidade —todo isto sempre enfocado á mellora da seguridade dos seus ocupantes—.

No que respecta a persoal, de conformidade co previsto no artigo 4 do Real decreto 836/2012, os vehículos destinados á prestación dos servizos de transporte sanitario por estrada deberán contar de xeito escrupuloso coa dotación mínima de persoal prevista no anexo 2 do Decreto 52/2015, do 5 de marzo.

Faltan á verdade no que din, faltan á verdade totalmente. Unha das melloras máis salientables foi o incremento das dispoñibilidades horarias en todas as áreas sanitarias, tanto no número de vehículos como en persoal; todo iso coa finalidade de contar cunha maior cobertura asistencial. Así, en todas as áreas sanitarias establécense unhas maiores coberturas na dispoñibilidade dos vehículos, tanto en vinte e catro, dezaseis, catorce ou doce horas, segundo as necesidades das ditas áreas. Ademais, para asegurar o cumprimento do exixido no contrato, dende o Servizo Galego de Saúde estase a facer un seguimento dos vehículos, do material, do persoal e das actuacións mediante un programa informático de transporte sanitario non urxente, un sistema de control de obrigado cumprimento por parte das empresas que se implementa cos plans de inspección de servizos sanitarios da Consellería de Sanidade e das comisións de seguimento establecidas en cada un dos contratos. E os incumprimentos darían lugar ás posibles penalidades administrativas, así como a un maior control da actvidade mediante unha serie de criterios de calidade centrados nos traslados dos pacientes.

Ademais é importante salientar tamén que en relación co persoal que presta servizo nas empresas adxudicatarias se introduciron nos contratos, como cláusula social, entre outras, as seguintes condicións laborais: cumprir durante a execución do contrato coas condicións establecidas no convenio colectivo, proporcionar aos traballadores ou traballadoras un traballo de calidade estable, protexelos fronte a accidentes e riscos laborais asegurando as medidas de protección e prevención e proporcionando a subministración de equipos necesarios, e promover as condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero. E inclúese como causa de resolución do contrato a vulnerabilidade probada dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras —en especial dos permisos de paternidade e maternidade, xa sexan directamente ou ben mediante coaccións—.

Señorías, quedan probadas as importantes melloras incorporadas grazas á iniciativa da Xunta nos novos contratos que asinaron durante este mesmo ano.

En segundo lugar, hai que dicir que en Galicia, como vostedes saben, o 061 é o responsable da coordinación e da xestión de parte do transporte público. Neste senso é importante dicir e remarcar que a Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia 061, como responsable da coordinación e da xestión do transporte sanitario urxente extrahospitalario da comunidade autónoma de Galicia, realiza estudos de xeito continuado para estruturar a rede de transporte sanitario urxente de Galicia. Estes estudos contemplan tanto variacións demográficas como variacións nas demandas sanitarias, distancias aos centros sanitarios e as ne-



cesidades e actividades nas diferentes comarcas e concellos coa finalidade de garantir a accesibilidade, a equidade, a eficiencia e a sostibilidade dunha asistencia sanitaria urxente de máxima calidade no conxunto da poboación galega.

Señorías, hai control e hai xestión, e a xestión, señorías, inclúe centros de coordinación. Estamos a falar do 061, que ten planificación, que é un servizo que planifica e que ten protocolos —protocolos coa finalidade de optimizar a asistencia sanitaria—. E para asegurar o cumprimento do exixido nos contratos, dende a Fundación Pública 061 faise un seguimento dos vehículos, do material, do persoal e das actuacións. Isto conleva a realización de inspeccións periódicas e tamén extraordinarias, de xeito que, no caso de detectar deficiencias, estas son comunicadas ás empresas adjudicatarias para a súa emenda. E a non resolución destas deficiencias dá lugar á imposición de penalidades administrativas.

Señor Torrado, mire, consecuencia do alto nivel de exixencia do 061 e da estreita supervisión son as boas valoracións acadadas nas enquisas de satisfacción dos usuarios deste servizo de transporte, nas que a satisfacción global dos usuarios dunha unidade de soporte vital básico é do 93 % —porcentaxe que medra a un 94,5 % cando son atendidos por unha unidade de soporte vital avanzado—. Isto pon de manifesto que a rede de transporte sanitario urxente de Galicia 061 cumpre —e faino con creces— coas expectativas dos usuarios.

A realidade, señor Torrado e señora Prado, é moi diferente da que vostedes contan. O seu discurso non se corresponde para nada coa realidade que estamos a vivir en Galicia. E non entendo cal é o problema. ¿Por que esa insistencia en criticar algo que funciona ben? Só hai meses da última licitación —que se mellorou—. E ademais está moi ben valorado polos usuarios e polos traballadores. Sinceramente non entendemos moi ben o que piden. Para o transporte urxente piden un informe previo, para o non urxente xa non piden nada, só que se xestione directamente. Só lles interesa —non sei por que motivo— a reversión ao público. Pero, claro, só lles interesa en Galicia, porque a realidade é que na meirande parte das comunidades gobernadas polo seu partido funcionan con concertos. Vostede poñíame o exemplo das Illas Baleares, e eu tráíolle aquí isto (*A señora Amigo Díaz le un documento*): “*Las ambulancias en manos del Gobierno balear suponen un sobrecoste de más de 6 millones de euros en dos años*”.

Entón non sei se isto é o que vostedes queren para a nosa comunidade, ese sobrecusto. Desde logo, con nós non contan para isto. E incluso lles podemos falar, se lles parece, de algo máis preto que ocorre aquí, en Compostela, co alcalde. Pódenlle preguntar ao alcalde socialista Bugallo o que pensa da xestión da grúa e da ORA municipalizada, que herdou do anterior goberno. Vostedes só ven a agulla no ollo alleo, pero alí onde gobernan, tanto o Bloque coma o PSOE —ben en solitario, ben en coalición—, non teñen ningún problema en facer uso da xestión privada —dun modelo que vostedes denominan erroneamente como privatización e que só está ben, só vale, cando o fan os gobernos da esquerda—.

E mal que lles pese, a xestión do transporte sanitario en Galicia é un modelo de éxito froito de moitos anos de traballo e de esforzo continuado, que ten contrastado un bo funciona-



mento, con garantías de calidade e que está en permanente revisión e supervisión para que continúe a dar un servizo de calidade aos usuarios que precisen usar este transporte.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar quero agradecer o apoio amosado polo BNG. Sabiamos e comprendemos os matices sobre a iniciativa. Seguramente compartimos un pouco o eixo que canaliza a idea, pero probablemente teremos matices á hora de executala. Pero agradecemosllo, evidentemente, e algunhas das cuestións que plantexa o BNG, que poden levar sempre a mellorar a situación, poden ser, de verdade, moi interesantes; polo cal, agradecemos o ton e as características. Ademais, agradézolle particularmente, señora Prado, que fose a única que falou da iniciativa. Porque por aí, salvo no último minuto, a verdade é que non vin moito sobre asunto. Pero, bueno, vou intentar, aínda así, plantexar algunha cousa, por se son capaz de facilitar que pareza que estivemos moito no debate.

Hai dúas cousas sobre o modelo en si. Non se trata de ler as normativas, porque iso todos podemos facelo —eu seguramente con máis dificultades que os demais—, a cuestión está en que se cumpran e que sexan eficientes e eficaces —que non é o mesmo, aínda que o pareceza, pero non é o mesmo—.

Discrepamos particularmente nunha cousa coa señora Amigo: ela di que se cumpre e nós cremos que non, parécenos evidente que non, porque os traballadores din que non. Cando un traballador di algo que lle gusta ao Partido Popular hai que escoitalo. Cando non di o que lle gusta, os traballadores non existen. Bueno, poderíamos intentar ter un criterio. Xa saben que sería algo máis interesante, pero, en definitiva, perdería un pouco de chiste tamén o debate. En realidade eu tamén ás veces fago un pouco esa cuestión.

Pero que se cumpra estaría ben, porque non se cumpre, a realidade é que non se cumpre. Por exemplo, respecto das adxudicacións, ninguén me dixo canto custa o sistema. Pero o problema é que é imposible, porque, despois das adxudicacións, todas, absolutamente todas, hai que modificalas e amplialas. ¿Por que? Porque cando se fan as licitacións fanse á baixa, as empresas concursan pola baixa, e despois empezan a pedir incremento. E chega un momento en que é imposible incrementar. Xa non o digo eu, dío o Consello de Contas todos os anos.

O sistema non é que sexa máis barato. Púxome vostede, señora Amigo, un exemplo que me gustou. A verdade é que foi moi interesante. Díxome: «É que vostede pide algo que nas súas comunidades non se fai, por exemplo en Baleares». E criticoume unha que si o fai. Di «vos-



tedes non o fan» e automaticamente saca un recorte dun sitio onde si o fan. Bueno, xa lle cito que Estremadura está no camiño, que Canarias está nisto, que A Rioxa está nisto, que Navarra esta nisto. Debe ser que son poucas. Sabemos que España é moi grande, pero igual é que, como España é só Madrid, e en Madrid non se fai... Pero, bueno, en todo caso, en Baleares, na Baleares profunda, tamén se debe facer. E vostede critica isto, di vostede que hai un sobrecusto de 6 millóns de euros. Creo que citou esa noticia.

Como non sabemos canto custa en Galicia, imos poñer un estimado. Creo que 190 ou 187,6 foi o último concurso. Non lle imos engadir os subrecustos que teñen despois cando as empresas piden máis. Con 190 millóns de euros, revertelo ao sistema público, facer que o sistema se xestione dende o público, que o criterio pase a ser sanitario e non economicista, ¿compensan seis millóns de euros de investimento? Nós defendemos que si, porque defender que non compensa é un criterio economicista. Nós isto non o compartimos. Seis millóns de euros non é un exceso se é o que custa diferenciar o sistema concesionado por 190 do que é público por 196. Por dúas cousas: primeiro porque ter a xestión desde o sistema público facilita a capacidade de decisións vinculadas ao sistema; segundo, porque a calidade laboral é clarisimamente maior; e terceiro, porque evitamos que despois veñan as empresas pedir máis cartos, que iso non o está tendo en conta. Realmente o sobrecusto real está en Galicia, que é onde ese incrementa brutalmente. Seis millóns de euros non é unha cantidade excesiva para isto, aínda que dito así pareza que é moi grande.

Polo tanto, esa é a conta que temos que facer, porque ten que ver con iso. Para vostedes seis millóns de euros máis é un sobrecusto enorme e por iso non o podemos revertir ao público. Pois en 200 millóns non parece un custo excesivo, se ese é o sobrecusto, non parece un custo excesivo. Esa é a nosa referencia.

¿Sabe, ademais, o que pasa? Que eu coñezo esa noticia. ¿Sabe quen advirte diso e quen fixo alarma diso —porque non lle deu tempo de lela toda—? A anterior empresa concesionaria, que alertou de que había un problema, de que había un sobrecusto de seis millóns. Faltoulle engadir: E ademais non os cobro eu. Claro, a empresa que non levou a concesión pois queixouse de que non cobraba seis millóns de euros máis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, é normal. Nós defendemos ese modelo.

Polo tanto, fíxome vostede unha crítica con algo que nós compartimos. E ademais plantexou a súa diferenza: seis millóns de euros máis, é dicir, menos dun 3 % sobre o orzamento actual, é o que vostedes consideran suficiente para non revertir ao público. E nós cremos que é un incremento suficiente.

Se esa é a diferenza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...eu creo que está bastante claro cal é o modelo de cada un. Vostedes apostan por darllo a unha empresa duns amigos e nós apostamos por que o revertan ao sistema público. E parécenos que ese non é un custo excesivo. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar o Servizo Público de Emprego e impulsar políticas activas de emprego

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e todas.

Miren, ao final do verán volveuse destruír emprego en Galicia. Concretamente desta vez foron 5.400 persoas menos. Incrementábase o paro nun 1,18 % —concretamente en 1.790 persoas—. A evolución marcada polo remate da temporada estival e das contratacións eventuais propias desta época evidencian unha vez máis a forte precariedade, temporalidade e estacionalidade do mercado laboral galego, que xa vén da época precovid. O número total de desempregados en Galicia no mes de setembro sitúase en 153.054 persoas. Por outra banda, esta evolución é contraria ao que sucede no resto do Estado, onde o paro baixa nun 2,28 %, concretamente 76.113 persoas, cun aumento de afiliación á Seguridade Social de 57.387.

En canto aos máis mozos —falamos de menores de 25 anos—, o paro medra dun xeito moi acusado, nun 10,8 %, por riba do resto de idades. Por sexos o desemprego aumenta dun xeito máis acusado entre as mulleres —un 1,6 %—; e un 0,6 % entre os homes. Aquí amósase como as mulleres soportan un maior grao de terciarización na súa ocupación, que sofren máis a estacionalidade e a precariedade. En termos estruturais, as mulleres representan un 59,2 % do total do desemprego en Galicia —90.678 mulleres en paro fronte a 62.376 homes—.

Por sectores, o paro aumenta no sector servizos. En termos de contratación —e este é un dato moi relevante para analizar o paro na nosa comunidade—, o 8,71 % dos contratos realizados foron indefinidos; todo o resto son temporais.

Interanualmente —no papel— o paro baixa en ambos contextos dun xeito similar: un 13,32 % en Galicia e un 13,73 % no Estado. Pero para realizar unha comparativa real, teríamos que analizar as baixas por non renovación da demanda de emprego da tarxeta —a que coñecemos de forma coloquial como tarxeta de demandante de emprego— que se producen en Galicia e no resto do Estado; cousa que imos facer ao longo desta intervención e mes a mes para desmontar as mentiras do Goberno galego sobre o emprego, (*Aplausos.*) así como as vertidas pola súa directora xeral de Formación e Colocación dende xaneiro ata xullo —todo o primeiro semestre do ano—, para despois instalos a aprobar unha resolución que solicita de novo á Xunta de Galicia unha mellor dotación de recursos



humanos e materiais do Servizo Público de Emprego de Galicia, co fin de que se converta de verdade no punto de apoio das empresas para solicitar empregados aptos para as súas necesidades de contratación, e a posta en marcha de procedementos para que o Servizo Público de Emprego de Galicia chegue a tramitar nun tempo prudencial as mesmas ofertas que a media estatal.

Así mesmo, deben impulsar as políticas activas de emprego. Son necesarias para acabar coas altas cifras de paro, especialmente nas mulleres, xoves e parados de longa duración, e coa precariedade que de maneira estrutural reina no noso mercado laboral. Hai que incentivar a contratación indefinida vinculando estes incentivos a unha taxa de estabilidade pactada dentro do diálogo social, así como incentivando os contratos de remuda indefinidos sen obviar un plan de apoio ás persoas traballadoras autónomas —pero un plan de verdade—.

Son peticións concretas, señores e señoras do Partido Popular; medidas que contribúan á creación dun mercado laboral estable en Galicia e á redución da perda de poboación activa que se está a producir ano tras ano na nosa comunidade. É unha situación da que alertan os sindicatos ano tras ano, pero á que vostedes non lle fan moito caso. Interésalles máis falsear a realidade.

Imos, entón, analizar con datos a falsa propaganda de Feijóo e a idea do milagre na súa xestión, da que se vangloriaba de que Galicia lideraba a caída do paro en España ata o mes de setembro —cando xa non puideron ocultar a trampa—.

Os directores dos diferentes servizos públicos de emprego acordaron suspender as baixas por non renovación da demanda de emprego mentres durase a pandemia pola covid-19 e establecer un sistema de renovación automática das demandas. Este sistema de renovación automático da demanda estivo vixente ata o 1 de xullo do 2021. Pero a Consellería de Emprego decidiu de xeito unilateral non continuar en xaneiro coa renovación automática da demanda. Como primeira consecuencia, en Galicia hai unha causa de baixa que, salvo en Euskadi, non existe no resto dos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.

Hai unha segunda circunstancia da que se aproveitan para facer estas trampas. Cando saen os datos do avance do paro rexistrado, que son os datos que se comentan no conxunto da prensa, non se coñecen cales foron as causas da baixa. Isto impide que se poida saber se houbo deslealdade ou non, porque realmente pensan que son baixas por colocación, e non é así.

Imos falar do mes de xaneiro do ano presente. Houbo 18.208 demandas que foron dadas de baixa por non renovación, non por colocación. Pero na nota de prensa que acompaña a rolda de prensa da directora Zeltia Lado, dicía: «Valorou hoxe os datos do paro rexistrado, que só descende en Baleares e na comunidade galega na comparativa mensual, mentres que no resto do Estado aumenta». O que non di é que en xaneiro o 54,9 % das baixas de demanda producidas teñen como causa esa non renovación de demanda. Se elimináramos esas baixas por non renovación, as demandas de non ocupados aumentarían un 6,6 % en relación co mes anterior, cando a media do incremento no Estado era dun 3,6 %.



Esta afirmación, sendo conscientes da utilización da non renovación como causa de baixa, rompendo o acordo coas demais comunidades autónomas, eu creo que é unha indignidade propia dun vantaxista. (*Aplausos.*) Esta actitude transfórmase nunha forte inconsciencia se temos en conta que elimina a renovación automática xusto no mes en que a incidencia de casos era maior. Era xaneiro, recorden. En xaneiro houbo 32.052 novos contaxios. Acórdense de que estabamos cunhas restricións moi alarmantes.

No mes de febreiro pasou o mesmo: 18.186 demandas que foron dadas de baixa por non renovación. En febreiro hai 30.952 baixas, das que o 59,4 % son por non renovación e supoñen un 9,1 % de todos os demandantes.

En marzo, igual: 5.732 demandas que foron dadas de baixa por non renovación. E volve dicir a directora xeral na nota de prensa: «Destaca hoxe a redución do desemprego con respecto a febreiro nun 2,3 %...», etc. E compárase tamén co Estado.

Ao Goberno galego dálle igual que os parados que queren renovar a demanda teñan que acudir á oficina de emprego con tal de manter este vantaxismo en relación con outras comunidades. (*Aplausos.*) Non lles importa que as persoas sen emprego corran riscos ao acudir á oficina de emprego.

En abril pasa o mesmo: 29.201 demandas que foron dadas de baixa por non renovación. E outra nota de prensa: «Galicia crea emprego e lidera a caída do paro a nivel anual e mensual. A directora xeral de Formación destacaba hoxe que o mercado laboral galego estaba a resistir a covid, xa que o paro cae a nivel anual e mensual». Tres de cada catro baixas que se producen ese mes son por non renovación da demanda, por non acudir ás oficinas de emprego, outra manifestación do vantaxismo da directora xeral. Mantendo as mesmas causas de baixa que as demais comunidades, en vez de liderar a caída do paro sería nese caso a comunidade na que máis medrara o paro ese mes.

En maio pasa máis do mesmo. En resumo, nos seis primeiros meses do ano foron dadas de baixa nada máis e nada menos que 88.514 persoas demandantes non ocupadas, e non por ocupar un traballo senón por non facer a renovación automática —como se acordara entre todas as comunidades autónomas—. Volve insistir na nota de prensa en que Galicia é a única comunidade onde o paro descende por sexto mes consecutivo: «A directora xeral, Zeltia Lado, valorou hoxe os datos de paro rexistrado, destacando que o desemprego baixou e Galicia rexistrou o maior descenso porcentual na lectura anual do paro da serie histórica de datos».

Ben, no mes de setembro todas as comunidades, agás Cantabria e a Comunidade Valenciana, eliminaron a renovación automática. A señora Lado neste caso quedou sen vantaxe, e en Galicia aumentan as demandas de non ocupados nun 1,3 % fronte á diminución da media do Estado nun 2,3 %. ¡Miren a diferenza cando non se fan esas trampas!

Unha vez máis, vemos como no paro o PP soamente consegue uns aparentes bos resultados...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—remato, señor presidente— con mentiras e vantaxismo. Cando todas as comunidades están nunha situación similar os seus resultados son dos peores do Estado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes a todas e a todos.

Aínda que esta iniciativa do Grupo Parlamentario do PSOE versa sobre a mellora dos recursos humanos e materiais das oficinas de emprego así como sobre artellar políticas activas de emprego con obxectivos máis específicos, non podemos obviar —como xa se observou na exposición da defensa da iniciativa— que loxicamente falan dos datos de desemprego do mes de setembro. E, efectivamente, os datos do desemprego do mes de setembro non son positivos para Galiza. Todo o contrario, constitúen unha moi mala nova. A pesar de que os datos absolutos dos últimos meses parecía que melloraban lixeiramente os que se deran no resto do Estado español, a chegada do mes de setembro amosa un mercado laboral galego marcado pola estacionalidade, a temporalidade e a dependencia do sector servizos. Porque foi acabar o verán e con el fóronse os contratos temporais formalizados polo sector servizos para reforzar os negocios nos picos de actividade que se deron na campaña estival, situación esta que non é nova e que se repite en setembro ano tras ano.

Confírmase unha vez máis que o mercado de traballo galego ten problemas estruturais e crónicos. Hai unha preocupante dependencia dos ciclos estacionais, un predominio da contratación temporal e parcial, e unha excesiva dependencia do sector servizos. E así o constatan estes datos do mes de setembro, no que se incrementou o número de desempregadas e desempregados na cantidade de 1.790 persoas —co que se acada un total de 153.043—. Mentres na media do Estado español se reduciu o número de persoas paradas nun 2,28 %, na Galiza aumentou un 1,18 %. Supoño que ante este dato o Grupo Parlamentario do PP terá que variar o que é o seu argumento preferido, esa argumentación acomplexada de quen só se valora e enzalza comparándose cos que están peor. Xa llo dixemos máis veces: ese camiño non é o correcto e non soluciona as eivas estruturais do mercado laboral galego. Busquen a eficacia e non queden simplemente nun intento de xustificación, porque, independentemente das variacións mensuais no número de desempregados, hai constantes que se repiten non só cada mes senón ano tras ano.

Analizando os datos de desemprego por sexo, no mes de setembro atopámonos con que son unha vez máis as mulleres as grandes prexudicadas. O desemprego feminino medra até case triplicar o aumento entre os traballadores do sexo masculino, co agravante de que hoxe son elas as máis afectadas polos ERTE, o que supón que a súa reincorporación ao mercado laboral será moito máis complicada. Hai unha caída da afiliación neste mes na Galiza —en setem-



bro— mentres sobe a nivel estatal. E o feito de que tan só o 8,7 % dos contratos rexistrados —como xa anunciou a portavoz neste caso do Partido Popular— sexa en modalidade de contratación indefinida existente supón que non se fai senón confirmar a mala situación do mercado de traballo galego. Isto que confirma que as políticas implementadas pola Xunta de Galiza nos últimos anos non conseguiron mudar esas eivas estruturais. Seguimos tendo un mercado laboral caracterizado pola temporalidade e pola parcialidade, no que as mulleres seguen a ser o colectivo máis castigado. E os anuncios de medidas correctoras polo Goberno galego dende a Consellería de Emprego e Igualdade non deixan de ser máis ca iso, simples anuncios.

Dende a creación dunha consellería propia para o emprego —hai xa un ano— non se atallaron estas eivas estruturais, non se adoptaron medidas correctoras efectivas orientadas ás mulleres e á mocidade, nin cristalizaron os anuncios relativos á inserción e á formación para o emprego que hai exactamente un ano se fixeron por parte da nova conselleira. Por todo isto, levamos á Comisión dende o BNG, xa hai uns meses, unha iniciativa na que pediamos implementar un plan de emprego feminino centrado na reincorporación das mulleres expulsadas do mercado laboral e que aparecen como inactivas polas consecuencias derivadas da covid-19. Tamén pediamos implementar un plan de emprego para a mocidade co obxectivo de rachar con esa precariedade e temporalidade estrutural que caracteriza a este colectivo. E, dentro das políticas activas de emprego, pediamos implementar programas de orientación, emprego e formación para o emprego dirixidas especificamente aos traballadores en ERTE de longa duración —iniciativa que foi vetada polo Partido Popular—.

No BNG entendemos que é imprescindible facer unha radiografía constante, sempre actual, do mercado laboral para así adoptar medidas efectivas, unha análise honesta da realidade e unha posterior resposta adaptada ao problema detectado, que é xusto o que non fai o PP, que segue aplicando as mesmas liñas continuístas dende a Consellería de Emprego. Por iso coincidimos en moitos dos aspectos da moción do Grupo Parlamentario do PSOE, que dende unha óptica xeral insta outra vez a Xunta para unha modificación global do funcionamento dos servizos públicos de emprego. E nós volvemos insistir en que é imprescindible a creación dunha categoría de «orientador» na Xunta de Galiza, para que eses orientadores teñan unha formación e coñecementos específicos en materia de orientación laboral, cousa que no día de hoxe non ocorre.

É tamén necesario que os programas de orientación laboral en colaboración con entidades se melloren, porque se revelaron como moi pouco efectivos, dado que os orientadores desas entidades traballan tamén en precario, o que redonda en dificultar o seu labor. Da escasa efectividade destes programas, corroborada polos baixísimos números de colocación, é consciente a Xunta de Galiza, que leva anos falando de introducir modificacións e de actualizalos.

¡Que dicir dos itinerarios personalizados de inserción! Unha frase ben bonita, pero o problema radica en que ter un itinerario personalizado de inserción implica preferencia para poder acceder a un determinado curso, e pouco máis. O problema é que non hai continuidade desa ruta de inserción. Pero un dos problemas máis sangrantes é a desconexión entre o mercado laboral e os servizos de emprego. As empresas non acreditan no Servizo Público de Em-



prego, porque, cando recorren a el, na maioría das ocasións os candidatos non teñen o perfil axeitado e requirido pola empresa.

Ademais, a consellería da que depende este servizo carece de anticipación, algo fundamental en quen goberna. Co actual sistema non foron capaces de anticipar a necesidade, por exemplo, de persoal cualificado para o sector da construción ou do transporte, unha realidade que xa viña sendo anunciada polas federacións provinciais desde hai moitos meses.

E convén recordar que o obxectivo das políticas activas de emprego é precisamente mellorar a cualificación da poboación activa. Hai xa meses, en maio deste ano, a conselleira de Emprego falaba de «estratexia de emprego», de que a medio prazo pasaría pola modernización dos procesos de intermediación e colocación, analizando as necesidades do tecido empresarial —así o dixo—, exactamente o que tamén anunciou incluso antes, aló polo mes de setembro do ano pasado, neste mesmo abril. O problema é que pasaron moitos meses e esa anunciada modernización do sistema que dea resposta ás necesidades do tecido empresarial non dá chegado.

Os tempos cambian a ritmo de vertixe. A pandemia acelerou procesos que terán un fortísimo impacto —e xa o están tendo— no mercado de traballo. E un deses procesos é a dixitalización. Se a curto prazo non melloramos a cualificación das nosas traballadoras, afondaremos na precariedade e seguiremos tendo que emigrar. Porque as mozas e os mozos galegos —os que formamos aquí na Galiza— emigran por falta de oportunidades e xeran riqueza lonxe da súa terra. E esa é unha realidade. Todos os que estamos aquí —estou seguro de que todas e todos os que estamos aquí— temos amigos, familiares ou coñecidos que tiveron que buscar unha saída laboral no estranxeiro, ou que se atopan neste momento alí. E ese é un feito cuestionable.

Por iso no debate do estado da nación introducimos como proposta de resolución impulsar unha estratexia de emprego co horizonte 2025 para a creación de postos de traballo vencellados ao sector público e a sectores económicos estratéxicos e emerxentes, para priorizar o emprego estable e de calidade, a inserción sociolaboral da mocidade e das mulleres, a reversión do devalo demográfico e a reorientación e transformación da economía galega. Por iso fixamos como prioridades desa estratexia: a creación de emprego nos servizos públicos esenciais —en sanidade, en educación e en coidados—; novos perfís profesionais para a modernización e remuda xeracional nas administracións públicas; a captación e o retorno do talento no eido do coñecemento e a transferencia de tecnoloxía; un programa para a remuda xeracional e a transformación do sector primario; a creación dun consorcio para a dixitalización inclusiva —falamos de formación, alfabetización e actualización dixital de sectores económicos, de pemes e poboación en risco de exclusión dixital—; programas para a atracción de perfís profesionais relacionados co ámbito tecnolóxico, cultural e de servizos que se radiquen en Galiza para teletraballar dende aquí; o fomento das profesións STEAM, é dicir, as relacionadas coa ciencia, coa tecnoloxía, a enxeñaría ou as matemáticas —e a incorporación das mulleres a elas— en previsión de demanda de perfís profesionais relacionados, por exemplo, coa intelixencia artificial ou a robotización; e incluso o fomento de plans de formación e emprego en profesións con alta demanda cualificada e relacionadas cunha orientación social e ambiental da actividade económica en sectores como o da construción, a



bioconstrución, a rehabilitación, o sector das enerxías renovables e a eficiencia enerxética, a economía circular ou a bioeconomía, ou da xestión do medio e da biodiversidade, xestión agroforestal sustentábel, ecomobilidade ou na economía social; ou un programa para a formación centrado no transporte e na loxística para unha xeración de emprego estable e de calidade neste eido —buscando e incentivando tamén a incorporación das mulleres—.

¿E saben o que dixo o PP tamén ante esta proposta? Que non a admitía. Non a admitiu tampouco. Para solucionar un problema o primeiro que hai que facer é recoñecer que existe. Iso require autocrítica, análise honesta e tamén políticas activas de emprego adaptadas aos novos tempos. E, por desgraza, no Goberno galego do PP non son moi amigos da autocrítica, nin tampouco das análises honestas. Do que si son amigos é das políticas continuístas que non solucionaron en doce anos os problemas estruturais do mercado laboral galego, políticas continuístas que non forman as traballadoras e traballadores galegos para que poidan acceder a empregos con cualificación e que permitan saír da precariedade e da temporalidade que caracteriza o noso mercado de traballo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PÉREZ LÓPEZ: As políticas continuístas destes doce anos de goberno do PP non funcionaron.

Por todo isto, apoiaremos a iniciativa do Grupo Parlamentario do PSOE. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Permítanme que as miñas primeiras palabras, de xeito especial nun debate sobre emprego, sexan de solidariedade e de apoio aos traballadores da nosa industria do aluminio e da fábrica de Vestas na mariña lucense —como comprenderán, é a miña comarca—, que están a sufrir unha total incerteza sobre o seu futuro; incerteza que ten como orixe ese ataque á Galicia industrial que se fundamenta en decisións políticas erradas, como a moi prexudicial estratexia enerxética do Goberno de España, ou como os soados incumprimentos da Moncloa, como a negativa por parte do Goberno central, da SEPI, á intervención temporal de Alcoa. E eu faríalles unha pregunta —sobre todo ao Partido Socialista—: dígnanos a que están esperando para intervenir Alcoa. Se é posible, xa que vostede ten réplica, dígnolo na súa réplica. *(Aplausos.)*

Por todo isto, comprenderán que resulta moi complicado —e sobre todo resulta sorprendente— manter un debate sobre emprego con socialistas e nacionalistas galegos. Cos pri-



meiros, directamente, porque o Partido Socialista destrúe a industria de Galicia; e cos segundos —é dicir, cos do Bloque Nacionalista Galego— porque actúan como cómplices desta destrución de emprego cando son incapaces de condicionar os pactos políticos en concellos e deputacións a unha solución para miles de familias galegas, ou directamente porque nos enganar os nacionalistas, como o fixeron co pacto de Ana Pontón e Adriana Lastra para investir como presidente a Pedro Sánchez a cambio de solucións que non tiña vontade nin interese en cumprir —ata o día de hoxe tenas todas incumpridas—.

E, mentres tanto, calquera debate sobre emprego que manteñan estas formacións políticas —é dicir, socialistas e nacionalistas— non será máis ca unha cortina de fume para non falar da situación límite na que están situando a moitas das nosas empresas e os seus traballadores galegos, dese regueiro de destrución económica e desemprego que as forzas do Bipartito deixan tras de si por non asumir as súas responsabilidades.

E por se isto fose pouco, a esta tormenta perfecta sumamos a desproporcionada suba do prezo da luz. Hai familias que, grazas a un goberno de esquerdas, van saber de primeira man o que é sufrir iso da pobreza enerxética, aquilo que vostedes prometían combater. Pero sobre todo os comercios, a hostalería, os autónomos, que vían con esperanza as oportunidades que representaba a nova normalidade e que agora ven ameazada a súa posibilidade de recuperación.

E todo o solucionan vostedes xogando ao despiste. Repiten ata a saciedade que só a Xunta ten competencias en materia de industria no noso país. E eu fágolles a seguinte pregunta a socialistas e nacionalistas: ¿que política industrial pode impulsar o Goberno galego cunha política enerxética como a que os socialistas, coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego, desenvolven neste país? Se é posible, contéstennos. (*Fortes murmurios.*) Deixen vostedes, señorías, de poñer paus nas rodas. Saquen —nacionalistas e socialistas— as súas mans da industria de Galicia, porque o único que están facendo é afogando o futuro laboral de miles de traballadores galegos. (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*)

Señorías, no Partido Popular non temos ningún tipo de problema por manter un debate sobre o emprego nin sobre a imprescindible modernización das oficinas de emprego no que depende da Administración autonómica. Entre outras razóns, porque vostedes saben que este é un proceso continuo que a Xunta xa está levando a cabo e que, tal e como se anunciou desde esta mesma tribuna no debate do estado da Autonomía, ten previsto intensificalo mellorando todos os servizos de atención directa, tanto os dirixidos a aqueles que buscan emprego como ás empresas que presentan as ofertas.

A renovación das demandas de emprego estase a realizar con normalidade, facilitando estes trámites incluso a través do portal de emprego do 012, ou incluso cunha aplicación móbil. Pero, iso si, eliminando a renovación automática para evitar que figuren como demandantes persoas sen interese de estar no paro. (*Murmurios.*) E estase a realizar un esforzo na mellora da intermediación laboral, adaptándose a unha serie de medidas, nos últimos meses, como, por exemplo, o servizo de protección laboral —en contacto co tecido empresarial— para asesorar, informar e captar ofertas de emprego de empresas, xestorías e asociacións de empresas. No pasado mes de maio lanzouse a nova oficina virtual para as empresas. Este portal web permite ás empresas achegar as súas ofertas de emprego de xeito sinxelo e seguro.



Creouse un novo formulario de solicitude de oferta para os supostos nos que non se use oficina virtual de empresas.

E farase tamén en materia de formación, porque de nada serve ter miles de parados buscando emprego se non somos capaces de adaptar as súas capacitacións ás características profesionais dos sectores que maior demanda xeran no noso país.

Aquí explicaron que nas próximas semanas o Goberno galego liderará un gran pacto con todos os axentes para darlle forma á Axenda galega de capacidades e necesidades laborais, coas organizacións sindicais e patronais, cos autónomos, coas asociacións profesionais, coas cámaras de comercio, coas entidades formadoras e coas universidades. É un pacto en materia de emprego para, todos a unha, cruzar oferta e demanda e ser capaces de adaptar a formación ás necesidades reais do mercado laboral.

E, por favor, revisen as súas cifras. Deixen vostedes de desvirtuar os datos ou quedar só con aqueles que máis lles interesan. En materia de emprego en Galicia hai unha realidade que é incontestable e que vostedes non poderán negar —e, se non, teñan vostedes a valentía de demostrar, co que vou dicir, se estou mentindo—. Insisto, hai unha realidade incontestable: Galicia hoxe ten menos paro e máis afiliados á Seguridade Social que antes da pandemia. (*Murmurios.*) E estas cifras non son mérito exclusivo do Goberno galego. Debemos recoñecer o traballo colectivo que fixo posible volver á senda da recuperación, un mérito daqueles sectores que foron capaces de crecer pese á pandemia, como é o sector agroalimentario, como é o sector do mar ou como é o sector tecnolóxico, pero tamén dos que, tras verse fundamentalmente afectados, volveron abrir os negocios —se vostedes agora non os obrigan ao peche forzoso por non poder facer fronte á factura da luz, á alza dos impostos ou ao pago das peaxes—.

E cando falan de reforzar as políticas de emprego quizais o que terían que facer é mirar e tomar exemplo da nosa comunidade autónoma, de Galicia. A recuperación xeral da economía, tamén do emprego, estase a producir en maior proporción aquí que na media nacional. Está aumentando a contratación a nivel xeral un 16 %; a contratación indefinida, máis dun 22 %; e tamén aumenta a contratación a tempo completo case nun 13 %. En Galicia hai un descenso constante das persoas protexidas polos ERTE. Xa saíron máis do 94 % dos traballadores que tiveron que acollerse a esta figura; figura —a dos ERTE— que non existiría se non fose pola reforma laboral que impulsou o Partido Popular e que vostedes agora queren facer desaparecer.

E, por favor, tomen nota —son datos que poderán corroborar nos rexistros públicos de emprego—: o paro rexistrado baixa en máis de 57.600 persoas desde que o Partido Popular chegou ao Goberno. En abril do ano 2009 había 210.662 parados. En setembro do ano 2021, 153.000 parados. Co Bipartito, é dicir, co Partido Socialista e co Bloque Nacionalista Galego, o paro rexistrado aumentaba, e agora o paro rexistrado baixa. Último ano do Goberno bipartito: 50.900 parados —subían máis dun 31 %—. Último ano do Goberno do Partido Popular: 23.520 parados —baixa máis do 13 %—.

E é certo que en setembro aumentou o paro rexistrado, é certo, como pasa historicamente todos os meses de setembro. Pero respecto do mesmo mes do ano pasado baixou máis dun 13 %, polo que seguimos en niveis inferiores aos de hai doce anos. Esa é a realidade.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Termino, señor presidente.

Acadamos, ademais, seis meses con caída interanual de paro rexistrado.

Sinceramente, fágolles unha pregunta: ¿de verdade, socialistas e nacionalistas, queren vos-
tedes impulsar actuacións para reforzar o servizo de emprego e as políticas activas para reducir
o paro neste país? Poñelos a vostedes nas oficinas de emprego é igual que poñer o raposo nun
galiñeiro coidando as galiñas, é exactamente o mesmo falando de emprego. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Señor Balseiro, a verdade é que é un maestro en botar balóns fóra. Claro, leva bastantes anos
nisto, pero eu creo que falou case de todo menos do que faciamos na iniciativa, que era des-
montar os datos do paro. *(Aplausos.)* E, dende logo, non negou que as baixas por non reno-
vación de demanda de emprego estaban aí mes a mes e que as confundían como se a xente
encontrase traballo.

Agradecemos, en primeiro lugar, ao BNG o apoio a esta iniciativa. Estamos totalmente de acordo
co papel fundamental dos orientadores laborais como orientadores laborais profesionalizados.
Obviamente, porque non é cubrir un formulario tipo, é levar a cabo ese itinerario de inserción de
maneira gradual. O Partido Popular leva moitísimo tempo dicindo que vai modernizar as oficinas
de emprego, xa o oín na anterior lexislatura. Pero de momento non o vemos, como tampouco
esa axencia galega. Nós estamos de acordo, pero non ten que ver con reforzar o Servizo Público
de Emprego de Galicia. Xa a conselleira dicía que antes do verán ía presentar ese gran proxecto
da man dos sindicatos. Eu espero que sexa así, pero levamos moito tempo esperando que se cum-
pran as promesas de Feijóo, que nunca chegan —polo menos en materia de emprego—.

Falaba vostede de datos, de datos do paro. E eu voulle dicir entón que, en vez de falar de
datos do paro, falemos de ocupación efectiva. E falamos dos anos dos que hai datos —do
2009 e do peche do 2020, porque non temos os do 2021 aínda ao peche—. Pero no ano 2009
había en Galicia 1,15 millóns de ocupados; e no ano 2020, 1,07 millóns de ocupados. Iso creo
que é bastante claro. En doce anos o Goberno galego, sustentado polo PP, destruíu 81.200
empregos —falando só de empregos—. E neste mesmo período en España aumentábanse
os empregos —¿sabe en cantos empregos, señor Balseiro?— en 95.600. Entón, contraste
paro con poboación ocupada.

En relación cos xoves —que nos preocupan ao PSdeG os mozos e as mozas e o que están a
pasar neste período en materia de emprego—, en Galicia prestaban servizos, entre os 16 e



34 anos, concretamente 386.600. E no ano 2020, a última estatística pechada que temos, traballaban 208.300 mozos. En fin, as cifras eu creo que o din todo.

Certo é, entón —e non foi capaz de desvirtuar esa afirmación—, que a directora xeral de Formación e Colocación estivo mentindo en todas e cada unha das notas de prensa colgadas na páxina e nas roldas de prensa. Eu creo que isto é unha fraude, unha fraude aos cidadáns de Galicia. E, como tal, a directora debería abandonar unha responsabilidade tan grande. (Aplausos.) Eu creo que neste caso si lle vén grande.

Os datos empregados, os datos que empreguei na miña intervención e que non son desmentidos neste caso polo portavoz do Partido Popular, están publicados no Sepe e contrastados por expertos, e incluso o diario *El País* tamén se facía eco desta situación. E dicía concretamente —e leo textualmente—: «El 73 % de las bajas de demandantes de empleo en abril se produjeron por no solicitarlo después de que la Xunta suprimiese la renovación automática. La explosión del coronavirus en España llevó en 2020 a las comunidades autónomas a implantar en sus oficinas un sistema de renovación automática del paro. Para evitar contagios, los demandantes de empleo quedaban exentos de acudir a las sedes. Al comenzar el 2021, cuando la pandemia registraba un ritmo de contagios descontrolado en Galicia, la Xunta ordenó la vuelta al sistema tradicional y obligó a sellar el paro en oficinas o por vía telemática. La decisión se ha saldado con un dato relevante: el 73 % de los usuarios que dejaron de demandar empleo en abril en esta comunidad lo hicieron porque no acudieron a renovarlo, según se desprende de los datos publicados por el Sepe». Di tamén: «No obstante, el presidente de la Xunta no ha cesado de fomentar la idea del milagro económico de su gestión reiterando que Galicia es la comunidad española en la que más ha bajado el paro durante los primeros meses de este año. “Llevamos cuatro meses del 2021 y ya tenemos una radiografía de cómo evoluciona el mercado laboral en esta comunidad” —decía Feijóo—, “con la mayor bajada del paro en el último año”». Bien, en fin, más mentiras del señor presidente en materia de empleo, que es una de las preocupaciones que usted sabe que es la número uno o número dos en este momento entre los gallegos y las gallegas. (Aplausos.)

En todo caso, estas persoas que non renovaron a demanda perderon a antigüidade, e é moi importante porque lles afecta para reanudar a RAI e establecer unha orde para o acceso ás políticas activas de emprego. E deberían, por decencia, recuperarlles esa antigüidade que tiñan nese momento.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Termino, señor presidente.

En relación coa iniciativa, obviamente votan en contra, como votaron en contra e desbotaron as nosas propostas en materia de emprego xove, como desbotaron as nosas propostas en materia de brecha salarial feminina —que está por riba da media estatal—, ou a proposta de recuperación dos pactos territoriais. Porque dende logo o emprego non lles importa, o que lles importa sempre é botar a culpa ao Goberno do Estado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: E así non se fan as cousas, porque as competencias téñenas vostedes. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez.

Pasamos á última das proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co expediente de regulación de emprego da fábrica de Vestas, en Viveiro, e coa transición enerxética

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Daniel Castro García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- 1. Impulsar as medidas necesarias para garantir o mantemento dos postos de traballo na factoría de Vestas en Viveiro.*
- 2. Incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galiza unha partida orzamentaria para levar a cabo un Plan de Industrialización e Emprego na comarca da Mariña para impulsar o sector industrial e empresarial da mesma.*
- 3. Desenvolver as modificacións legais necesarias para garantir o impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións nas que se terá en conta a construción de compoñentes e subministros no noso país e a vinculación a proxectos de xeración de valor en-gadido.»*)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación ao 1º punto.

O punto 1º da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

- 1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:*



a) *Promover -con urxencia- medidas de apoio e acompañamento aos traballadores afectados polo ERE comunicado por Vestas na súa fábrica de Chavín en Viveiro (Lugo).*

b) *Darlle continuidade ás reunións da mesa industrial constituída, formada pola Xunta de Galicia, Goberno central, representación dos traballadores e empresa, para identificar alternativas que permitan un futuro para os traballadores e traballadoras desta factoría, e nomeadamente unha solución para a produción a través dun investidor que desenvolva un proxecto industrial.*

c) *Desenvolver un plan de reindustrialización para a Mariña lucense, con medidas concretas, achega orzamentaria, proxectos definidos e un calendario de execución e avaliación de resultados.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Teletipo de Europa Press de hai unhas horas: «*El primer barco con carbón para la térmica de Endesa en As Pontes atracará este jueves en el puerto de Ferrol.*».

Señorías do Partido Socialista, lamento que sigan sen recoñecer que o peche precipitado da central térmica das Pontes, por parte do Goberno socialista, foi un erro, porque os feitos así o acreditan.

Disto imos falar nesta iniciativa, de como unha política enerxética errática, de como unha transición ecolóxica caótica está provocando o peche de empresas en España e tamén en Galicia, pola falta de confianza que xera un goberno, o Goberno de España.

Grazas, presidente.

Eu quero comezar a miña intervención amosando a solidariedade dos deputados que conformamos o Grupo Parlamentario Popular cos traballadores de Vestas en Viveiro, con esas 115 familias afectadas polo ERE; a nosa solidariedade, o noso apoio e a total colaboración do Goberno galego, que sustentamos como grupo parlamentario maioritario desta cámara.

Señorías, a fábrica de Vestas é a última vítima da política enerxética do Goberno socialista. A planta da Mariña lucense está especializada na fabricación de aeroxeradores para as plataformas terrestres, así como de paneis de control de turbinas mariñas. Nestes momentos, a fábrica é o principal sustento de 115 familias galegas.

A actual política enerxética do Goberno de España, con cifras récord no prezo da electricidade, cunha transición enerxética improvisada, errática, está provocando desconfianza e inseguridade no tecido industrial, e unha lista cada vez máis longa de empresas estanse vendo obrigadas a pechar ou a deslocalizar as súas plantas, fóra de España, fóra de Galicia, pero fóra de España (Alcoa, Alu Ibérica, Siemens-Gamesa), empresas que ven ameazadas a súa continuidade por decisións gobernamentais, como a central térmica das Pontes ou a planta de Ence en Pontevedra. O caso de Vestas é o último exemplo das consecuencias das políticas socialistas. A empresa Gamesa tivo que pechar a súa fábrica en Castela-León hai dous anos e agora tócalle o turno á planta de Galicia.



Señorías, na planta de Vestas temos exactamente o mesmo problema que en Alcoa ou en Siemens-Gamesa nas Somozas. Unha empresa que decide abandonar a actividade e pechar a súa planta e que manifesta non ter vontade real de colaborar para que a planta poida seguir funcionando con outro empresario á fronte, e un goberno central que evita intencionadamente implicarse nos problemas da industria galega, deixando pasar o tempo de forma irresponsable.

Porque o problema do Goberno central non é só que sexa o principal causante, a través das súas políticas caóticas e contraditorias, do peche das industrias, é que tamén se nega a implicarse activamente na procura de solucións alternativas que manteñan o tecido empresarial galego.

O obxectivo da Xunta de Galicia e deste grupo que o sustenta é solucionar esta situación canto antes para protexer os empregos e as familias que deles dependen. Pero xa lles adianto: non o podemos facer sós, precisamos a colaboración do Goberno, colaboración do Goberno para atopar un posible comprador, se é que Vestas non desiste da súa intención de pechar a planta de Viveiro, e precisamos tamén da colaboración da empresa, que non está habendo. Lamentamos que na última xuntanza rexeitara as axudas económicas postas pola Xunta de Galicia enriba da mesa para apoiar a transformación industrial da fábrica.

Na situación actual o Goberno galego mantén o seu compromiso para seguir traballando na procura dun comprador no menor tempo posible, pero —insisto— só o Goberno galego non pode resolver o problema, fai falla que o Goberno de España se implique.

O peche da fabrica de Vestas en León hai dous anos é sintomático da situación industrial que atravesamos no noso país. É un exemplo máis de como as industrias están pechando en todo o país, principalmente por culpa das políticas do Goberno central. Non é un problema galego, as empresas non abandonan Galicia, as empresas vanse de España.

O que si é un problema galego é o maltrato que sufrimos por parte do Goberno socialista; aí está Alcoa, aí está o naval de Ferrolterra, aí está o peche precipitado e premeditado da central térmica das Pontes, que cada día que pasa se revela como un grande erro de cálculo do Goberno de Pedro Sánchez.

No caso da planta de Vestas en León a implicación do Goberno de España foi real, foi directa e foi total. A propia ministra Reyes Maroto implicouse persoalmente e traballou xunto coa Junta de Castela-León para atopar un novo investidor e lograr que a planta se reconvertera. Pero, claro, é que esta planta está en Galicia e ao Goberno de España impórtalle bastante menos. Iso é unha realidade indiscutible.

No caso da planta galega a implicación do Goberno está sendo mínima e as solucións que propón son inexistentes. Nós pedímoslle ao Goberno de Sánchez que se implique, nós pedímoslle ao Goberno de Pedro Sánchez a mesma implicación que tivo no caso de Vestas en Castela-León, pero, jollo!, nese caso vendeuse a planta, conseguiuase un comprador pero non se mantivo o cen por cento do emprego. Nós pedímoslle ao Goberno central que se implique, igual que fixo co caso da planta de Vestas en Castela-León, pero que se manteña o cen por cento do emprego.



Fronte ao abandono do Goberno central, a Xunta de Galicia comprometeuse dende o primeiro momento cos traballadores de Vestas en buscar solucións. En sucesivas reunións, o Goberno galego urxiu a empresa a atopar solucións que protexeran o emprego e que mantiveran o tecido empresarial da comarca, incluso ofrecendo investimentos da Xunta de Galicia para transformar esa planta.

Eu teño que lembrar que foi a Xunta a que logrou convocar esa mesa de traballo, na que se sentou a empresa, os representantes dos traballadores e finalmente o Goberno central. O 5 de outubro a Xunta reuniuse con todos os implicados no marco desa mesa industrial, o 13 de outubro volveu reunirse a mesa e onte mesmo, o 26 de outubro, volveuse reunir a mesa organizada pola Xunta de Galicia e o comité de empresa.

Nestes encontros a prioridade da Xunta foi sempre garantir o cen por cento do emprego, e así se lle manifestou á dirección da empresa. E ante a negativa da empresa de presentar un plan para a transformación industrial da fábrica, tamén a Xunta de Galicia está liderando o proceso de buscar e atopar un investidor antes de que a finais deste mes se formalice o ERE.

A Xunta iniciou os contactos con distintas empresas para buscar un posible comprador para a fábrica de Viveiro, pero lamentablemente non se puido constatar a vontade real de Vestas por vender a planta, para que poida seguir en funcionamento, e tampouco se puido constatar na reunión de onte a vontade real do Goberno central de implicarse para lograr que a operación sexa viable.

E esta é a situación na que nos atopamos. Eu xa sei que dende o Partido Socialista se vai dicir que o que precisa a comarca é un plan industrial. E a nós parécenos moi ben. Pero é que cada vez que os socialistas falan de industria pecha unha empresa, cada vez que falan de transición enerxética van ao paro centos de traballadores. Son as políticas industriais do Goberno as que están provocando situacións como a que hoxe atravesamos Vestas, Alcoa ou As Pontes. Son as políticas industriais do Goberno as que están destruindo o tecido empresarial galego e abandonando a nosa industria. Son as políticas industriais do Goberno de Pedro Sánchez as que están provocando que o prezo da luz se dispare e que poña en xogo a competitividade das empresas galegas e de toda España.

En definitiva, o Goberno socialista está condenando a industria española, e por extensión a galega, por acción e por omisión. E, polo tanto, nós pedímoslle que non utilicen os plans industriais como cortinas de fume. O auténtico plan industrial que necesita A Mariña lucense é manter aberta Alcoa e manter aberta Vestas, e niso tense que implicar o Goberno de España, nas dúas cuestións. (*Aplausos.*)

Con respecto a Alcoa, só lle pedimos ao Goberno de Sánchez que cumpra os seus propios compromisos, que interveña temporalmente a empresa, como se ten comprometido. É o que lle pedimos, nin máis nin menos que cumpra coas súas propias promesas.

Xa sei que van dicir que o Goberno galego ten competencias exclusivas en materia industrial; niso se escuda o Partido Socialista; competencias exclusivas, claro, pero é que isto é un problema enerxético que está afundindo a competitividade da nosa industria. E en materia ener-



xética o Goberno de España ten competencias plenas, absolutamente plenas. E, polo tanto, pedímoslle ao Goberno de España que deixe de afogar dende esa política enerxética errática, caótica, equivocada, que deixe de afogar a industria española e por extensión a industria galega.

Nós presentamos unha iniciativa coa que pretendemos amosar o noso respaldo aos traballadores de Vestas, o noso respaldo a toda unha comarca que ve con preocupación o intento de peche de Alcoa e o peche desta planta. E nós o que queremos é pedirilles, ademais, a todos os partidos un compromiso, o compromiso de deixar de estigmatizar un sector que é o sector eólico. Non se pode vir a esta cámara pedir pola mañá que se pechen todos os parques eólicos de Galicia e pola tarde vestir a camiseta de Vestas pedindo o mantemento deses postos de traballo. *(Aplausos.)* Nós pedímoslles aos partidos da oposición que arrimen o ombro e que se xunten co Goberno na busca de solucións, e para iso pedímoslle ao Goberno de España a mesma implicación que tivo cando foi o peche de Vestas en Castela-León, nin máis nin menos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo.

A verdade é que esta é a coherencia do Partido Popular: agora piden con esa intensidade a intervención temporal da factoría Alcoa cando foron vostedes, precisamente, os que privatizaron Inespal no ano 1997; primeiro privatizámolo e agora pedimos urxentemente esa intervención pública e temporal; esa é a coherencia do Partido Popular. *(Aplausos.) (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, señor Tellado. Eu entendo que hoxe vostede tamén tivo outro papelón nesta cámara, porque quero recordar, para os que non o saiban, que o outro día na Comisión 6ª debatemos unha iniciativa conxunta do Grupo Parlamentario Socialista e tamén do Bloque Nacionalista Galego, na que levabamos iniciativas moi semellantes, na que pediamos medidas de apoio aos traballadores de Vestas e tamén pediamos un plan de reindustrialización para a nosa comarca, con medidas concretas, con achega orzamentaria, con proxectos definidos e con calendario de execución e avaliación de resultados.

E mire, señor Tellado, é que este plan de reindustrialización non o pide o PSdeG, pídeno os traballadores de Vestas e tamén o pide toda a comarca da Mariña. Polo tanto, eu entendo que vostede, que non é da comarca da Mariña, ao mellor non o coñeza, pero é que me estraña moitísimo que por segunda vez que debatemos iniciativas de apoio aos traballadores de Vestas e que este Grupo Parlamentario Popular ten tres deputados da comarca da Mariña non



sexa quen de vir defender esta iniciativa que se supoñía, porque o título que leva é sobre as actuacións en relación co expediente de regulación de emprego da fábrica de Vestas en Viveiro.

Pero, claro, aproveitan esa iniciativa, é dicir, imos apoiar os traballadores de Vestas, que, por certo, toda a solidariedade, todo o apoio do Grupo Parlamentario Socialista, pero, claro, metemos esa iniciativa, pero despois, como imos aproveitar esa iniciativa para atacar o Goberno central, ¿a quen teñen que mandar do Grupo Parlamentario Popular? Pois o máis especialista, ¿non?, en enlondar, que é o señor Tellado. (*Aplausos.*)

Polo tanto, é unha pena que os deputados do Grupo Parlamentario Popular pola Mariña perderan unha nova oportunidade para amosar algo máis alá da solidariedade, que, por certo, señor Tellado, coa solidariedade os traballadores non comen. (*Murmurios.*) Fan falta actuacións concretas. Pero ¿quen é o competente para resolver o problema de Vestas? ¿Onde radica a factoría de Vestas? En Galicia. ¿Onde está presentado o expediente de regulación de emprego? En Galicia. Polo tanto, ¿quen é a autoridade laboral? Aquí a autoridade laboral, ¡claro!, é a Xunta de Galicia. E, por outra parte, si, si, teñen claro que teñen competencias exclusivas en materia industrial. Exérzanas dunha vez. E se non saben ou non as queren exercer, cédanas a quen sabe, a quen quere exercelas. (*Aplausos.*)

Mire, señor Tellado, é que fallan constantemente á verdade. Vostede di que a mesa industrial de Vestas foi convocada e organizada pola Xunta de Galicia. Dende logo. ¿Quen ten as competencias? Pero é que nós cando traíamos unha pregunta a esta cámara e lle preguntabamos ao conselleiro, aló polo mes de setembro —porque quero recordar que este expediente de regulación de emprego foi presentado o 20 de setembro e a Xunta de Galicia non foi quen de recibir os traballadores ata o 27 de setembro—, esa é a importancia que se lles dá aos traballadores de Vestas por parte da Xunta de Galicia; sete días tardaron en recibilos, un día antes de que se iniciara o período de consultas dese expediente de regulación de emprego. ¡Claro!, pero nós daquela xa lle preguntabamos á Xunta de Galicia que medidas ía adoptar para solventar este expediente de regulación de emprego de Vestas, porque teñen competencias exclusivas en industria.

E, claro, dicíamos —porque así nolo trasladaban os traballadores de Vestas— que era necesario que se convocara xa esa mesa industrial. E nós urxiamos ao conselleiro que convocara esa mesa, porque era el o competente para convocala, e díxonos: ¡claro!, é que convocala, claro, non vai ir o Goberno central.

Miren, tres reunións da mesa industrial, nas tres sentado o Goberno central, (*Murmurios.*) ese, ese. ¡Claro! O Partido Popular facía de vidente, dicía que o Goberno central non se ía sentar nesa mesa industrial. ¿Sentouse ou non se sentou? Nada máis.

Pero, imos ver, señor Tellado, o Goberno central ten a máxima colaboración para coa Xunta de Galicia para resolver este conflito. Pero sexamos coherentes: ¿quen ten as competencias? A Xunta de Galicia. Polo tanto, exérzanas. É que todo é botar balóns fóra; todo, todo, culpa do Goberno central. Non, señor Tellado, é que, por desgraza, na nosa comarca estamos moi acostumados a que se pechen tantas e tantas empresas nas que a Xunta de Galicia puido



facer moitísimo máis porque esas empresas non pecharan. Polo tanto, ese plan de reindustrialización que nós pedimos aínda é máis acaído hoxe, máis ca nunca, porque levamos doce anos vendo como se pechan e pechan constantemente empresas na nosa comarca.

Polo tanto, nós dabámoslle oportunidade ao Partido Popular de que amosara ese apoio aos traballadores de Vestas na comisión da pasada semana. Votamos por puntos, e deixámoslle votar o primeiro punto por separado, pero no segundo, que era o plan de reindustrialización, que é unha medida que urxen os traballadores a medio e a longo prazo, o Partido Popular votou en contra.

E non quero pasar por alto na miña intervención facer unhas consideracións ás declaracións que fixo onte, tras a celebración da mesa industrial de Vestas, a conselleira de Emprego, mesa industrial na que estivo sentado o Goberno central e na que estivo proactivo, pero as competencias para buscar ese investidor son da Xunta de Galicia. E fixo unhas declaracións moi pouco afortunadas e que fallan á realidade dos feitos. Vemos que non debe ser nada novo ultimamente na Consellería de Emprego falsear a realidade. Declaracións feitas por un membro do Goberno galego, que non nos olvidemos que é quen ten as competencias para poder arranxar o problema de Vestas, xa que, por un lado, como dicía, é autoridade laboral e, por outro lado, ten as competencias exclusivas en materia industrial. E dicir, por boca da conselleira, que están francamente decepcionados co papel que está a xogar o ministerio a través da Dirección Xeral de Industria nesta mesa é ter moitísima cara. ¿Como estarán entón os traballadores de decepcionados coa Xunta de Galicia, que non fai nada por solventar este problema? E tamén con que non fixera absolutamente nada na procura dun comprador, cando é competencia da Xunta de Galicia.

E foi aínda máis aló afirmando que o ministerio non ten interese en manter a actividade de Vestas. Pero ¿quen se cre a conselleira de Emprego para facer estas declaracións de que o ministerio non ten intención de manter os postos de traballo de Vestas? O que non ten intención ningunha é a Xunta de Galicia. É máis, a conselleira, abriu a porta e dixo que parece que existe algún tipo de conflito de intereses e que este é o que leva a que haxa conversas fóra da mesa industrial en apoiar dun modo directo ou indirecto a estratexia de Vestas por parte do ministerio. Pero ¡que papelón! Pero ¿que broma é esta? Se é a Xunta de Galicia a que ten as competencias, é o Partido Popular o que se permite o luxo de falar de conflito de interese. É que isto é xa o colmo dos colmos.

Polo tanto, a colaboración do Goberno do Estado, toda, cando lle dixemos ao conselleiro que convocara a mesa para buscar unha solución e a finais de setembro lle dixemos que se ía sentar o Goberno central, e aí estivo; estivo onte tamén na busca dese investidor.

Pero, polo tanto, eu o que lle digo é que, se teñen as competencias, as exerzan, que están moi ben os slogans de apoio aos traballadores de Vestas, pero vemos como despois o único que fan é botar balóns fóra, porque na iniciativa que traen hoxe vostedes aquí, de apoio aos traballadores de Vestas, pouquiño: o punto 1.a). O resto é botar balóns fóra e botarlle as culpas ao Goberno central en algo que vostedes, coma min, saben que non é competencia do Goberno central. ¿Que o Goberno central ten que colaborar coa Xunta de Galicia? Dende logo. ¿Que así llo trasladamos dende o PSdeG? Sen dúbida. E aí está o Goberno central con esas medidas.



Pero, polo tanto —repetimos—, o que piden os traballadores, por un lado, como medida urgente: esas medidas de apoio para tomar o expediente de regulación de emprego, que aí a Xunta de Galicia ten competencias. Aquilo que nos pedían a nós que fixeramos co expediente de regulación de emprego en Alcoa páganos agora vostedes con Vestas.

O outro día o propio señor Tellado falaba de que a empresa estaba actuando con mala fe. Pois mire, doulle un conselliño: dígalle á Xunta de Galicia que por aí tiren, polo argumento da mala fe, para poder tomar o expediente de regulación de emprego.

E, por outro lado, unhas medidas a medio e a longo prazo é ese plan de reindustrialización para a nosa comarca, para a comarca da Mariña, e isto é o que piden tamén os traballadores e a comarca da Mariña. Polo tanto, non entendo ese bloqueo constante a este plan de reindustrialización que serviría para fortalecer a nosa comarca, como tampouco entendo ese voto que fixo o Partido Popular en contra cando foi o debate do estado de Autonomía, no que o PSdeG lle propoñía unha proposta de transacción a unha das propostas do Grupo Parlamentario Popular para que tentáramos entre todos que a fábrica téxtil de Altri se instale na nosa comarca, e vostedes, o Partido Popular, votaron en contra.

Polo tanto, moito apoio de boquiña para a comarca da Mariña e despois os seus deputados pola comarca da Mariña non son quen nin de vir aquí defender esta iniciativa, porque é moi frouxiña, e de apoio aos traballadores de Vestas nada ten. Polo tanto, pasen deses slogans aos feitos, porque os traballadores da comarca da Mariña llelo agradecerán.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

A verdade é que son vostedes ben atrevidos e ben atrevidas, téñenche ben de atrevemento. 26 de outubro, día de hoxe, despois de votar en contra o día 20, hai menos dunha semana... *(Murmurios.) (O señor Castro García pronuncia unhas palabras dirixidas ao señor presidente.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CASTRO GARCÍA: —Grazas, señor presidente, moi ben—. Hai seis días votaron en contra *(Murmurios.)* —tranquilidade, así me gusta— de calquera iniciativa que lle supuxese un esforzo real á Xunta, votaron a de apoio porque evidentemente non poden votar en contra do apoio, votaron en contra dun plan de industrialización e emprego para A Mariña, e van o 26 de outubro, a uns días de nada, de que 115 persoas queden na rúa e veñen aquí falar de



Pedro Sánchez, do Goberno estatal, que, ademais da metade das cousas —non son eu o que teño que dicilo— que lle dixeron xa as fixo o Goberno estatal, e veñen falar da estigmatización do sector do eólico.

Pero, imos ver, se vostedes sustentan un goberno que non conseguiu nada, pero nada, a nada absoluta. E, entón, ¿vanlle dicir a toda esa xente que está a uns días de que a boten á rúa que se van a rúa porque o sector do eólico, meu pobre, está moi estigmatizado? É que, a ver, sabemos que así a cariña moitas veces é de formigón, pero, ¡por favor!, non insulten a xente, porque os están chamando idiotas. (*Aplausos.*)

E logo, ademais, onte houbo unha reunión moi importante, que era vital, a verdade, e ¿que novidades temos da reunión de onte? A novidade é que a empresa é moi mala, é mala, malísima, por suposto, é mala malísima, e que pena, que non hai tempo suficiente para que haxa unha alternativa, que non lle dá tempo á Xunta porque a empresa é mala malísima. Mira ti, ao mellor por iso é importante que gobernen máis os gobernos democraticamente elixidos, aínda que non nos gusten, que as empresas.

Pero o peor é que, claro, vostedes están moi cómodos e moi cómodas con isto. E están comodísimos e comodísimas porque crearon o marco legal que lles permite ás empresas facer isto, e logo, cando hai que actuar, pois ¡ai!, ¡ai!, é que a empresa non me deixa, é que a empresa non me dá máis tempo, claro, porque non lle interesa, non pode facer máis.

Entón, vólvollo repetir, igual que o día 20: ¿vostedes para que están aquí? Porque sustentan un goberno que ten —e volvo dicilo— as competencias exclusivas en industria. Entón, quizais dános igual que governe este goberno, o grupo que sustenta o Goberno, que que governe por exemplo, o partido Iberdrola. ¿Ou será que xa goberna? (*Aplausos.*) Non sei, iso deixámolo para outro día.

É que nos queda mellor encomendarnos ao Espírito Santo. Quizais por iso, cando acabamos onte de manifestarnos cos traballadores, acabamos no Obradoiro, porque din que mentres queda a esperanza, din que a esperanza é o último que se perde; pois aínda queda algo de ilusión. Porque o peor e o máis triste é que os traballadores e traballadoras e todo o comité de empresa teñen cero esperanza en que a Xunta poida facer algo por isto. E non llo di Daniel Castro, deputado do BNG, nin o Bloque Nacionalista Galego, dinllo os propios traballadores e o propio presidente do comité de empresa. E iso que di é o triste, que uns traballadores aos que van botar á rúa teñan cero esperanza no seu propio Goberno. E así estamos, que eu xa llelo dicía o outro día —ben, falaba noutros termos—, e aquí falouse moitísimo de que neste país a Xunta de Galiza se converteu na maior ETT de Galiza.

E eu véñolles facer outra proposta —xa o anunciei o outro día—. Eu penso que ETT non tanto, eu diría máis portal inmobiliario das empresa. E é que, facendo unha metáfora que ten moito de real —e tristemente ten moito de real—, vostedes soben o país á web e véndena por cachiños, por parcelas, e póñenlles todas as facilidades ás empresas para que veñan facer de Galiza o mesmo que cun piso de estudantes, igualito. Porque vostedes veñen aquí, póñenlle todo o piso de estudantes á empresa, que é Galiza, aí as empresas pásano moi ben, moitas delas ensucian moito, e despois o ano que vén vanse.



O problema, o problema (*Murmurios*)...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CASTRO GARCÍA: —Grazas, presidente, así me gusta—, é que o curso seguinte non veñen novas empresas, senón que aquí o que queda é paro, desindustrialización, e queda reto demográfico, crise demográfica. (*Aplausos*.) E cando se pechan as empresas queda crise demográfica, esa que non se resolve só mandando parir. Quizais ao mellor cunha industria forte, ao mellor, quizais, ao mellor a xente vai traballar aí e pon as súas familias aí e ten máis fillos e deciden telos, ao mellor, pero ao mellor son tolerías que se nos ocorren a nós.

E o resumo, o triste resumo é que, se nos poñemos a comparar, Fotocasa ou Idealista ao seu lado son uns principiantes, e mira que fan tropelías, mire que Fotocasa e Idealista fan tropelías, pero o problema é que aquí quen o paga é o noso país e en concreto a comarca da Mariña, que de pagar desindustrialización sabe bastante. E, ademais, unha comarca que leva vendo como o Goberno de Feijóo —xa llelo dixen o outro día— é unha lacra obxectivamente para a comarca da Mariña, porque supuxo máis perda de empregos directos en industria que a totalidade dos gobernos anteriores: 1.000 empregos directos en doce anos relacionados coa industria, e oxalá que non veñan eses 1.500 que poderían estar en camiño, espero que non.

Logo o problema é que o BNG odia a industria, odia a empresa, quere pechar absolutamente todo, todos os parques eólicos. Pero imos ver, que vostedes son os campións en peche de empresas, xa llelo dixen o outro día, todos os Nobel, teñen o Guinness World Records en pechar empresas, polo menos na Mariña, e neste país hai uns cantos, ¡eh! Non lles vou repetir todos os nomes de todas as empresas, que hai para unhas cantas. Pero, detrás deses nomes, hai persoas, persoas que perderon o seu posto de traballo, o seu xeito de gañar o pan, e ao mellor esas persoas xa non están na comarca, casualidade.

E isto ten que ver logo co que din sempre, de que a súa ideoloxía é Galicia, Galicia, Galicia, e por cuarta vez Galicia, e eu creo que non. Eu sinceramente creo que non, (*Murmurios*.) creo que non, creo que non. Porque vostedes teñen unha ideoloxía moi clariña, moi clariña, aínda que a queiran esconder; chámase neoliberalismo, e encima exacerbado, e iso ademais, o neoliberalismo, que é o causante de que se pechen estas empresas polo xeito de gobernar que teñen, é o que lles impide ese xeito, esa ideoloxía que vostedes teñen, votar en contra de cousas que son tan tolura, tan social-comunista-bolivariana, como que as empresas, os proxectos industriais que se asenten no noso país teñen que garantir que as subministracións e a construción se faga no propio país. ¡Que loucura, que loucura, que medida tan socialcomunista e perigosa! E iso non é co Galicia, Galicia, Galicia, iso é porque vostedes son uns neoliberais de libro, e esa é a razón.

Porque, claro, se levasen a cabo estas medidas, eses amigos cos que se fan apertas xa senlleiras pois ao mellor se enfadan; entón, aí chega o problema, que teñen que gobernar para os seus amigos de Iberdrola.

Pero, vendo que son así, eu polo menos lles diría: déixense aconsellar, porque, como se soe dicir moito nesta cámara, malo será que a oposición nunca diga unha medida que valla a



pena, que sexa acertada. Déixense aconsellar e voten a favor dun plan de industrialización e de emprego para A Mariña, neste caso consignando unha partida orzamentaria propia nestes orzamentos.

¿Ou o caso é que na Mariña non fai falta e en Ferrolterra si?, que por suposto que fai falta. Porque, se non, a nós obríganos a pensar mal, eu de verdade que non quero pensar mal, e non creo que sexa porque lles gusta máis Ferrolterra ou A Mariña, pero é que teño que pensar mal e pensar que quizais a única diferenza entre o plan de industrialización de Ferrol e un plan de industrialización para A Mariña é que no nome do de Ferrol pon ao final estatal, e como no da Mariña non pon estatal e non podemos golpear ou facer relato co Goberno estatal, pois ao mellor iso é polo cal non o votan a favor.

Porque ao final dálles igual a xente, o único que queren é gañar o relato e a batalla das notas de prensa, e empregar os problemas do noso país para sacar beneficio para o seu propio partido, e isto é o único que os move, sexan ou non as competencias exclusivas, que por suposto que o son.

E é por iso que rexistramos estas emendas. Primeiro, porque non queremos insultar os traballadores e as traballadoras, e, segundo, porque ao mesmo tempo damos alternativas para os problemas de agora, para resolver o do presente e sobre todo para os que veñan no futuro e para que isto non volva pasar.

E para unha cousa que é certa casualidade, ¿non? Queremos que vostedes manden máis, queremos que vostedes como Goberno, como grupo que sustenta o Goberno, manden máis, e que as decisións que afectan este país non as tome un señor en Pittsburgh, en Dinamarca ou na Cochinchina. Queremos que o Goberno que sustentan mande máis.

E, para rematar, dúas cousas. O primeiro, que espero vernos o 14 de novembro na folga xeral na Mariña, que por algo se realiza —non o sei, ¡que casualidade!—, e, segundo, que recorden que cando traen estas iniciativas aquí están falando de xente que perde o seu traballo, e é xente que, como ben din, non son bestas, son persoas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señor Castro, a folga na Mariña é o día 17, non o 14, e por suposto que estará o Partido Popular de Galicia. *(Aplausos.)*

Mire, deuse por aludido —e fixo ben—, porque me refería exactamente ao seu partido. Non se pode estar todas as mañás pedindo a paralización de todos os parques eólicos de Galicia e pola tarde poñer a camiseta de Vestas pedindo que os traballadores que fabrican aerox-



radores teñan traballo, porque pola mañá o que lles din é que non teñan traballo. Non se pode seguir facendo tanta demagogia. *(Aplausos.)*

Mire, a petición do plan de reindustrialización da Mariña, que vostedes comparten co Partido Socialista, porque, total, son un apéndice do Partido Socialista, non é máis que unha cortina de fume, unha cortina de fume para diluír as responsabilidades políticas do Goberno de España, que vostedes apoian.

¿Sabe cal é o noso plan industrial para A Mariña? Manter aberta Alcoa e manter aberta Vestas. *(Aplausos.)* Súmense a iso dende o seu partido, e dende o Goberno de España.

Mire, señor Castro, ¿cal é o modelo enerxético do BNG?, porque non nos queda claro. O que nos queda claro é que non hai un modelo enerxético. Mire, están en contra das térmicas, e vostedes apoiaron o seu peche. Están en contra do eólico, e organizan manifestacións alí onde poden en contra do eólico. Están en contra da eólica mariña, están en contra das centrais hidroeléctricas. Vostedes non teñen un modelo enerxético, vostedes están en contra de todo e a favor de nada. Esa é a realidade e a gran mentira do Bloque Nacionalista Galego.

Señora Otero, ¡vaia papelón!, esa é a realidade. Mire, se pecha Alcoa, o único responsable será o Goberno de Pedro Sánchez, se pecha Alcoa o único responsable será o Goberno de Pedro Sánchez; non se equivoque, levan vostedes gobernando tres anos e tres anos sen solucionar un problema que vostedes se comprometeron a resolver.

Mire, ¿sabe cal é o problema de Alcoa? ¿Sabe cal é o problema de toda a industria galega? Non é un problema industrial, é un problema enerxético. Eu son da comarca de Ferrolterra, é que Megasa está traballando pola noite porque non poden pagar a factura da luz se traballan en xornada de mañá. ¿E quen é o responsable? O Goberno de España. Esa é a realidade.

Mire, vostedes están abocando ao peche un montón de empresas, non galegas, de toda España. Mire, para producir, as industrias electrointensivas teñen que pagar un prezo en España de 125 euros/megavatio; en Francia, 51, e en Alemaña, 87. Son vostedes os maiores destrutores de emprego que existen no noso país; non se equivoquen; os responsables de que a industria electrointensiva teña todos estes problemas son vostedes. A vostedes traizoounos o subconsciente, vostede di que o Goberno central non ten competencias, é así, o Goberno central non ten competencias en industria. Non, equívocase, o Goberno central é un incompetente en política enerxética, señora Otero *(Aplausos.)*, ¡un incompetente!, e por iso estamos nesta situación.

Di vostede que o Goberno central está sentado na mesa industrial. Efectivamente, está sentado e de brazos cruzados, porque non aportou ningunha proposta para resolver o futuro de Vestas nin puxo recursos enriba da mesa para que Vestas continúe traballando en Viveiro, nin puxo recursos para buscar unha empresa que se faga cargo da planta e que poida seguir a actividade.

Nós pedímoslle a ese goberno incompetente, que vostede representa hoxe aquí, que actúe igual que fixo en Castela e León, exactamente o mesmo. ¿Ou é que en Castela e León si tiña competencias e aquí non? Pero ¡non lle tomen o pelo á xente! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Vostede cre que pode volver á Mariña con este tipo de argumentos?



Mire, eu teño a sensación de que estes partidos da oposición pretenden converter o peche de Vestas en Viveiro nun problema local, ou como moito nun problema comarcal, para eludir as responsabilidades do Goberno central. (*Murmurios.*) Non se equivoquen: este non é un problema local; claro que afecta a Viveiro e a toda A Mariña, pero Vestas non marcha de Galicia, Vestas marcha de España por culpa da política enerxética e industrial errática dun goberno que non ten credibilidade.

Estamos vendo todos os días como grandes multinacionais cancelan proxectos de investimento no noso país, e, mentres isto ocorre, ¿vostedes que fan no PSdeG-PSOE? Veñen aquí, soben a esta tribuna e como non queren que Ferraz se poña en contra do seu proceso de primarias, veñen aquí defender todo o que fai ou non fai o Goberno de España. ¿E por que? Ben, porque están máis preocupados do seu que preocupados do que verdadeiramente importa.

Se Alcoa non ten solución, é porque o Goberno de España non pon unha solución enriba da mesa, porque Alcoa xa tivo o mesmo problema hai anos, ¿e que facía o Goberno de Mariano Rajoy? Negociar unha solución, conseguir un prezo competitivo para a industria electrointensiva e as empresas non marchaban. ¿Que fai o Goberno de Pedro Sánchez? Nada. Ten vostede razón, señora Otero: o Goberno de España é irresponsable, o Goberno de España non ten competencias, non, é incompetente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas, señor Tellado?

O señor TELLADO FILGUEIRA: Si, eu creo que quedou claro que non aceptamos as emendas dos grupos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de D^a Teresa Egerique. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha defensa, ante a Unión Europea e a Organización Mundial do Comercio, para frear a proposta de prohibir determinadas subvencións á pesca.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de D^a Olalla Rodil.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o dereito ao aborto no Sistema público de saúde

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa do señor Bará.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dezoito deputados/as, sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de D. Julio Torrado.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a re-versión ao sistema público da titularidade e xestión do servizo de transporte sanitario terrestre e a mellora das condicións do seu persoal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar o Servizo Público de Emprego e impulsar políticas activas de emprego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Miguel Tellado.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e Bloque Nacionalista Galego.

(Unha señora deputada solicita a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Si, ¿perdón?

(Unha señora deputada solicita a votación por puntos.) (O señor Tellado Filgueira rexeita a petición.)

O señor PRESIDENTE: Non lla acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co expediente de regulación de emprego da fábrica de Vestas, en Viveiro, e coa transición enerxética.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

E continuamos coa orde do día, neste caso o punto terceiro, interpelacións.



Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Hai unha alteración na orde do día, que xa foi comunicada.

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego respecto da transparencia informativa da situación sanitaria dos centros de atención residencial para persoas maiores

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Hai unhas semanas celebramos o debate da Autonomía neste parlamento, onde o presidente galego informou de que o 92,7 % da poboación galega susceptible de recibir a vacina xa tiña a pauta completa, converténdonos na primeira comunidade autónoma en nivel de pauta completa de vacinación. Este feito é directamente proporcional ao número de vacinas que chegan dende o Goberno de España no marco europeo.

O refraneiro popular, que é sabio, di que é de ben nacido ser agradecido. O presidente galego, ao contrario, prefire confrontar en vez de coordinar esforzos no medio dunha crise sen precedentes, e, lonxe de agradecer o esforzo do Ministerio de Sanidade e do Goberno de España, atribúese o mérito aplicando unha vez máis a política de «eu invito e ti pagas», porque Feijóo xoga a calumniar dicindo que as vacinas non as pagou o Goberno. Mal se é por descoñecemento, mal se o sabe e o fai consciente. (*Aplausos.*) Pero a realidade é que as vacinas as pagou o Ministerio de Sanidade con fondos propios europeos, e a aplicación subministrouna o equipo de magníficos profesionais da nosa sanidade pública nas comunidades autónomas; e en Galicia eses mesmos profesionais que eloxian de boquiña pero, mentres tanto, seguen a suplicar ao Goberno galego unha mellora das condicións laborais para non ter que marchar fóra de Galicia traballar noutras comunidades autónomas.

Grazas, entre outras cousas, ao bo desempeño da vacinación no noso país, hai uns días Galicia saíu da emerxencia sanitaria. Non obstante, os datos de contaxios ou falecementos — que os houbo — nas residencias de maiores desapareceron da web oficial da Xunta dende polo menos máis de cinco meses. Non entendemos os motivos e agardamos que nolos aclare hoxe a señora conselleira.

A transparencia do Goberno galego é unha tarefa pendente, que preocupa —e moito— á cidadanía, porque cando o pobo deixa de estar informado perde liberdade, e cando perde liberdade as decisións son condicionadas. Vostedes teñen o poder, señora conselleira, e como tal teñen o deber moral de facer unha política responsable. Ao longo da pandemia tiveron a indecencia de mentir cando falaban da porcentaxe de residencias de maiores libres de coronavirus, manipulando conscientemente os datos, metendo os centros de discapacidade cando falaban de residencias. O presidente galego sabe que o collemos nun renuncio neste sentido e no debate da Autonomía xa non se atreveu a falar só de residencias de maiores e nomeou



tamén explicitamente os centros de persoas con discapacidade, porque sabe e ten claro que falando só de residencias de maiores os datos non son para presumir, non son bos. E mestura uns e outros porque a baixa incidencia dos centros de persoas con discapacidade o compen-san. Pero a baixa incidencia de casos nos centros de persoas con discapacidade non foi casualidade senón froito dun esforzo de recursos e de persoal que supuxo un sobrecusto de máis de 1 millón e medio de euros só nas 37 entidades, por exemplo, de Fademga; sobrecus-tos que a consellería non quixo asumir a pesar de tratarse da súa competencia e de ter re-cursos para iso.

Señora conselleira, ¿vai escoitar estas entidades encargadas dos centros de discapacidade e cubrir os sobrecustos?, ¿si ou non?

O presidente galego adiantou no debate da Autonomía un pouco sobre o modelo residencial, o novo modelo de alto segredo do que a Xunta non fala pero leva anunciando máis dun ano. Deu comezo textualmente así: «comezando nun punto de partida que xa era sensiblemente superior ao da maioría das comunidades, lograremos situar as residencias galegas como lí-deres absolutas a nivel nacional no coidado das persoas maiores» —pecho comiñas—. E lembro o Informe do Consello de Contas de Galicia, que descubriu como dende o ano 2010 a Xunta diminuíu as inspeccións de centros de maiores escandalosamente ou tamén como Ga-licia descompensaba o modelo residencial galego cun incremento de prazas privadas exa-xerado respecto da media estatal, e graves irregularidades en canto ao rateo profesional, entre outras moitas cuestións.

Tras isto, o Consello de Contas deixou plasmado no informe de 2017 unhas conclusións e sobre todo unhas recomendacións específicas para a Xunta de Galicia. Recomendábaselle á Xunta que para atender as necesidades asistenciais crecentes incorporase máis prazas pú-blicas residenciais ao sistema de servizos sociais de Galicia. ¿Cumprírono? Non. Recomen-dábaselle á Xunta dotarse de persoal suficiente e dos medios necesarios para cumprir os prazos de espera para ter unha praza nunha residencia en menos de seis meses, e non como está acontecendo en máis de catrocentos días. ¿Cumprírono? Non. Recomendábaselle á Xunta a necesidade do incremento de efectivos de inspección de servizos para reforzar a supervi-sión dun sistema privatizado que escapa do control. ¿Cumprírono? Non. Recomendábaselle incluso algo moi concreto: incrementar as prazas públicas mediante a total ocupación das prazas existentes na residencia pública do Carballiño, e nin iso fixeron.

Pero é que, ademais, a Fiscalía entregou hai uns días, a través do fiscal superior de Galicia, un informe que alerta da necesidade de incrementar o presuposto público e aumentar o gasto privado do conxunto de residencias galegas para mellorar a calidade das residencias de maiores en Galicia. Nun contexto marcado pola privatización de prazas, ¿como é posible saber se o sector privado inviste o suficiente ou non se somos a segunda comunidade que menos técnicos de inspección temos para supervisar as condicións nas que se atopan as re-sidencias en Galicia?

Dito isto, o presidente da Xunta veu aquí a semana pasada contar aos galegos e ás galegas que no ámbito das residencias en Galicia somos os mellores. ¿Quen mente entón, señorías: o señor Feijóo ou o Consello de Contas e a Fiscalía? (Aplausos.) Non o entendemos.



Señorías, se algo nos ensinou a pandemia, é que sería un antes e un despois en moitos aspectos das nosas vidas. A pandemia veuno cambiar todo e tamén a lanzarnos unhas advertencias ao conxunto da sociedade. Advertiunos da masificación das cidades e o abandono do rural. Démonos conta cando a cidadanía nos tivemos que confinar, a maioría en pisos de non moitos metros cadrados, facéndonos reflexionar na calidade de vida que se ten segundo o lugar onde se viva e con iso o custo que tivo o abandono do rural.

Pero outra das cuestións coa cal a pandemia lle abriu os ollos á sociedade foi a reflexión do tipo de coidados que reciben as persoas maiores, e por iso a urxencia dun novo modelo de coidados, e máis tendo en conta que a deriva da pirámide poboacional tende a formar cada vez máis fogares unipersoais, case trescentas mil persoas que viven soas en Galicia, que a medida que cumpran anos nacerá unha necesidade asistencial. Moitas desas persoas viven ou vivirán en soidade non desexada e seguen a agardar polas promesas non cumpridas polo Goberno galego. Señora conselleira, ¿para cando medidas reais de calado para as persoas que viven en soidade non desexada?

O certo é que dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos tempo solicitando dúas cuestións de xeito reiterado: os datos de contaxios de covid e falecementos por cada centro residencial e a información explícita e detallada sobre o novo modelo de coidados ou o novo modelo residencial.

No primeiro, en canto aos datos de contaxios por cada residencia, non se nos deu acceso de ningunha maneira. O Goberno galego censurou a nosa capacidade como representantes da cidadanía de saber datos fundamentais para avaliar o contexto, e censurando non só os datos senón impedindo a propia comisión de investigación sobre o acontecido nas residencias. Censuran a información non para a persoa que lles está a falar senón para os galegos e galegas que teño a honra de representar e que son tan dignos como os que poden representar vostedes, señorías do Partido Popular.

Pero o que máis chama a atención é o feito de que hai polo menos máis de cinco meses o Goberno galego nin sequera publica os datos globais en residencias. ¿Por que? ¿Terá que ver con que os datos foron variando ao longo do tempo, nunhas ocasións mellores e noutras peores, pero que xustamente os meses omitidos aos galegos foron datos que non reflectían unha incidencia boa por parte da covid en Galicia? E así o amosaron os datos e as gráficas que puidemos atopar, si, nos datos do ministerio. *(A señora Ortega Otero mostra un documento.)* Esta é a gráfica dende o número total de residentes confirmados en covid e falecidos por covid dende a finalización do proceso de vacinación. Este xustamente, estes datos destes meses corresponden á ausencia de datos por parte da Xunta de Galicia á cidadanía. Aquí pódese ver na gráfica como a incidencia é superior nestes meses. O certo é que dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos insistindo moitísimo nestas cuestións e tememos que que agoche os datos se deba a que os datos pois ao mellor non son tan bos e non poden facer que o Goberno presuma deles.

No caso do novo modelo de residencias, a conselleira aquí presente xa anunciou moitas veces en moitas portadas que xa existía ese traballo, e, unha vez máis, o presidente galego anuncia ese traballo e di que chegará nas vindeiras semanas —pero non se fagan ilusións, porque



non dixo cantas—. Ademais, o presidente galego indicou, en canto ao modelo de residencias, que se implantará un cadro de mandos a nivel autonómico para seguir en tempo real a situación de todas as residencias. Só desexar que funcione mellor que os rastrexos cando foi por parte da Xunta na covid.

E temos que facer unha pregunta neste sentido. Queremos que nos explique este punto, señora conselleira, e saber tamén se con iso van desistir das recomendacións do Consello de Contas e as novas propostas de incrementar os técnicos de inspección.

Ademais dos medios, soubemos que a Xunta ensaiará o uso de robots para coidar maiores nas residencias. Pero non somos os primeiros, aquí hai precedentes, e amoso aquí o que foi o titular. *(A señora Ortega Otero mostra un documento.)* Anuncio neste sentido: «A Xunta ensaiará o uso de robots para coidar persoas maiores en residencias», e non foi a primeira; foi un precedente, unha copia de Castela-León: *(A señora Ortega Otero mostra un documento.)* «*Copito, el robot inteligente japonés que cuida ancianos, llega a las residencias de Castilla y León*».

Señora conselleira, con todos os respectos, se este é o novo modelo que pretendemos aportar para os cuidados dos nosos maiores con todos os respectos, creo que están equivocados. E, textualmente, dende a Federación Galega de Familiares...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora ORTEGA OTERO: ...indican a esta proposta que rozan o delirio. E, señora conselleira, se o novo modelo vai encamiñado neste sentido, os galegos pensarán que este goberno non entendeu absolutamente nada do que pasou tras a pandemia. Déixense de robots, poñan máis persoal...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ORTEGA OTERO: ...con mellores condicións laborais, falen co sector, coas familias e cos usuarios e empápanse de realidade.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señora Ortega, non lle vou negar que me sorprendeu de verdade a súa interpelación. Pensei que quizais se tratase dunha iniciativa rexistrada hai meses e que decidira recuperala para



este pleno. Pero non, vexo que esta interpelación a redactou hai unhas poucas semanas para trasladar no día de hoxe.

O recordo de todas as persoas que faleceron en Galicia por mor da covid-19 vainos acompañar para sempre. *(Aplausos.)*

Pero creo, de verdade, que o seu intento de reavivar polémicas artificiais, que xa foron desmentidas ducias e ducias de meses, non é responsable, señora Ortega. E dígoallo de verdade, con todo o cariño que sabe que lle teño. Hai dous aspectos do texto que rexistrou e que me chaman realmente a atención.

Fala no texto da interpelación de protocolos de evacuación aquí en Galicia, unha das primeiras comunidades autónomas a nivel nacional que puxo en marcha as residencias integradas; lugares específicos onde coidar, tratar e curar as persoas maiores contaxiadas. E ademais nese texto escribe unha frase certamente curiosa. Estean atentos: «a chegada das vacinas por parte do Estado no marco europeo»; unha frase que menciona quen pagou as vacinas, a Unión Europea, e tamén quen as enviou a dezasete destinatarios, que son as comunidades autónomas; un labor importante sen dúbida que fixo o Goberno central.

Pero no texto non menciona nin tan sequera quen puxo as vacinas, que foi a sanidade pública das comunidades autónomas. E dado que aquí neste Parlamento de Galicia facemos política autonómica, eu de verdade creo que non sobra unha vez máis recoñecer o traballo, o esforzo e a adicación dos centos e centos de profesionais que participaron na campaña de vacinación da covid-19. *(Aplausos.)*

Os equipos de vacinación en Galicia lograron unha proeza: que dez meses despois de que se comezase o proceso de inmunización nunha residencia todos os maiores estean xa inmunizados e contén ademais con esa terceira dose de reforzo. É unha moi boa noticia, que marca o inicio da fin da pandemia sanitaria.

O núcleo da súa pregunta é a información sobre os positivos en residencias. Mire, señora Ortega, a día de hoxe, tanto agora como no inicio da pandemia, toda Galicia pode saber cantos positivos por coronavirus hai en cada residencia de maiores en Galicia, en cada residencia de persoas con discapacidade. Son os únicos lugares para os que se dispón desta información xunto cos centros de ensino. Se houbo un gromo nun centro comercial, se houbo un gromo nunha fábrica, se houbo un gromo na sede dun partido político, non se publicaría, pero nas residencias si. Parécenos unha información que segue sendo relevante e por iso continuamos dándoa. E insisto, unha vez máis: todos os galegos e galegas, dende as súas casas, poden saber en que residencias de Galicia hai positivos. E así leva ocorrendo dende marzo do ano 2020. Incluso no momento con menos impacto da covid, que é o momento actual, Galicia achega datos con máis precisión, con máis claridade e máis periodicidade que o propio Goberno central no momento máis duro da pandemia.

Agora vostede dime que non lle gusta a forma en que publicamos os datos, que prefere outra forma, que quizais sería mellor vía web. Eu sinceramente, señora Ortega, creo que son discusións que realmente non preocupan nestes momentos ás familias. Porque ás familias o



que lles interesa é que dende o levantamento da emerxencia sanitaria xa poden visitar sen restricións os seus familiares —tan só, iso si, e recomendámolo— pedindo cita previa.

Aos nosos familiares e aos maiores o que os preocupa agora é que xa poden saír á rúa, xa poden tomar o aire, xa poden saír a tomar algo e facelo sen límites, e tamén que todos estes maiores poden vivir agora con tranquilidade, porque os profesionais das residencias somé-tense a cribados periódicos.

Dende o recordo a todos os que nos deixaron, Galicia quere avanzar. E neste último ano demos unha lección de sentidiño ao mundo enteiro. Dentro dun ano eu non sei como estaremos pero espero e desexo que esta pandemia sexa xa cousa do pasado. Espero que os fogares galegos xa recuperasen a súa situación económica de antes de todo isto e espero de verdade que os servizos sociais sigan avanzando grazas ao maior investimento autonómico da historia en materia social: 927,4 millóns de euros para o próximo ano 2022.

Espero tamén sinceramente, señora Ortega, que o Partido Socialista non siga repetindo a mesma pregunta que levamos respondendo de forma ininterrompida dende que comezou a pandemia en marzo de 2020.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, a verdade é que me chama moito a atención que unha conselleira de políticas sociais nunha comunidade autónoma neste contexto de pandemia descoñeza que o investimento das vacinas foi por parte do Ministerio de Sanidade *(A señora Ortega Otero mostra un documento.)*. ¿Como non sabe ese dato vostede como conselleira? ¡Pero que irresponsabilidade é esa! ¿É por descoñecemento ou é consciente do que está dicindo e faino para danar? Porque as dúas cousas son negativas.

Sanidad confirma que la inversión en estos fármacos, en concreto en las vacunas, les ha recortado el presupuesto en un 17,4 %, señora conselleira. Grave. Deixen de xogar con estas cousas que non benefician nada neste contexto a cidadanía, só prexudican; teñan responsabilidade, non mintan e non falten á verdade por escapar da súa responsabilidade. (Aplausos.)

E fala das familias, fala das familias, señora conselleira. Pero o que ten que falar é coas familias, non falar das familias. Falar coas familias que están esperando a que fale vostede con elas porque teñen moitísimas propostas e, por certo, están que trinan con esas novas medidas do robot Copito, ou como o queiran chamar, para coidar as persoas maiores. É totalmente unha indecencia e unha irresponsabilidade falar das familias cando nin sequera se reúne con elas.



E outra cuestión. Fala dos datos, que xa temos os datos. Dígolle neste caso á señora Rodil que xa nos mandara a Google a señora conselleira tanto a min como á señora Rodil, e seguimos sen atopar os datos. Non sei se a señora Rodil os atopou, pero eu desde logo non. Di que non, a señora Rodil tampouco. Pois non sei, a señora conselleira di que os datos están, estarán na nube ou non sei onde, pero non sei onde.

Señora conselleira, vostede botará as culpas agora na segunda intervención —que seguro que non defrauda— ao Goberno, como fai sempre. E é unha lástima porque as competencias están aquí e leva unha consellería moi dura, moi dura, porque as competencias nunha materia tan sensible e no medio dunha pandemia é moi duro xestionalas —recoñézollo—, pero tamén é moi gratificante se se fan as cousas ben, con sensibilidade e traballando sen agardar que lle veñan de fóra xestionar as súas propias competencias, que ten aquí.

En residencias as competencias —repítollo por se logo fala do Goberno— están aquí antes, durante e despois da covid. E o presidente galego e vostede, señora conselleira de Política Social, son os máximos responsables cando se censura con esa cara, sen pestanexar, dicindo que os datos xa se facilitaron. Pero ¿como é posible que diga iso á nosa cara cando sabe perfectamente que non se facilitaron e gastamos todas as vías posibles regulamentarias, e aínda así non se nos deu o dereito que temos non nós, senón as persoas, os cidadáns galegos e galegas que representamos? (*Aplausos.*) Son vostedes os responsables. Censuraron tanto o presidente, o señor Feijóo, coma vostede, señora conselleira, que se fixera aquí unha comisión de investigación sobre o acontecido nas residencias de maiores durante a pandemia. ¿Por que? ¿Non queren saber ou non queren que saiban os galegos e as galegas?

Vostedes omitiron os datos de contaxios e falecementos por cada centro de atención residencial, que o solicitamos unha e outra vez —repito—. Vostedes están desvirtuando e terxiversando a transición cara a un novo modelo de coidados con este tipo de propostas, con este tipo de propostas que xa comentei, o do famoso robot, a tecnoloxía mal empregada; repito: (*A señora Ortega Otero mostra un documento.*) a Xunta ensaiará o uso do robot para coidar maiores en residencias. Os maiores en residencias o que precisan é máis persoal e con mellores condicións laborais, non robots, señora conselleira. (*Aplausos.*) Por aí van equivocados.

Vostedes, o Goberno galego, non están falando co sector, coas traballadoras, coas familias; en definitiva, non están comprendendo que é o que precisa o sector. Non é máis robótica, senón máis recursos humanos e mellores condicións. Porque a pandemia lanzounos outra advertencia: a tecnoloxía nunca substituirá o contacto cara a cara, nunca substituirá unha mirada, nunca unha caricia, nunca un sorriso. Soubémolo perfectamente cando estivemos confinados, porque, por moito que falabamos polo teléfono ou videoconferencia coas nosas familias, nunca será como estar cara a cara, ter un abrazo das nosas familias.

Señora conselleira, vostede ten que ser a encargada de advertir ao señor Feijóo de que a tecnoloxía non substitúa a calor humana, que continúa transformando as residencias de maiores neste sentido sen aumentar os recursos humanos, así como alonxando por certo o persoal sanitario da cidadanía a través do uso exaxerado de citas telefónicas agora no Sergas, en que unha persoa, por certo administrativa, decida sobre a derivación da nosa doenza, se nos ten que atender o pediatra, o doutor ou a enfermeira, e se ten que ser de forma presencial ou



non. Por moita tecnoloxía pero pouco persoal, señora conselleira, Galicia non é Matrix, baixen á realidade, empápanse dela para poder optimizar os recursos de todos os galegos e as galegas cara a un novo modelo de coidados óptimo e á altura das circunstancias, e, sobre todo, humanizar o contexto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Peche da interpelación, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, señorías.

Señora Ortega, o Goberno central elabora as estatísticas a nivel nacional da covid-19 nas residencias de maiores a partir dos datos que as comunidades autónomas facemos públicos, comunidades autónomas como Galicia. ¿Será acaso ou estame vostede dicindo que os seus compañeiros do Goberno central, do Partido Socialista, teñen acceso a un Google distinto ou a un Google mellor que o seu? Porque os datos están e as estatísticas tamén están publicadas.

Mire, señora Ortega, hai un político que chegou a ser vicepresidente dun goberno socialista e que agora volve ser tertuliano, volve ser columnista e tamén volve ser tuiteiro que dicía moito que había que politizar a dor. Sempre me pareceu —a verdade— unha frase extremadamente tétrica, porque a dor hai que curala, a dor hai que tratala e a dor hai que intentar superala pouco a pouco. Pero politizar a dor significa aproveitarse do doente para sacar un puñado de votos, non significa axudar esa persoa a saír adiante. (*Aplausos.*)

Poucos comportamentos políticos me parecen máis reprobables que ese. Eu estou segura, plenamente segura, de que ningún dos partidos políticos que están aquí nesta cámara quere facer política coa dor. Eu estou segura de que vostede ten unha inquedaanza sincera pola transparencia informativa. Por iso eu dígolle que aquí en Galicia a transparencia foi total dende o principio á fin, e non foi transparencia total por obriga, senón que a transparencia foi total por convicción. Fixémolo por respecto ás familias, porque cremos que é unha información de interese público e que ademais nunha situación de emerxencia sanitaria merece estar á disposición da xente.

Puido seguirse coa máxima periodicidade a evolución da pandemia centro a centro, os novos contaxios, as curacións e tamén, desgraciadamente, os falecementos. Intentamos facelo conxugando os dereitos de todas as partes: dos residentes e das súas familias, dos centros residenciais e tamén da cidadanía no seu conxunto.

A partir dos datos que a Xunta de Galicia deu coa máxima periodicidade elaboráronse — como dicía — as comparativas a nivel nacional, que revelan que Galicia foi unha das comunidades autónomas da Península onde menos dano fixo o coronavirus nas residencias, o cal non significa que non fixese dano.



Agora, señora Ortega, creo sinceramente que todos merecemos mirar cara a adiante, porque o merecen os usuarios das residencias de maiores e de residencias de discapacidade, e todos os seus seres queridos, que despois de moito tempo volven durmir tranquilos. Meréceno tamén os traballadores e as traballadoras das residencias, que afrontaron de xeito admirable unha situación na que non había manual de instrucións. E meréceo tamén, señora Ortega, toda a cidadanía galega, e cremos que a súa vontade se debe de respectar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspéndese a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.


Suspéndese a sesión ás sete e quince minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pardo López, Adrián	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cahafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonso, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. García Vidal, Ana Belén	(P)	65. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
28. Gómez Salgado, Carlos	(P)	66. Santos Costa, Manuel	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Sanz Arias, Cristina	(P)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Seco García, Martín	(S)
31. López Sánchez, Rosalía	(P)	69. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Ortega Otero, Marina	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Lago, Noelia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

